




RAIGAME

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓN POPULARES

Maio de 2022

nº 48



REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓN POPULARES

índic

páx. 5

páx. 6

páx. 14

páx. 24

páx. 32

páx. 38

páx. 54

páx. 62

páx. 68

páx. 74

páx. 86

páx. 94

EDITORIAL

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN. POETA E NACIONALISTA

Emilio Vega Rodríguez

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN: CLAVES POÉTICAS

Delfín Caseiro

A CASA DE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Antón Dobao

VANGUARDISMO E TRADICIÓN EN BEBEDEIRA

Julio Pérez Vega

O LÉXICO VALDEORRÉS NA OBRA DE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Francisco Cobo Rodríguez

AS DECISIVAS CONEXIÓNS CÓRGOMO-BARCELONA

Anxo Baranga, Lito Caramés

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN. HISTORIA GRÁFICA

Eva Piay Fernández

A LÚA, BRANCA PASTORA

Celia Rey

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN, POETA VALDEORRÉS NO EXILIO MEXICANO

Ricardo Gurriarán

VIEIROS CUMPRE CINCUENTA ANOS

Ricardo Gurriarán

O MACROTEXTO POÉTICO EN GALEGO DE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Miro Villar

Portada: diseño de Gustavo Docampo



REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES

Dirección **Xulio Fernández Senra**

Secretaría **Fco. Javier Álvarez Campos**

Coordinadores **Ricardo Gurriarán
Gustavo Docampo**

Icono Raigame (contraportada) **Tomás Vega Pato**

Coordinación xeral **Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo F.**

Edita



Deseño e Realización infográfica **disigna edenía**

Impresión **Imprenta Deputación Provincial Ourense**

Dep. Legal **OU - 75/95**

I.S.S.N. **1136-3207**

Todas aquelas persoas que teñan
interese en publicar artigos ou traba-
llos nesta revista poden dirixirse a:

RAIGAME
Aptdo. 484
Tlf. e Fax 988 317 880
32080 - Ourense
ccpxaquinlorenzo@depourense.es
www.ccpxaquinlorenzo.es

Revista de distribución gratuíta pre-
via subscripción no correo electrónico
anteriormente indicado.

Tódolos dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou
representación dos textos, ilustracións e fotografías están reser-
vados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solici-
tude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

Despois de numerosas iniciativas promovidas durante as dúas primeiras décadas deste século XXI para que se recoñecese a súa figura, o poeta valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán foi designado pola Real Academia Galega para conmemorar o día das Letras Galegas de 2022. A obra poética de Florencio Delgado Gurriarán compéndiase en catro volumes. A calidade artística dos seus poemas, xuntamente coa permanente actividade de promoción da cultura e da lingua galega que levou a cabo na súa terra natal en Valdeorras, Córrego e o Barco, e máis tarde dende o exilio mexicano, fai que este galeguista traballador incansable a prol de Galicia, a súa lingua, a súa cultura e as súas xentes, sexa merecidamente homenaxeado o día máis destacado da cultura galega. Raigame nunca estivo allea á figura de Florencio Delgado Gurriarán e dende 2001 foi publicando diversos artigos que estudan a súa biografía, a súa obra literaria e a súa actividade como editor e promotor da cultura galega no seu exilio en México, artigos que incluímos neste número especial xuntamente con

novas aportacións que afondan en dous aspectos fundamentais da vida do poeta de Córrego: un, a súa obra literaria marcada pola terra que o viu nacer e na que os temas principais sempre son a paisaxe, os seus paisanos e a identidade cultural; e dous, o seu compromiso social, político e cultural, que se manifesta en primeiro lugar coa súa militancia galeguista e republicana na etapa previa á guerra civil española e máis adiante no exilio mexicano, onde foi protagonista destacado na xestación de proxectos político-culturais como foron as publicacións *Saudade*, *Vieiros* ou *Cancioneiro da loita galega*.

Ao exaltar a figura de Florencio Delgado Gurriarán o Día das Letras Galegas do ano 2022, a Real Academia Galega ademais de destacar o valor do seu traballo, está, ao mesmo tempo, recoñecendo a importantísima aportación á Cultura Galega por parte da Galicia exterior e do colectivo de republicanos exiliados do que Florencio Delgado formou parte durante os escuros anos da ditadura franquista.



O SOÑO DO GUIERO

Florencio M. Delgado Gurriarán

EDICIÓS DO CASTRO
opúsculos de poesía

3


Florencio Delgado Gurriarán

POETA E NACIONALISTA

Emilio Vega Rodríguez

Florencio Delgado Gurriarán (Córdoba, Vilamartín de Valdeorras, 1903- Fair Oaks, USA, 1987), a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas de 2022, é un poeta dunha non moi extensa obra literaria. Esta componse de dous libros, *Bebedeira* (primeira edición Editorial Nós, 1934) e *Galicia Infinda* (primeira edición Editorial Galaxia, 1963); así como de diversos poemas soltos recollidos en *Cancioneiro da Loita Galega* (primeira edición Partido Galeguista, 1943, reeditado por Edicións do Castro 1996); tamén dúas recompilacións ampliadas: *Cantareñas* (primeira edición composta por *Bebedeira*, *Valdeorras* e *Dionisias*, Edicións do Castro, 1981, edición ao cargo do Instituto de Estudos Valdeorreses) e *O Soño do Guieiro* (primeira edición Editorial do Castro, 1986), así como participación en *Poesía inglesa y francesa vertida o galego* (1946, reeditado por Editorial Galaxia, 2005).

A poesía de Florencio Delgado Gurriarán ten unha depurada expresión lingüística sometida a unha continua revisión, non só na busca da verba máis precisa, tamén dun galego



**Recorte de
A Nosa Terra,
núm. 271.
A Coruña,
1/05/1930, na
que se dá conta
da constitución
da Irmandade
Galeguista
Valdeorresa
e a súa xunta
directiva, sendo
Florencio delegado
vocal de Córdoba.**

Arquivo: Ricardo Gurriarán
Rodríguez. Santiago

go máis fiel e depurado. Seguindo canónica biografía de Ricardo Gurriarán (*Florencio Delgado Gurriarán: vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*, Edicións do Castro, 1999), Florencio -militante nacionalista dende as Irmandades Galeguistas de Valdeorras (1930) e do PG dende 1933- con-

**Cancioneiro Da
Loita Galega,
edición facsimilar
de Ediciós do
Castro de 1996**



sideraba o idioma galego parte fundamental da identidade galega como pobo e polo tanto como un instrumento de loita política para a súa constitución como Nación. O idioma “lo conservaremos [...] y lo recuperaremos en lo poco que se haya perdido” (entrevista realizada a Florencio Delgado Gurriarán en Ciudad de Guadalajara, México, por Dolores Pla, os días 23, 24 e 25 de agosto de 1979. Consultada en liña).

Florencio Delgado parte da militancia activa como nacionalista para elaborar a poesía como expresión da Patria Galega. Observa Galiza, a realidade que ama, obxetivízaa e vaina enchendo de cores, definindo a paisaxe, ríos, árbores, os paisanos e os seus traballos, música, cultura, mesturando as cores como un pintor diante un lenzo: a natureza fundida cos homes como expresión diferencial da Patria. Esta visión poética de Florencio Delgado non é a Galiza realmente existente, senón a idealización dos elementos que ao seu entender a constitúen. A “humanización”, o hiloísmo,

o “bucolismo” son só instrumentos plásticos, como parte das cores do cadro para ensinar o obxecto. Mais esta visión da Galiza non é estática, vai cunha evolución parella á súa militancia no Partido Galeguista e os cambios políticos do mesmo, dende o culturalismo de *Bebedeira* até a poesía política de guerra e combate do *Cancioneiro da Loita Galega*.

Católico, liberal demócrata e republicano (“liberal de libertad y de derecho a elegir [...] siempre fui un hombre republicano [...] galleguista ante todo”. Entrevista en México) manifestarase a través da súa obra como un “intelectual orgánico” do Partido Galeguista no sentido gramsciano do termo. Elabora unha totalidade poética como instrumento de defensa da lingua, da cultura, de Galiza como nación autodeterminada: a súa poesía tenta a transformación cultural e política da sociedade civil galega cara a unha nova hexemonía nacionalista, e polo tanto con unidade dialéctica segundo as diferentes coxunturas do PG. Interpretando a idea de A. Bóveda “... o galleguismo é a plasmación d’un ideal Patrio...”.

Florencio Delgado desenvolve a súa primeira poesía na súa comarca natal de Valdeorras, no marco dunha sociedade agraria moi politizada e un importante núcleo nacionalista (a comarca de Valdeorras é o núcleo forte ourensán do PG, despois da Cidade). No seu primeiro libro, *Bebedeira*, (fundamentalmente poemas editados en *A Nosa Terra* e o *Heraldo de Galicia de Otero Pedrayo*) a influencia culturalista tan querida do nacionalismo da época e das Irmandades da Fala nótase grandemente. A paisaxe, os homes, a terra son manifestación da Patria ideal, bucólica e dionísica mostrada con brillantes e claras cores nun impresionismo poético. O que ve o poeta é a Galiza Ideal, nun marcado idealismo patriótico, unha combinación dun formalismo (neotrabadorismo na liña de Bouza Brey, romances, cantos populares, etc.) e dun simbolismo



Folla voandeira dos galeguistas convocando o 24 de maio de 1931 un mitin no Barco co gallo das Eleccións a Cortes Constituintes que terían lugar o 28 de xuño e no que participarían Victor Casas, Leuter González Salgado e Ramón Otero Pedrayo.

Arquivo: Antonio Hervella Martínez. O Barco

de elementos patrios (lingua, castiñeiros, música, toponimia, etc.). Afiliado ao PG no ano 1933, a súa participación no PG, con Risco e Otero Pedrayo na liña do PNROU, influíu na súa liña poética. Pendente das ideas risquianas nun período de unidade e asentamento das ideas nacionalistas, a poesía de Florencio Delgado non podería deixar de ser unha arma da cultura cara a concienciación para construción da Nación. Realmente estes trazos da súa poesía han de ser unha constante en Florencio Delgado, incluso despois da adhesión o republicanismo democrático e progresista de Castelao.

GUERRA, REPÚBLICA E NACIONALISMO

A II República e a Frente Popular significou un cambio no PG e na vida e obra de Florencio Delgado. A adhesión do PG á FP pon en primeiro lugar o gañar a guerra, conservar a República, único medio de garantir as liberdades democráticas e a autodeterminación da nación galega. FDG implícase directamente na defensa da República como Tenente do Exército Republicano (1938), militante de Socorro Rojo (1938) e afiliado á UGT. Isto significará que o Juzgado Militar Especial de Incautaciones



Segundo García Núñez, avogado da Portela (Vilamartín de Valdeorras), líder do Partido Galeguista en Valdeorras, asasinado no Bibei en setembro de 1936. FDG dedícalle un poema do libro O soño do Guieiro

no 04/02/1937 decretase a incautación de todos os seus bens e propiedades (La Región, 06/02/1937). Participando en tarefas organizativas, colabora coa súa obra en revistas como "Nueva Galicia", órgano oficioso do PCE (edición facsimilar por Edicións do Castro, 1997). Os seus poemas

FESTA DE SANT-YAGO DIADA DE GALIZA

¡Yrmans, loitade pol-a GALIZA grande!. Redimir a GALIZA e obra da xuventude y-o agro. ¡Loitade xuntos pol-a libertá da nosa terra!.
Xuntos tamen lembremos a CURROS

A EMIGRACION

Cando nas noites de luar caladas
Via unha estrela pol-o ceo correr
Decía miña nai, c'as maus dereitas:
¡Dios te guíe con ven!
Desde entón, cando vexo q' un galego
A terra deixa onde infelis naceu,
Y-achego busca n'outras prayas, digo:
«Guíete Dios» tamen.

Non-o culpo coitado non-o axo,
Non pido pragas nin castigos pr' el,
Nin de que é dono de coller m'esquezo
Pr'onde lle conviñer.

Que aquel que deixa seu natal currunchu
E fóra d'os seus eidos pon os pés,
Canto troca o seguro pol-o incerto,
Motivos ha de ter!

Preguntáille, e diravos que sin rego
O milleiral, o lume sin cardés,
Sin herba o gando e sin traballo o home
Non se poden manter.

Diravos, si, que pouco canto gana,
Pr'as arcas d'o señor e pr'as d'o Rei,
Fai un mes que non comen cousa quente
Os fillos y-a muller!

E diravos que porque d'us destrales
Mercón n'unha ocasión na poucos bés,
Xoróull'o crego non lle dar sagrado
Si chegar a morrer!

Y-havos decir que lonxe, alá moi lonxe,
Aléndeo mar q'o vai tragar tal ves,
Si libertá, si pan non logra, santa
Tumba terá xiquer.....

¿Quén sodes vos, chorosos niquitates,
Ruís louvadores d'un Poder cruél
Que as alas d'ouro d'un espírito libre
Agrilloar querés?

¿Por virtú de cal pródiga promesa,
En nome de que Dios, nin de que lei
Querés que aquel que á morte condenastes
Non fuxa si podér?

¿Que lle ofrecedes n'a nativa terra
Ese que á cruzar vai mares de fel?
Resinación? Con ela non se come...
Fé? Non lle basta a fé!.....

Correde o velo que a Xusticia encubre!
Dálle traballo, liberdad, saber.....
¡Non e dina d'os ocos de seus fillos
Pátria que non os mantén!

Dicen que como o Miño, e noso povo
N'a terra quer morrer;
Pero o sono d'o río é sasegado
Y-o d'este non-o é.

O río ten un leite muldiño,
Perfumado de rosas é crabès,
Tamén tiña outro o povo, mais vendéronllo,
Y- agora non-o ten.

Deixáino qu'o adiquira donde poida!
Deixáid'o gafo Job c'o fol á res
Buscar o muladar onde s'espilloe
Sanarí?... Pode ser.

A civilización y-as anduriñas
D'unhas terras prás outras van é ven
Querer que non emigren e matálas
O mesmo ven á ter.

A XUVENTUDE AUTONOMISTA O Barco. Sant-Yago, 25 - 1930

Folla voandeira de 1930

Arquivo: Antonio Hervella
Martínez. O Barco

convértense nunha arma política directa, poesía de guerra, democrática e nacionalista. Florencio abandona o seu simbolismo poético e formalismo culturalista para adoptar un ton aberto, limpo, directo: "poesía de loita galleguista... (a poesía debe representar)... a emoción e o pensamento e idea do poeta...". Lembranza de Alexandre Bóveda (*Alexandre Bóveda*, "mais ao dal-o teu sangue, ti soupeche/ martir e loitado, trunfar da morte..."); loas aos guerrilleiros (*Un Guerrilleiro*, "por Galiza, morreu coma un valente"), defensa da lingua, loas á Unión Soviética e a simboloxía comunista, crítica -el, católico- do papel da Igrexa, crítica

cas ao ridículo personaxe de Franco e a Falanxe ("Mais che valera, coitado,/ ir facer garda aos luceiros", alusión irónica a morte no himno da Falanxe), unión con Portugal... Como diría R. Cabanillas na súa introdución ao libro *Cancioneiro da Loita Galega*, "... un agoiro de redención da nosa terra". Este período da súa vida marcará a súa obra e existencia no exilio mexicano. A súa obra deste período está recollida en *Cancioneiro da Loita Galega*, editado en 1943, preparado polo propio Florencio e baixo o patrocinio do PG en México, e no cal publica cinco poemas de *Nueva Galicia*. Baixo a Declaración de Principios de "Galiza unidade cultural" (lingua, arte...), "Galiza Pobo Autónomo" (Autodeterminación e forma Goberno Republicano), Galiza comunidade cooperativa e Galiza célula de universalidade (antiimperialismo, federalismo internacional e pacifismo). Ideario fundamental do PG no seu Programa dende o Congreso de Pontevedra do 06/12/1931 e que FDG, elaborador do libro, plasma no seu preámbulo.

EXILIO MEXICANO. POLÍTICA E CULTURA

A derrota das forzas democráticas e de esquerda vai significar o exilio e un corte político fundamental. Primeiro como asunción da derrota militar e despois na reconstrución e loita política contra da Ditadura militar. Únese a isto o esfarelamento dos partidos democráticos, os seus continuos enfrontamentos e desconfianzas. Así, no ano 1940, Florencio asiste á constitución do grupo do PG en México con vitalidade organizativa. Continúa coa súa loita política

ca participando na Irmandade Galeguista (1941), Consello de Galiza como órgano representativo do fidecomiso do Goberno Galego (15/11/1944), Galeuzca (en México 22/12/1944) sempre defendendo a liña política do PG marcada por Castelao, fronte ás diverxencias do sector máis conservador do mesmo (López Durá, Breñaña...), e o entriso de seu amigo L. Soto (como intentos de control polo PCE). Mantén tamén a loita cultural coa participación na constitución da revista *Saudade* (pódese consultar en liña), *Vieiros* (edición facsimilar A Nosa Terra, 1989, sendo promotor e director na primeira época, abandonando a raíz do seu enfrontamento con L. Soto, 1959), ou no *Padroado da Cultura Galega* (1953), que mantén nos seus inicios o ideario do Partido Galeguista sinalado anteriormente ata o seu control pola Comisión galega do PCE da mau de Luis Soto. O seu contacto cos restos do PG no interior e o grupo piñeirista significará a edición de *Galicia Infinda* na Editorial Galaxia, a través da súa amizade con F. del Riego. É moi significativo que a reedición da súa obra sexa na Editorial do Castro igual cas súas obras posteriores e non na Editorial Galaxia: o culturalismo de Galaxia coa súa proposta de "rexurdimento espritoal do noso País" estaba lonxe do pensamento político de Florencio Delgado. Fronte ao abandono do PG e a acción política, o presentar a posibilidade unha saída monárquica ao franquismo, Florencio segue a manter a idea democrática de unidade do nacionalismo, antifascismo, República e federalismo.

EXILIO MEXICANO. NOVA OBRA

Galicia Infinda escrita no exilio mexicano contén poemas escritos entre os anos 1942 e 1958, a maioría na década dos 40. Publicados maiormente na revista *Saudade* (primeira época 1942, 1943, segunda época 1952), *Vieiros*, *Nosa Terra*, *Lar*, etc. Significa un retorno á poesía iniciática de Florencio




As revistas *Saudade* e *Vieiros* foron dúas das iniciativas editoriais das que Florencio Delgado Gurriarán foi partícipe durante o seu exilio en México

Delgado, acentuando o carácter rítmico e musical. Libro máis maduro que *Bebedeira* cun

perfeccionamento da lingua e na construción dos poemas, máis elaborados. A poesía perde parte do seu carácter idealista e alegórico, e dende a lonxanía, coa esperanza do retorno (aínda esperanzador nos anos 40 e principios do 50), dende a "saudade" da Patria posíbel, márcalle un aire máis melancólico, de lembranzas, de intensidade máis telúrica. As cores e trazos

son máis intensas, as pinceladas máis nítidas e pausadas, menos alegres e festivas, signo dunha madurez poética. *Galicia Infinda* é pois unha continuidade da loita política do seu primeiro libro nunha coxuntura política diferente, coas esperanzas de cambio político na Galiza.



Florencio Delgado segue a manter a poética e a simboloxía nacionalista, "Nosa Galicia é mais que toda a terra..." pois "Galicia é infinda...". Non ten fronteira pois tamén está no exilio, coa "Vía Láctea é camiño que leva a Compostela". É a Patria Ideal non lonxana ("Córgomo de Valdeorras", "A malla"); a terra continúa a ser identifi-



cativa, máis calma, máis profunda, menos bucólica; o viño é máis definitorio, *Casoiro*, menos dionisiaco; a lingua é definitoria da Patria ("Nomes"); o afán do retorno posíbel aflora nos versos "Fai que axiña voltar poda/ouvir, do meu povo, as falas!" (*Prego final a Santa Marta*). Florencio marca a súa identificación no poema *Resposta a Rosalía* "... cantache, nova alborada/ o abrente dun craro día...".

A segunda parte do libro *Poemas Mexicanos* ten seu inicio co poema *Nomes* coa mestura tipolóxica de Galiza e México. "... nomes da tarasca terra [...] nomes, nomes de Valdeorras", que anuncia a nova temática. Acentúase o ritmo e unha musicalidade distendida (*Xacarandá*), cores craras, elementais, nítidas, con pinceladas rápidas dunha cultura que forma parte da nova realidade, nun experimentalismo musical e pictórico. Mais non é unha cultura exótica, allea ("Galicia é mais que toda a terra..."). Non cabe asimilala ou comparalas, cómpre fundilas, *Conto sinxelo*, "... da antiga verde terra/ á nova terra irmá...". Poema de amor, mais que non oculte a Patria real: "sede en min xamais dormida,/ da verde Terra arelada" en *Ai sede na Nova Galicia*. En certa medida, nos *Poemas Mexicanos* supera a contradición entre cultura occidental/ cultura nativa mexicana, sinalada por O. Paz.

POESÍA ÚLTIMA: O SOÑO DO GUIERO

O último libro de Florencio Delgado preséntase como unha "recopilación de toda mi poesía de lucha de combate desde la guerra civil hasta ahora en la postguerra y el exilio" (Entrevista 25/08/1979), recompilación coas conseguíntes modificacións lingüísticas e significativos cambios en certos poemas. Significativamente algúns deles anteriores a 1963 non recollidos en *Galicia Infinda*, pola súa temática política, tales como *Galicia Ergueita* (significativa dedicatoria, "A Curros, poeta da Liberdade", 1958), *Inda Non* (desesperanza ante as liortas e dúbidas das forzas antifranquista, 1945). Mais ao abarcar un amplo período, 1943 a 1982 delinear a evolución do pensamento nacionalista de Florencio Delgado, cun corte moi significativo moi importante a partir de 1968.

O poema pórtico *O Soño do Guiero* (1975) é unha declaración de principios e arelas "guiero noso (Castelao) e ha de ser, o

teu soño, realidade”, nun momento crítico da política española, mantendo a pulsión nacionalista como saída á crise do franquismo (Consultar sobre este poema o periódico en liña *O Sil* do 02/08/2021, O barco de Valdeorras). Pulsión nacionalista e republicana en *Dou ao demo o millor* (1948) “... Eu non quero ditador [...] nin xeneral salvador nin rei de divino dereito...”, a máis manifestamente en *Ranae ad solem* (1948) auténtica poesía de escarnio e maldizer.

O corte sinalado prodúcese en máis poemas do libro, así en varios poemas editados en *Nueva Galicia* entre 25/04/1938 e 09/08/1938, revista oficiosa do PCE (pódese consultar tamén en liña). En *Fora Popes* (1938), unha louvanza á URSS e aos símbolos comunistas, desaparece unha loa aos soviets substituída pola palabra vitoria; en *Amencer* (1938, non reproducido posteriormente) dedicado “A nazón amiga” é un auténtico canto ao comunismo soviético. Tamén no poema *Home pequeno* (1938) Franco desaparece por Fuco, suavizando o significado do mesmo. Cambios pois significativos nestes e outros poemas. Pulsión anti-monárquica corrixida no 1983: “... Don Juan Carlos é Paladín da Democracia e merece a gratitude dos españois...”, no marco da aceptación polos restos do PG da chamada “transición” española e o seguimento de Florencio Delgado a seu novo ideario do Partido.

Unha introdución de circunstancias (datada en 1983) marca o pensamento do autor a partires de finais dos anos 70, nunha poesía de ton gris e plano, perda de musicalidade e carácter poético. Galeguismo democrático e liberal tinguido de certo anti-comunismo, *Ditos do pobo* (1978) ou *De Camisas monocromas* (ver as modificacións en Ricardo Gurriarán, páx. 303); humanismo cristián, *Eu son ineficiente* (1976); crítica social abstracta, *Pregos a Santa Lilaina* ((1979); mantemento das ideas republicanas, mais recoñecemento da monarquía como saída do franquismo (no ano 1981

prodúcese o intento de golpe de estado militar); desesperanza ante a crise do PG na Galiza, abandonado definitivamente polo Grupo Galaxia (Revista *Grial* nº 111, tomo XXIX, 1991), coa súa aposta por Realidade Galega.

A desconexión coa Galiza e os cambios sociais, económicos e políticos producidos a partir do Plan de Estabilización significa unha desanclaxe de Florencio Delgado coa nova realidade e o pulo do nacente nacionalismo popular (UPG, PSG, si comprendida polo seu amigo Luis Soto despois de abandonar o PCE no ano 1963). A idealización dun PG (Ricardo Gurriarán páx.320) máis ca morto a esas alturas, mantén a firmeza ideolóxica e vivencial de Florencio Delgado Gurriarán. Idealismo que acontece ao conxunto dos militantes en alén mar. Idealismo patriótico fronte a culturalismo piñeirista, tal como se pode comprobar no cruzamento de cartas entre Rodolfo Prada e R. Piñeiro (Grial 111), ou no seu epistolario con Valentín Paz Andrade (Consello da Cultura Galega, epistolario). Así pode dicir “En México seremos PG. En México nunca nos disolvimos...” (Ricardo Gurriarán, páx. 326).

Florencio M. Delgado Gurriarán

CANTARENAS

BEBEDEIRA
VALDEORRESAS
DIONISIAS



Ediciós do Castro
poesía



Florencio Delgado Gurriarán:

CLAVES POÉTICAS

Poeta vangardista,
exemplar galeguista e republicano

Delfín Caseiro

A creación literaria de Florencio caracterízase por combinar con habelencia elementos realistas e satíricos, lirismo e denuncia social. Canto á forma, é unha poesía visual, colorista, moi plástica.

A obra poética de Delgado Gurriarán mergúllase na natureza, na terra, e imprégñase do seu vitalismo. A súa cosmovisión integra todos os elementos, personificados e cargados de profundo simbolismo: o sol, o vento, a lúa, a outonía, o ceo, as estrelas, a neve, os montes, as árbores, as plantas, os animais, etc.


O seu amigo e valedor, prologuista de *Bebedeira* (1934), Xosé Gayoso Díaz, sostén a respecto do poemario: “Cos versos de Florencio poderíase facer a máis completa guía da natureza de Valdeorras e aínda unha xeografía do val.”

Poesía de orientación goliardesca, de exaltación dos praceres da vida, que se materializan no viño e na au-

gardente. Delgado Gurriarán é fiel seguidor do excelente matemático e poeta persa do século XI Omar Khayyam: “Porque achegando a todos o meu viño, dou / poder, riqueza, sonhos, amor...”

O historiador Ricardo Gurriarán, parente de Florencio, autor da obra *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista* (1999), subliña na introdución verbo dos valores do escritor de Córrego:

“Valores mantidos en circunstancias adversas, en diferentes solos, en contextos de conxuntura cambiante, (...), en todos os sentidos: aglutinamento, bo humor, especiais condicións para o traballo en grupo, preocupación cultural, antidogmatismo, calma, paciencia, discreción, visión optimista da vida e das cousas, loita contra as iniquidades... todos eles de difícil taxonomización por separado, pero que fan un todo moi peculiar, máis aínda se temos en conta que Florencio os pasaba pola súa particular peneira, dán-



dolle un tinte cosmopolita e moderno, mirando sempre para adiante.”

A obra poética de Florencio Delgado Gurriarán bebe en todas as fontes literarias da época:

- O hilozoísmo ou imaxinismo de Luis Amado Carballo.
- O creacionismo de Manuel Antonio.
- O neotrobadorismo de Fermín Bouza Brey e Álvaro Cunqueiro.
- O neopopularismo de Eduardo Blanco Amor e de Federico García Lorca.
- O virxilianismo ou paisaxismo de Antonio Noriega Varela e de Aquilino Iglesia Alvariño.

- O lirismo cívico-combativo de Manuel Curros Enríquez e de Ramón Cabanillas.

1. QUERENZA POLAS CANTIGAS MEDIEVAIS

A súa predilección pola excepcional lírica medieval galaico-portuguesa maniféstase xa nunha das súas primeiras composicións: “Ai reiseñor (no xeito dos vellos vates)” (1923):

*“Reiseñor meigo que no agro frorido
arrolas cantando ao serán durmido
ouh doce trobeiro!”*

Así mesmo, achamos pezas que recrean e actualizan as belidas pastorelas (encontro da doncela e o cabaleiro nun espazo natural): “Camiño da serra” (*Bebedeira*, 1934).

*“Camiño da serra busco o meu amor,
a bela pastora que me enfeitizou.”*

Florencio é autor dunha fermosa cantiga de cantigas, cargada de forza simbolizadora, que nos traslada a encantados tempos pretéritos: “Ruada” (*Bebedeira*, 1934).

*“O ventinho namorouse
da rosa dunha roseira,
negoulle a roseira a rosa
e o vento fuxiulle co’ela.
O melro, no amañecer,
anda a cantar:
-Ai, ruiña,
conqueriu galán vento
branca rosiña.”*

2. CÓRGOMO, VALDEORRAS, A PAISAXE, O COSMOS

Florencio asina os seus primeiros poemas, que aparecen en publicacións periódicas (*El Heraldo de Galicia*, *A Nosa Terra*), co revelador pseudónimo de Korgomófilo, para explicitar a súa integración plena na vida da localidade natal.

“Córgomo de Valdeorras” (Cantarenas, 1981):

*“Meu Córgomo de Valdeorras
é bocarribeira crara.*

*Por Córgomo de Valdeorras
non anda a Santa Compañía,
porque o bon viño escorrenta
medos, trasnos e pantasmas.”*

A súa poesía imaxinista, hilozoísta, tamén devén amorosa: amor panteísta a canto ten vida ou presenza. Hai optimismo, sensualidade, vitalismo, ledicia, mais non faltan os sentimentos opostos: morriña, saudade, pesimismo.

Os poemas de Delgado Gurriarán son delicados e entusiastas cantares a tres V: o VIÑO, ouro líquido, símbolo da xuventude e da eternidade; a VIDA, en todas as súas dimensións; o VAL fecundo de Valdeorras, terra de excelentes viños.

Poeta báquico, dionisiaco, moitas composicións do poeta valdeorrés lévannos, de maneira directa ou indirecta (simbólica) aos praceres do viño ou da augardente e da sensualidade. No primeiro poema do moi significativo e sensual *Bebedeira* (1934), confesa o creador, á maneira de aqueles monxes goliardos da Idade Media:

*“Teu cabelo é viño branco,
os teus beizos viño tinto,
os teus ollos augardente ...
quixera beberte a bicos!”*

Obsérvase a íntima asociación viño=amor e o intenso animismo que impregna toda a composición.

O poema *“In vino veritas”* (Cantarenas, 1981) resulta unha declaración rotunda:

*“Está, no viño, a verdade.
‘In vino veritas’. Certo.
Fuxirá a falsedade,
vivirá na craridade
quen, de xeito solermino,
de Valdeorras, beba o viño:
Coñecerá, ao recuncar,
que anda a darlle, ao paladar
e á mente, lus e aloumiño.”*




Castiñeiro. Debuxo de Jesús Díaz Ferrer (1922-2017)

O castiñeiro (castiño), a nosa verdadeira árbore do pan ou da vida, é outra realidade natural que fascina ao poeta de Córgomo. Símbolo do decorrer temporal e das cicatrices da existencia, os lonxevos castiñeiros permítenos tocar cos dedos o pretérito remoto. Así se pode constatar no soneto *“Namórame o feitizo do tesouro”*, que aparecera en *Galicia Infinda* (1963):

*“Nin crásico cipestre: xeometría
cincia e lanzal, do reiseñor capela,
mística oxiva, ergueita cintinela
do vello pazo ou da espadaina esguía.
(...)
Namórame o feitizo do tesouro
-fino brocado de candeas de ouro-
enfeite dos petrucios castiñeiros.”*

Esta devoción partillada co admirado amigo e patriarca Ramón Otero Pedrayo (*Devalar, Entre a vendima e a castañeira, A Lagarada*), materialízase en moitas

Florencio Delgado Gurriarán GALICIA INFINDA



O universo poético de Delgado Gurriarán aparece sintetizado na composición “Nomes”, que abre o poemario *Valdeorresas. Cantareñas do Val (Galicia Infinda, 1963)*.

*“Nomes de Micboacan,
son garruleiro e lisgaio:
Tsintsunsan, Paricutín,
Zirabuén, Uruapan, Ario,
Saráracua, Cupatizsio,
Tangacícuaru, Tacámbaro ...
Nomes da tarasca terra,
rechouchío de paxaros!*

*.....
Nomes da beira do Sil
de antergo e de nobre alamio:
Val de Afreixo, Val de Godo,
a Pena da Moura, o Castro,
Porto Mourisco, Baxeles,
Córgomo, Castelo, Arnado,
Outarelo, Millarouso,
Portela, Cesures, Arcos ...
Nomes, nomes de Valdeorras,
doce e sonoro canto!”*

Dicía Otero Pedrayo que os nomes das cousas son as primeiras creación poéticas. Son os nomes da terra acolledora do exilio e os nomes da patria natal e emocional de Valdeorras, en profunda simbiose. A palabra faise agari-

mo en que ampararse da friaxe existencial.

O texto en prosa poética que cerra *Valdeorresas* non pode ser máis sorprendente:

“Retransmitido dende a Nova Galicia, terra de Nova España, onde esmoi lembranzas e atura saudades este valdeorrés.”

composicións: “Romanzo do cabaleiro ourizo, “A traxedia dos castiñeiros: o castiñeiro morto”, “O souto morto”, “As xeiras do castiro”, etc.

A fermosa realidade valdeorresa está enteira nos versos de “Cousas, dez cousas de Valdeorras (no vran)” de *Bebedeira*, con forte carga simbólica da última estrofa.

*“E as coitadiñas arrás
que a volta do rei anceian,
teimosas, pídenlle a Deus
o trunfo das súas arelas.”*

3. POESÍA AMOROSA

O amigo e compañeiro de moitas empresas Lois Tobío define a Delgado Gurriarán como o poeta da delicadeza, puro sentimento.

Os poemas “Enterro” e “No vencello dos meus brazos” (*Cantarenas*) son creacións dun apaixonado cabaleiro ou trovador medieval.

“ENTERRO

Marmaña, marmaña ...

Anguria nos peitos.

Camiño da cova

vai o cadaleito.

.....

Saudosa teoría

antre os castiñeiros!

4. POESÍA CÍVICO-COMBATIVA

O seu compromiso firme coa República e co galeguismo exprésase en textos e poesías que denuncian a opresión e a inxustiza, o centralismo, os caciques, os señoritos, ...

Ricardo Gurriarán recolle un texto de Florencio publicado na revista *Alborada* de Buenos Aires (1931), do que se reproduce a seguir o primeiro parágrafo:

“¿Qué din os rumorosos?

Din que a terra galega, secularmente asoballada e aldraxada por todol-os que asta agora a gobernaron, pol-a fachenda dos habitantes da meseta e, aínda, por moitos desleigados fillos, non pode dar a esquecemento as inxurias de que ten sido vítima. Dinlle ao pobo que desperte do sono en que está mergullado, sono de morte xa que del se aproveitan os seus verdugos.”

O seu chamamento é claro e decidido, tal como se reflicte no “Hino dos Grupos Galeguistas de Valdeorras”, publicado no *Cancioneiro da loita galega* (México, 1943):

*“En pé, barudos mozos da aldea,
xa nasce o sol da nosa liberdade;
en pé, rapaces, que xa alumea
a luz esgrevia da nova idade.
Valentes mozos galegos
xa é hora d-espertar,
de ouvir da Terriña os pregos
e de, por ela, loitar.”*

Hai composicións moi duras, cargadas de ironía, sátira e sarcasmo contra a hipocrisía e as aparencias: “Levan a Cristo por fóra” ou “Ia á misa das doce”. Aparecen publicados no *Cancioneiro da loita galega* co pseudónimo Nadel.



*“Levan a Cristo por fóra,
 levan o demo por dentro;
 a relixión nas camisas,
 do inferno as paixóns, no peito:
 frechas, xugo, escapularios
 -morte, escravitú, amuletos-,
 insignias maldizoadas,
 enfeite de traizoeiros,
 con fachenda de asesinos
 amóstranlle ao mundo enteiro.”*
*“Ía á misa das doce
 e, ‘bon fillo da Igrexa’,
 de pé, como un santiño,
 ouvíaa toda ela.”*

Delgado Gurriarán canta aos loitadores (guerrilleiros) e ás vítimas-mártires da barbarie belicista: “Alexandre Bóveda”, “Morte de Alexandre Bóveda”, “Segundo García Núñez”, “Un guerrilleiro (Antón Arias, “Clavel”)”.

O libro *Poemas pola memoria (1936-2006)*, con edición e introdución de Manuel Fernández Rodríguez, recolle o texto de Florencio, “Morte de Alexandre Bóveda”, que xa aparecera no *Cancioneiro da loita galega* (1943) e no último poemario do autor, *O Soño do Guieiro* (1986):

*“Morte fría, morte moura,
 trunfo da negrura mesta,
 fea morte irmá do crime,
 treidora, entranas de fera:
 ¡teu cortexo de borreiros
 Tróuxonos a noite preta!*

“Os lobos da xente”, que aparece no *Cancioneiro da loita galega*, denuncia con dureza a sanguinaria represión da posguerra na terra galega:

*“De novo, os lobos da xente
 andan ceibes pola terra:
 searas do chan brañego,
 verdes agros da ribeira,
 a beiramar de feitizo
 -Galiza, Galiza inteira-
 das rixas patas dos lobos
 sinten, no chan, a mancela.”*

O ditador, o tirano, é obxecto do escarnio desapiadado do creador de Córrego, que se manifesta desde os mesmos títulos: “As cabalgadas do Farrucón Farruquiño”; “Home Pequeno – Fol de veneno.”

Hai aínda un poema antibelicista e antiimperialista, en clave humorística, no que o autor aproveita para declarar novamente a súa filiación republicana: “Dou ao demo o millor” (“Dixo O que Araba Cos Lobos”).

*“Eu non quero ditador,
 ser libre arela o meu peito:
 nin xeneral ‘salvador’
 nin rei de divino dreito.
 Non máis noxentos ‘mesías’
 -mesmo que sexan de ‘esquerda’-
 agoiros de tristes días
 e das liberdades perda.”*

5. O COMPROMISO COA LINGUA

Grande coñecedor do idioma, Florencio Delgado Gurriarán desenmascara os prexuízos lingüísticos e búrlase, mediante a parodia ou a ironía, dos desertores da lingua e daqueles que a ridiculizan.

Hai composicións que son auténticas leccións de sociolingüística, como este que leva título ben suxestivo: “Carta de Guan de la Era al doutor Nuevo Campito”.

“Falan castelán”, en *Cancioneiro da loita galega*, comeza con estes reveladores versos:

*“O vello cacique
 -quen mo quer mercar?-
 que, dende o seu pazo,
 amola ao paisán,
 FALA CASTELÁN.”*

No ano 1931, publica no xornal *El Heraldo de Galicia* un poema co título “Opinións sobre o galego”, co que comeza unha serie de creacións en que ridiculiza os que abandonan o galego e se instalan no ‘castrapo’.

*“Preguntade a calquer nenño pera
dos que a feixes se atopan pol-as vilas,
qué opinión é a que ten da nosa fala
e diravos axiña:
‘Yo te soy más gallego que cualquiera,
Mas ¡caray! ¿voy hablar cual los paisanos?
¡No en mis días!, yo te soy hombre fino,
No te soy ordinario.’*

A defensa fervorosa da lingua non pode pasar por alto os bárbaros atentados contra a toponimia: “Louvanza á toponimia enxebre (muiñeira sen música da toponimia valdeorresa)”, en *Cantarenas* (1981):

*“Volten a Valdeorras os nomes xenuinos:
Non máis ‘Correjanos’ nin ‘Vega Molinos’;
sin Veigamuiños e máis Correxais,
pois xa os ‘castrapismos’ están por demais.”*

No poema “Pregos ao Nazareno de un valdeorrés emigrado”, conclúe o autor:

*“Achégate máis a eles
pra que poidan, nos seus pregos,
falarche no propio idioma,
non arremedando o alleo.”
E a ironía faise case omnipresente:
“Non sábelo que é froxar,
Nin sábelo que é rousar, ...
¿E chámaste carreteiro?
¡Sonche ganas de falar!”*

A fidelidade incuestionábel á lingua manifestase no seu monolingüismo creativo, nas súas reivindicacións e denuncias sociolingüísticas, nas traducións ao galego desde o francés, o inglés e o español, e nos estudos lingüísticos realizados (un incompleto vocabulario da fala de Valdeorras, un estudo sobre o adverbio, uns apuntamentos preparados para a revista *Vieiros*).

Florencio Delgado Gurriarán expresa a súa preocupación pola pureza idiomática e sinala a necesidade de fixar un rexistro culto, literario, para a lingua. Para iso, entende que o galego ten que se aproximar ao portugués, tal como se recolle nunha entrevista feita no xoranl *Voz de Galicia* do ano 1978:




“E abençoado sexa ese citadino comenzo de estudo e non de invento de verbas, partindo do bon dos bons escritores e tomando como fonte supletoria de coñecimento as obras escritas no galego evolucionado que é o portugués.”

Así o proclama tamén na poesía “*Cantarenas do castro*” (“*Panxoliñas leigas*”):

*“Verdade de ‘Perogrullo’
que compre non esquecer:
Galiza é soio Galiza
inda que o non queira ser.”*

6. ACTIVISMO POLÍTICO-CULTURAL

O compromiso de Florencio con Galicia e coa cultura convérteo en activista e animador político-cultural na Terra e no exilio mexicano. Incorpórase á Irmandade da Fala de Valdeorras no ano 1930 e afíliase ao Partido Galeguista en 1933.



Con estes versos humorísticos, que se fan como un eslogan dos exiliados, saúda Delgado Gurriarán a chegada ao territorio de acollida:

*“Mira, mira, que carallo,
onde viñemos a dar,
a tres mil quinientos metros
sobre do nivel do mar.”*

En terras americanas, segue a vinculación do poeta co Partido Galeguista e co Padroado da Cultura Galega. Participa activamente en diversas iniciativas e empresas:

Revista *Saudade* (*Verba galega das Américas*), escrita en galego.

Cancioneiro da loita galega, con moi relevante colaboración de Florencio Delgado Gurriarán.

Revista *Vieiros*, codirixida por Florencio, Carlos Velo e Luis Soto. Ponte literaria entre os intelectuais do exilio e do interior.

No primeiro número de *Vieiros* aparece un traballo de Marcial Fernández: “A poesía de Delgado Gurriarán.”

7. POESÍA CREOULA OU MESTIZA

Trátase de creacións galego-mexicanas nas que o poeta combina termos das linguas indíxenas -voces nahuateles- con versos galegos.

“Conto sinxelo”, en *Galicia Infinda* (1963):

*“Laídos de huapango,
Atruxos de alalá.*

*.....
Il era un mozo louro,
neto de Breogán;
varudo e forte peito
atanado do mar.”*

8. EPÍLOGO

A última obra que publica Florencio, *O Soño do Guieiro* (1986), retrásase máis de cinco anos por causa do poema antimonárquico “Ranae ad solem”, que escribira moito tempo atrás.

*“-XAN, XAN, XAN,
REI, REI, REI:
Monarca, aínda sen pan!
(Prega a mollada grei)
Fauna de tremesino: Sapos choromiqueiros,
as arrás trapecistas –pulo verde de lama-,
miñocas e aligachas, de tactos lambuxeiros,
que no humus e a turba teñen a súa fría cama.”*

O poema “Taberna (*Augaforte*)”, en *Cantarenas* (1981), resulta magnífico cadro impresionista, expresión da procura da esencialidade lingüística.

*“Ar que se apalpa. Balburdio.
Cbeirume de ‘mataquintos
amarrados pola faixa’,
irtos, éticos, cativos.
Un noxento frorescere
nas porcas táboas do piso:
as brancas rosas do cuspe,
moradas rosas do tinto,
as mouras rosas da lama,
queimadas rosas dos pitos.
Ar que se apalpa. Balburdio.
Bafos de augardente e viño.”*


Xosé Ramón Pena, responsábel da edición e da introducción do libro *Florencio Delgado Gurriarán. Obra poética* (2022), manifesta a respecto do seu legado literario:

“Por máis que o creto de Florencio Delgado Gurriarán teña que ver fundamentalmente, e como xa tivemos oportunidade de expor nos parágrafos anteriores, coa súa inclusión nos lindes da *vanguardia enxebre* [hilozoísmo, imaxinismo], e tamén da lírica xeórxica e dionisiaca, o certo é que, ao longo do seu percorrido vital, Delgado Gurriarán nunca deixou de cultivar a lírica de combate e/ou de intervención.”



REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CARBALLO CALERO, R. (1975): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo, Galaxia.
- DELGADO GURRIARÁN, F. (2022): *Obra poética*. Vigo, Xerais.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, M. (2006): *Poemas pola memoria (1936-2006)*. Santiago, Xunta de Galicia.
- GURRIARÁN, RICARDO (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada, Edicións do Castro.
- MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (1984): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo, Xerais.



**O exemplo dun home bo
que xa non viviría máis en Córghomo**



A Casa de Florencio Delgado Gurriarán

Antón Dobao

Florencio Delgado Gurriarán chega a min en forma de mito, como protagonista dunha narración fantástica e case clandestina. A memoria lémbreme ter escoitado os meus avós contaren a historia dun home extraordinario intelixente e culto, sensible e bo, que por azares da vida tivo que abandonar Córghomo un día dun ano que se perde na nebulosa da historia. Segundo a narración, aquel home, que eu imaxinaba coma unha figura do dezanove tanto nos avíos coma nos xestos e na expresión, amaba Córghomo profundamente e despediuse da veciñanza recitando uns versos de adeus doridos e contrastados. No relato non se falaba de fuxida nin de clandestinidade nin da necesidade de deixar a terra e a xente por salvar a vida. Esa elisión era unha consecuencia das proscripcións que o levantamento de 1936, a guerra e os durísimos anos da represión e das persecucións

deixaron como herdo para varias xeracións. Entre silencio e nebulosas desenfocadas.

Teño pensado, xa pasado o tempo, se o adulto que crecera en min se deixaba enganar polas reviravoltas da memoria e o relato non era exactamente así. Se cadra moitos detalles foran desdebuxándose conforme ía coñecendo algo mellor a figura de Florencio Delgado Gurriarán, a súa amarga (e fílmica) fuxida, e quedarían reconstruídos retrospectivamente na memoria do relato nebuloso de meus avós. Non poderei sabelo, porque o tempo xa escapou con todos eles, aínda que seguen habitando o territorio leal da lembranza. E a esa lealdade me azorro, por moi desenfocadas que cheguen as súas imaxes, para acreditar na certeza nuclear daquel relato fantástico e didáctico que apenas buscaba ofrecer, supoño, o exemplo dun home bo que xa non

viviría máis en Córghomo nin daría compartido, alén do que lle fose contando por carta súa irmá Rocío con dedicación laboriosa e teimuda, o día a día, os traballos, os pesares e as celebracións daquelas xentes tan queridas.

Pasados os anos, reconstruí a imaxe sen nome daquel personaxe fantástico coa realidade coñecida do Florencio con que contactei primeiro nos textos e despois persoalmente, nun breve instante mediado por miña avoa e nun par de intercambios epistolares. E compuxen unha idea do que quedou del como legado, tanto na súa obra literaria coma no seu compromiso humano e político, orgánico, insubornable e sen crebas. Tal é a admiración e o cariño por un home que me levaba sesenta anos e co que apenas crucei un par de palabras; fundábase na aprendizaxe da infancia e na descubri-



**A infancia é unha patria
inexpropiable, non poden
expulsarnos dela**

ta da mocidade. Florencio Delgado Gurriarán e eu mantivemos aquela brevísima relación epistolar xa ao final da súa vida despois de coincidirmos en Córghomo por casualidade: el vivía en México, eu en Lugo. Pero esa breve relación tiña a fortaleza da encarnación humana dun mito instalado na memoria infantil como parte da miña relación emocional con Córghomo. A infancia é unha patria inexpropiable, non poden expulsarnos dela. Tampouco deron expulsado a Florencio, nin sequera os monstros que o botaron fóra da patria material e da nación soñada.

Florencio Delgado Gurriarán é para min un poeta moi próximo. O Córghomo que compartimos, é diverso: o del, o centro do mundo nunha época histórica de esperanzas que

se esfarela; o meu, unha marxe de repouso da vida cotiá en Lugo, na que o tempo se detén e se dulcifica. É o lugar de vacacións, de celebracións comunais, de observación e acompañamento dos ciclos e dos traballos, matanzas, vendimas, podas, sulfatos, patacas, o docísimo sabor das pavías, as cereixas. Un espazo ligado a sons, aromas e sabores que unha cidade coma Lugo non tiña. Dalgunha forma, ese Córghomo que evoca Florencio ten a habilidade de conducirme a un tempo de memoria infantil que todo adulto desexa reconstruír en parte. E ao mesmo tempo é a imaxe certa do que todos os sentidos e a razón, aínda hoxe, tantos anos despois, dan contemplado e degustado. E está tamén esa conexión que só as linguas dan fixado entre seres humanos. Atravesada toda a súa obra unha lingua recoñecible, viva, material (e materialista, tamén, coma o seu patriotismo), cambiante, evocadora. Esa capacidade que unha sim-

ple palabra ten para conectarnos ao mundo e á xente.

Florencio nace como mito, pero encarna humano en canto un adolescente le os primeiros poemas e vai coñecendo o seu drama, a crueldade do exilio e a separación case de por vida, a traxedia dos que alimentaron esta terra co seu sangue e as súas dores, a tristeza do recordo de persoas coma Antón Arias, o Clavel, curmán de miña avoa, de quen tamén teño escoitado historias fermosas e tráxicas e pide a berros reposición e homenaxe. A dureza implacable daqueles anos e dos lobos que mataron a luz e a libértá, como cantou Darío en lembranza e convocatoria de Castelao, o Guieiro do último poemario de Florencio. Así que, o mito deu lugar ao home, como ocorre tantas veces, e o home foi superior ao mito. Entre outras cousas, porque Florencio Delgado Gurriarán é refractario á mistificación; sempre a impide, no meu entender, ese materialismo



**Un espazo ligado a sons,
aromas e sabores**

persistente que cruza toda a súa obra en múltiples direccións. É o triunfo do humano sobre o mítico, do humano sobre o inhumano, da vida sobre a escuridade. Ese materialismo vital e humanista sobre todas as cousas, que atravesa de lado a lado o seu laborioso traballo poético. A súa labranza literaria vai moito máis aló dunha finísima percepción de Córghomo e de Valdeorras como materias primas, que tamén están, pero transcendidas. Córghomo é o mundo e por tanto na poesía de Florencio estamos sempre convidados a descubrir o mundo e o ser humano que o habita e lle dá forma coas súas mans e o seu cerebro, coa súa razón e coas paixóns que o moven.

Na súa poesía, Florencio ofrécenos tres dimensións: a anacreóntica, de exaltación do goce e dos sentidos en relación non tanto coa paisaxe

coma coas intervencións nela do ser humano a través do traballo; a mestiza, en que a vivencia valdeorresa se funde coa mexicana e orixina un encontro intercultural riquísimo e sempre coa experiencia humana no centro do poema e da súa expresión mediada por unha lingua extraordinariamente rica e viva (nada que ver con esa "especie de galego crioulo mexicano" á que alude a Wikipedia). Florencio fusiona dous mundos distantes e convérteos nun novo e orixinal universo poético co home que os experimenta como mediador e (re) creador. En terceiro lugar, a súa poesía cívica, patriótica e de escarnio, que abala desde arreguizos elexíacos aos amigos e compañeiros asasinados, con crúas reflexións sobre Galicia, ata unha entruidesca procesión de versos sarcásticos e acedos que o conectan coa tradición epigramática, coa nosa lírica medieval e cun especial sentido do sarcasmo popular en Valdeorras que se expresa con extraordinaria habilidade lingüística. Estas tres dimensións poéti-

cas son inseparables, conviven harmonicamente, expresan organicamente a existencia a ollos da voz poética. Da razón ao sentimento e do sentimento á razón; da tristeza á alegría e da festa á dor.

Na poesía de Delgado Gurriarán non encontraremos forzas telúricas que nos espavorecen senón unha exaltación vital das pegadas humanas na beleza asombrosa das paisaxes. Mesmo a poesía máis paisaxista en que percorre cunha sinxeleza maxistral as terras valdeorresas expresa con gran intensidade poética a obra do ser humano que a traballa e a modifica. Por iso creo que é necesario falar dunha poesía materialista. Como tamén é materialista a súa relación coa lingua e a súa idea da nación. Nin Galicia nin a lingua son en Florencio unha sublimación idealista nin construcións míticas refractarias ao progreso e á propia historia, coas súa miserias e derrotas, por suposto. Non son lugares comúns antihistóricos. Todo o contra-



**Percorre cunha sinxileza
maxistral as terras
valdeorresas**

rio. Florencio é un poeta antifascista e republicano e o seu galeguismo aliñase coas forzas do progreso, aposa pola Frente Popular e pola unidade, pon a vida en xogo pola defensa da liberdade, intégrase no exército popular tras a súa fuxida a Francia, regresa á guerra por Cataluña, vai á fronte, traballa na tarefa de facilitar a saída dos que resisten o dominio do fascismo, colabora activamente no traslado a México de tantos e tantos derrotados... E en México participa en toda iniciativa cultural e política do exilio republicano e galeguista. Sempre desde a solidariedade, o compromiso e a unidade.

Florencio Delgado Gurriarán é un poeta que reconece o maxisterio dos seus. Pero intenta penetrar alá onde non se penetrara, busca acios baixo

as cepas nun canto báquico do festexo da vida e da intervención humana sobre a terra. Non espera extasiado a que a paisaxe se lle revele nunha especie de encontro místico, acode a ela para comprendela e interpretala. É partidario de baixar ao fondo frío das covas, abrir unha botella de viño e comprender os segredos da existencia e as galerías que cómpre furar para saír no curuto do monte e instalar a nova cidade que non paramos de arelar. O canto de Florencio ao humano e á terra é un canto á vida e a proxección dun desexo de futuro. A súa poesía é humanista e materialista a un tempo.

Florencio é un abalo constante: entre a poesía e a epopea, entre o gozo e a traxedia, entre a vitalidade presente e a melancolía da ausencia. É a dialéctica permanente: Galicia e México, Valdeorras e Nova Galicia, Córrego e o mundo. Florencio é un sorriso franco, unha imaxe de bonda-

de cando mo presentou miña avoa despois de se reencontraren con cariñosas palabras un día de 1981. Delgado Gurriarán acababa de ser nomeado socio de honra do Instituto de Estudios Valdeorreses, pero aquel recoñecemento, promovido polo seu amigo Gayoso, durou máis ou menos un suspiro. Eu non sabía nada; tampouco dos problemas para a publicación do seu libro *O soño do Guieiro*, que talvez se explicaría nunha lealdade a Castelao, firmeza republicana e odio ao fascismo pouco oportunos naquela altura da chamada transición. Tampouco sabía que Florencio era académico correspondente da RAG, non numerario, que era como deixar caer que o exiliado republicano e antifranquista que observaba e expresaba con perplexidade certos reacondicionamentos políticos non acumulaba méritos para unha dignidade reservada a unha facción do galeguismo interior. Aínda que el fose un dos autores máis preocupa-

**A forza xenerosa
da cultura de base**

dos pola necesidade de estandarización, coidado e unidade da lingua e dos máis conscientes da necesidade de ampliación dos seus usos sociais.

Hai algo especialmente doloroso no exilio: a conciencia de que unha parte do ser está escindida, quedou irremediabilmente esgazada. No caso de Florencio, por mor da destrución sistemática do fascismo, material e inmaterial, unha anulación orgánica e sen piedade da lingua, do pensamento, da memoria, da esperanza, da vida mesma, tan profunda que deixou secuelas sedimentadas para varias xeracións. Todo iso, dalgunha maneira lle impide reinstarlase nunha terra aberta ao que el puidese achegar tanto literaria como civicamente. Por moito que intentase manter pontes permanentemente tendidas. Máis alá da calor da familia e algún bo amigo, o seu contacto con Galicia estaba sementado de gabias.

Florencio Delgado Gurriarán necesitou crer na continuidade dun Partido Galeguista que xa deixara de existir; parece case inevitable que con ese esvaeceamento do instrumento político e a súa substitución por un artefacto aparentemente cultural (tamén era político) a figura de Florencio tamén se diluíse no esquecemento, fóra do sagrado, que diría Anxo Angueira,



da elite cultural e política do galeguismo interior que se arremuiñaba arredor de Ramón Piñeiro. Mais non hai nada inevitable nas decisións humanas nin nos cursos das vidas das persoas; hai accións e consecuencias, proxectos e secuelas.

A reinstalación de Delgado Gurriarán no galeguismo interior, que el deseña, quedou pendurada no baleiro, un pouco ao estilo Alonso Ríos e outros personaxes do exilio republicano. Coma ben deles, Florencio tamén é vítima dos sumidoiros da transición e os seus consensos, dos novos repartimentos de sensibilidades culturais e políticas en que participa o galeguismo do interior. *Galicia infinda* publícase en Galaxia en 1963, é certo, pero ata *O soño do guieiro* (1986) transcorre case un cuarto de século. Entristece toda a peripecia do atra-

so da publicación desta obra, da que me di a min en carta xa en 1983 que está para saír; e ademais, o poema "Ranae ad solem", os versos de escarnio dedicados a Franco, etc. O libro en si e o que desvela con toda a verdade descarnada da experiencia galeguista é unha certa imaxe das razóns do esvaeceamento en que vai quedando Florencio Delgado Gurriarán.

Coma calquera poeta, escritor ou, simplemente, ser humano que sufrixe a atrocidade do levantamento fascista e do triunfo da España negra, Florencio Delgado Gurriarán merecía unha rehabilitación cívica tras a morte do ditador e a caída (se é que fora tal) do seu réxime tiránico e totalitario. Pese a aquel acto do Instituto de Estudos Valdeorreses, un pregón das festas do Cristo no Barco



**Morrillo a morrillo,
restaurar todas
as súas pedras**

ou o nomeamento como académico correspondente (non numerario), Florencio non chegou a experimentar esa rehabilitación que lle correspondía en xustiza. Non foi rehabilitado en vida pola cultura oficial. Tivo que vir antes a reparación popular en forma de todas as iniciativas dos seus veciños de Córghomo, inspiradas por Anxo Baranga, en que veñen participando desde hai vinte anos as xeracións máis novas, as que xa non obedecen os convites ao silencio e ao esquecemento, que non necesitan converter en mito a traxedia. Desde o ano 2001, coa proximidade do seu centenario, empezaron a pedir para Florencio a celebración do Día das Letras Galegas, é dicir, o inicio desa reparación formal que a cultura oficial lle debe á súa figura. Era unha condición imprescindible

para que esa rehabilitación se producise. Ocorrerá vinte anos despois, por fin. E será poderosa, porque trae detrás a forza xenerosa da cultura de base, que non parou de tirar para adiante mesmo que topase contra o muro refractario das institucións.

Este Día das Letras Galegas de 2022 axudará, pero quedará en nada se non o acompaña un cambio de perspectiva. Non chegará con cubrir catálogos editoriais con pequenas publicacións que insisten nalgunhas liñas da súa biografía. Todas elas e moitas máis xa están excelentemente ben expostas desde hai anos por Ricardo Gurriarán, o fillo do seu querido curmán Gonzalo, que foi médico de meus avós, un home que tamén merece unha reparación histórica. Esas achegas biográficas son importantes porque axudarán aos nosos escolares e ao público en xeral a coñecer un home en moitos senti-

dos extraordinario. Pero non serán suficientes. A reparación da súa figura esixe a publicación e a difusión da súa obra literaria. As súas obras completas queren edicións eruditas e escolares. Non permitamos que o esvaecemento cristalice coma un sudario sobre a súa obra.

A casa da Cruz onde naceu Florencio representaba para min a fragilidade da vida do poeta no exilio. Una casa grande, co seu portón, o escudo de armas e unha fachada de pedra arxilosa, tan común na arquitectura tradicional de Valdeorras, baleira e en ruínas por dentro. Unha casa convertida en palleira estartelada. Co tempo, souben que a súa casa de verdade estaba uns metros máis adiante. Nela viviu coa familia e nela viviron as súas irmás cando el andou fuxido por Valladolid, Portugal, Francia, Cataluña... E cando se estableceu en México. A esa casa enviaba as súas cartas á fami-



lia, procurando ocultar o rastro dos seus itinerarios, consciente de que un ollo perverso as lía e as estudaba con intencións infames. Supoño que aquelas cartas foron durante algún tempo o pobre alimento que mitigaba, aínda que non a daba curado, a dor da ausencia. Florencio necesitaba saber como continuaba Córgomo nas diversas épocas do ano, coma se quixese confirmar que os seus recordos e a súa lírica eran seres que continuaban vivos.

Teño a sensación, daquela, de que idea da casa é central na vida de Florencio Delgado Gurriarán, e probablemente na de todo exiliado. A casa representa o lugar de acollida, o ideal de protección, a esperanza de felicidade. Na correspondencia que mantén en contacto a Florencio coa familia, a presenza da casa, segundo me ten comentado Ricardo Gurriarán, é insistente.

Talvez por conexión valdeorresa, non o sei, un día Delio Dobao, un tío meu emigrado a Suíza e reinstalado anos despois no Barco, onde abriu un salón de peiteado seguin-

do o oficio do meu avó, seu pai, que ademais de músico fora barbeiro, empezou a falar insistentemente da necesidade de converter a casa de Florencio nun museo do autor. A súa idea, por irrealizable que parecese, sempre a imaxinei como un horizonte se cadra necesario para a rehabilitación plena da figura do autor. Florencio Delgado Gurriarán contaría con ese lugar en que puidésemos encontrarnos coa súa obra, cos seus textos, coas copias das cartas que escribía, coas que recibía, con todo o que quedou despois de el marchar, cos obxectos con que armou a vida e que nolo terían que proxectar sobre o espazo do seu Córgomo e da súa casa querida alegre e acolledor como el era. Ese lugar en que puidésemos enfrontarnos aos silencios que se lle impuxeron, en que aprendésemos da súa rebeldía, da súa loita pola vida, do seu amor, da xenerosidade, da entrega. A casa que permítase ás xeracións futuras, morrillo a morrillo, restaurar todas as súas perdas. A casa en que repousase a súa memoria rodeada de todo o que lle expropiaron cruelmente.

É o triunfo do humano sobre o mítico

Descoñezo se tal proxecto sería hoxe posible. Oxalá. Pero se non houberse lugar a esa iniciativa, este 2022 tería que servir para que Córgomo en si sexa para o mundo a casa cuxas canellas e prazas se convertesen nos salóns e os cuartos que habitará por sempre a memoria inviolable e exemplar de Florencio Delgado Gurriarán.

FLORENCIO MANVEL
DELGADO GYRRIARAN

BEBEDEIRA



Vanguardismo e tradición

en

BEBEDEIRA




Julio Pérez Veiga

Nas primeiras décadas do século XX, poderíamos acoutar o espazo de tempo entre as dúas guerras mundiais, un movemento artístico decididamente innovador vén revolucionar todos os aspectos da arte. Este movemento vai ser designado co termo xenérico de Vanguardas. Responden estas a un clima de desacougo que leva á mocidade intelectual e artística a romper coas vellas concepcións da arte. En síntese, os autores vangardistas reivindicán que a materia artística debe ser un ente autónomo, cunha percepción intelectual da realidade que sexa independente dunha posible identificación do mundo real. A innovación da linguaxe propiciará a ausencia de relacións lóxicas: sintaxe distorsionada, léxico novidoso e imaxes irracionais, mesmo deliberadamente absurdas.

A lírica vangardista galega vai presentar unhas características singulares, froito, na maioría dos casos, da herdanza dos grandes autores do século XIX e principios do XX conxugada coa influencia das novas correntes europeas. Na nosa terra imos asistir ao nacemento de dous movementos enxebres, netamente galegos que non van rachar totalmente coa tradición: estamos a falar do Hilozoísmo e do Neotrobadorismo. O primeiro tivo como principal representante ao pontevedrés Luis Amado Carballo, con dous poemarios de referencia: *Proel* (1927) e *O*

galo (1928); a grande aportación deste movemento ás letras galegas vén dada pola atribución de propiedades intelectuais e afectivas aos elementos naturais e polo cultivo ousado da imaxe que pasará a ser o centro do poema, asumindo o tratamento paisaxístico do século anterior e dos primeiros anos do XX. Estamos ante unha poesía sensual, que combina elementos visuais –a cor viva e rechamante será predominante– e auditivos. O segundo movemento, o Neotrobadorismo, caracterízase por unha liña fundamentalmente esteticista e exenta de compromiso. Vai recuperar algúns procedementos estilísticos como eran o leixa-pren e o refrán, elementos paralelísticos que proviñan da lírica medieval. Mais non se trata dunha recuperación meramente literal: hai unha conxunción entre o formalismo e a sensibilidade cancioneril envolta na estética do século XX. Fermín Bouza Brey vai ser o principal cultivador desta tendencia co libro *Nao senlleira* (1933).

A pesar deste singularidade, a lírica galega non é independente nin allea ás producións europeas, especialmente de España e Portugal, pero podemos afirmar, como xa apuntábamos anteriormente, que os autores vangardistas galegos, se exceptuamos a Manoel Antonio dentro da tendencia creacionista, nunca levaron a nova poesía a extremos esaxerados que rachasen coa tradición lírica precedente.



Proel (1927), de Luis Amado Carballo



O galo (1928), de Luis Amado Carballo

O primeiro libro de Florencio M. Delgado Gurriarán participa deste ambiente poético. *Bebedeira* ve a luz en 1934, na editorial Nós, en Santiago. É un poemario composto por trinta e dous poemas, que conxugan a tendencia renovadora das vangardas coa lírica precedente, mesmo con reminiscencias medievais e renacentistas.

Todo o libro é un canto á natureza, concretizado na paisaxe valdeorresa, factor que dá homoxeneidade ao poemario. Todo o conxunto esperta no poeta un manancial lírico vigorosos que se traduce nunha poesía chea de plasticidade. Unha lírica onde a metáfora e a imaxe vangardista nos van revelar relacións descoñecidas e sorprendentes, que só pertencían ao mundo interior do poeta.

Se hai algo que defina á paisaxe iso é a cor. Xenericamente, o cromatismo vén marcado pola roupaxe que os meses e as estacións do ano lle proporcionan á natureza. De xeito máis concreto, Florencio bota man nos seus poemas dunha variada gama de cores para vestir os seus versos, con preferencia daquela da gama fría: verdes, amarelos, brancos e dourados; pero, aínda con menor presenza, non esquece os vermellos e os azuis. Podemos afirmar que o cromatismo vai máis alá: como recurso vangardista e o poeta bota man, cando a natureza non é suficiente, do colorete como moderno maquillador, así “as vidras maquíllanse de sulfato”, “as cobras toman o sol para porse morenas” e “as andoriñas empoeiran a cara con mimosas froridas e pintan os beizos con amoríños das silveiras”.

Perante esta natureza exultante e vigorosa, aparece no poemario, aínda que en menor medida, unha natureza idealizada, serea e equilibrada. A visión animada da paisaxe dá paso a unha contemplación bucólica ao estilo renacentista que transmite un ritmo lento baseado na descrición do contorno. Esta é a sensación que nos transmiten os versos de “Camíño da serra”. O poema, no plano semántico, estrutúrase en base a unha marcada adxectivación explicativa, que unida á presenza de diminutivos valorativos cun claro sentido afectivo, producen un verdadeiro “locus amoenus” que nos transporta á lírica do século XVI:

(...)

*Leda fontenliña
limpas augas deita;
antre as irtas uces
nascen as muleiras;
o censoli, anda
a enfeit-al-as pedras.*

(...)


*Nunha campoliña
pascen as ovellas,
margaridas brancas,
herbiñas sinxelas.
O engado do monte
na i-alma se adentra.*

A natureza que envolve todos os poemas de *Bebedeira* non escapa deles nin cando o sentimento amoroso cobra máis protagonismo. Entón aparecen as imaxes máis cromáticas e orixinais como as que nos atopamos no primeiro poema do libro. As relacións significativas non deixan de sorprendernos: son imaxes construídas en base ao encontro irracional das partes do corpo da muller co mundo do viño; tamén as imaxes asocian as forzas do cosmos co viño, producindo contrastes desconcertantes pola conxunción de realidades tan lonxanas, algo moi propio das vangardas do primeiro terzo do século XX:

*Teu cabelo é viño branco,
os teus beizos viño tinto,
os teus ollos augardente...
¡quixera beberte a bicos!
De dourado viño a lúa
era una cunca moi chea
o vento a soprar chimpouna
e lixouse o azul do ceo
coas pingotas das estrelas.*

(...)

Como consecuencia lóxica do protagonismo da paisaxe animada en detrimento do ser humano, a listaxe de personificacións é ampla e ten un peso específico considerable ao longo de todo o poemario. As animacións dos elementos naturais (árbores, ríos, montes, rochas, flores, paxaros...), as dos elementos do



Nao senlleira (1933), de Fermín Bouza Brey, obra coa que se convirte no principal cultivador do neotrobadorismo

cosmos (sol, lúa, estrelas...) ou dos fenómenos meteorolóxicos (arco da vella, vento, chuva, xeadá...) son constantes e atrevidas. Apreciamos, **sen embargo**, que todas estas personificacións non proxectan sempre sentimentos, sensacións ou emocións do poeta, senón que pertencen a miúdo a planos descritivos. Este recurso, falamos da personificación, habita na meirande parte dos poemas, polo tanto sería interminable nomealas todas. Sirvan como exemplo da súa presenza e da singularidade no tratamento os poemas titulados “A cadea” e “Muiñada”. Neles, os elementos antes citados son materia personificada de primeira orde:

*As penas gardas civís,
ao río Sil lévano preso.
Seica din que aló no monte
zugoulle o sangue aos rigueiros;
esforciou doncelas fontes;
e arroubou o ouro das serras
para gastalo no mar
no “cabaret” das sereas.*

(A cadea)

*O sol, baril muiñeiro,
pingotas de choiva moe,
o arco da vella pineira
fariña de sete cores.*

.....
*A siñora lúa
branca muiñeira
que anda noutra banda
coas mozas estrelas.*

(Muiñada)

No plano formal, dentro do poema ao que antes nos referíamos, “Camiño da serra”, é chamativo o emprego do leixa-pren, un recurso de repetición da lírica medieval recuperado polos neotrobadoristas. O poeta non se limita a reproducir esa tradición dun xeito pasivo, senón que a asimila, con autenticidade creadora. Pero o poema sorpréndenos con máis novidades: combina versos de arte maior cos de arte menor, configurando dous planos semánticos, que producen a sensación de estarmos ante dous poemas diferenciados, que van confluír temáticamente nos versos finais:

*Camiño da serra busco ao meu amor
â bela pastora que me enfeitizou.*

Vén cheo de arumes

o vento da serra;

entre os carpaceiros

fungan as abellas;

o chiar dos gaios

resoa nas penas

*Camiño da serra busco os aloumiños
da lanzal pastora que me da agarimo.*

(..)

*A bela pastora que me enfeitizou
acheina coa avenza entre uces e fror*

(..)

*Â lanzal pastora que me da agarimo
senlleira atopeina no aspro camino.*

(..)

*Acheina coa avenza entre uces en fror
todo foi lediza no meu corazón.*

(..)

*Senlleira atopeina no aspro camino,
e os dous, nunha aperta, ficamos cinguidos.*

Seus tépedos brazos

fan doce cadea;

de amor esmorece

meu peito ao pe dela;

arelando un bico

duas bocas se achegan

.....
O amor, satisfeito,

enche a esgrevia serra.

Polo que respecta á métrica, é ben sabido que a corrente hilozoista non foi tan rompedora como o puido ser a creacionista de Manuel Antonio. Neste aspecto, Delgado Gurriarán vai conxugar en *Bebedeira* tradición con vangarda: a meirande parte dos poemas presenta unha métrica próxima ás formas populares e tradicionais con predominio do hexasílabo e do octosílabo con rima asonante formando coplas arromanzadas e romances, pero tamén romancillos hexasilábicos combinados con versos doutra medida. Como el mesmo apuntaba, anos máis tarde en *O soño do guieiro*, os seus versos non son escravos da medida nin da rima. Por outra banda, anotar que son escasos os poemas formados por versos de arte maior. É

obvio que Delgado Gurriarán antepón a orixinalidade á perfección.

Reparando na disposición dos versos dentro do poema, non podemos concluír que se trate dunha innovación total con respecto á norma habitual que preside a lírica, sen embargo hai en varios poemas signos ben identificables que denotan a preocupación por unha tipografía innovadora. Así, xa no primeiro poema do libro, Florencio bota man de distintos aspectos tipográficos tales como os depraizamentos dos versos dentro da liña, destacando a diferente disposición da marxe esquerda; tamén hai que anotar a presenza de espazos en branco e a disposición do verso en oblicuo que remiten tanto a intencións estéticas como á evocación rítmica:

*No caderno do camiño
deprender quero a escribir
un palote,
un ese,
outro ese
(...)
Dous equipos de rabudos
xogan cō mundo ao balón
chutan,
corren,
driblan,
centran...*

As parénteses e o guión son elementos que aparecen nalgúns poemas: son empregados para transcribir diálogos ou aclaracións nos poemas máis narrativos. A versificación con elementos dialóxicos vai ser recorrente nas páxinas de *Bebedeira*, está presente nos poemas: “Romanzo da dona outonía”, “Ruada” e “Tristura do souto mudo”.

*Díxolle â loura outonía
- Meu pazo de cabaleiro,
triste nos agros do norte,
agardo o teu corpo belo;
quero ese teu morno corpo
para quencer o meu leito:
para os meus beizos xeados
quero o teu tépedo alentó;

(Romanzo da dona outonía)*



Manuel Antonio, seguidor da corrente creacionista

O léxico non representa en *Bebedeira* un rasgo puramente innovador, aínda que máis alá do amplo corpus conformado polos campos semánticos do viño, e das árbores e animais autóctonos da bisbarra valdeorresa, aparecen no poemario unha serie de termos que non eran nada habituais dentro da lírica galega precedente; así atopámonos con substantivos sorprendentes do eido dos xogos (equipo, balón, escondedelas, campeón, chapas, roda), das ocupacións e profesións (fogueteiro, labrador, matachín, zapateiro, doutor, podador...), das ferramentas (navalla, martelo, tesouras, alfinetes, coitelo, coitelas...), termos relacionados con aspectos lúdicos (foguetes, aturuxos, fogueira, magostos, festas, bombas...), drogas (alcaloide, morfina, tabaco...), préstamos (cabaret, heliógrafo, toilette...) e con palabras de realidades ben afastadas do ámbito lírico (arrotos, moas, canelas, arame, valados...).

En definitiva, coido que poderíamos aplicar a *Bebedeira* as palabras do poeta Gerardo Diego, cando opinaba sobre o encontro entre a novidade e a tradición en alusión ao Grupo do 27: “O non ser antigo nin moderno fainos, real e simplemente, novos”. Podemos polo tanto concluír que esta obra participa da vangarda poética galega, unha lírica nova que non esquece a tradición, fundamentalmente na temática paisaxística. Ámbalas dúas están presentes neste poemario de Delgado Gurriarán, o cantor da paisaxe valdeorresa que animaba as cousas coa súa imaxinación e coa súa voz lles daba vida.



F. delgado
gurriaran

Galicia infinda



salnés

O LÉXICO VALDEORRÉS NA OBRA DE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Francisco Cobo Rodríguez

Como é sabido o escritor corgomés Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987) foi elixido en xullo pola Real Academia Galega (RAG) como persoeiro a homenaxear no Día das Letras Galegas de 2022, e para todo ese ano en xeral. Na exposición de motivos que expuxo a RAG na súa páxina web sinalou, entre outros argumentos, o feito de ser, como poeta, “*cultivador dun galego enxebre, característico das terras de Valdeorras*”. Por certo que os académicos non botan as contas ben, pois din que falece aos 79 anos de idade¹.

Esa idea de que usou un galego dialectal valdeorrés, aparece ben antes. No ano 1964, nunha reseña do libro *Galicia Infinda* de Florencio (en adiante cito como FDG), firmada por C., na revista *Grial*, nº 4, ao comentar a liguaxe dos poemas, C afirma: “Non menos ha ser ilustrado o lector en materia de lingua galega, pois o autor usa moitos termos dialectás, moi

comarcás e vivos, que non están ao doado alcance do que non naceu naqueles paraxes en que se formou a conciencia lingüística do poeta”. Mais este reseñante, de seguro Ricardo Carballo Calero², fixo un comentario moi atrevido, tendo en conta que outros autores, como Iglesia Alvaríño, Díaz Castro ou Uxío Novoneyra, utilizaran na súa obra dialectalismos comarcais ou mesmo locais, e tanto que as edicións das súas obras van con apéndices vocabulares. O mesmo pasa nalgúns das obras en prosa de Ánxel Fole.

Como nativo que son destas terras valdeorresas, e desde mozo interesado na fala decote da comarca, debo dicir que se ben FDG me parece un excelente poeta, e que usa unha fala galega bastante traballada, non podo soste que a súa sexa unha linguaxe comarcal por encima de calquera outra consideración. Salvo certos trazos que examinarei, o corgomés utiliza polo xeral o que se pode denominar un “galego común”

1. Páxina web da RAG, sob o título: “As Letras Galegas 2022 homenaxearán a Florencio Delgado Gurriarán” (visto o 22/VII/2021). A pesar de dar, en inicio, as datas de nacemento e morte de FDG ben, no final do escrito din que faleceu con 79 anos. Seguiron algunha das biografías erradas na que se dá 1908 como a data de nacemento, e así sae tal cifra para o pasamento en 1987, pero non se conta desde a verdadeira: 1903, que son 84 anos. No momento de redactar estas liñas está xa corrixido.

2. Ricardo Gurriarán na exquisita biografía do seu parente (p. 280), coida que C., corresponde a D. Ricardo Carballo Calero, baseándose en que este reproduce os parágrafos de *Grial* na súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, o que comprobei, pois o mantén intacto até nas últimas edicións. É realmente estraña esa descalificación de Carballo Calero, porque estaba afeito a dialectalismos, como investigador literario e lingüístico, e sabía ben que as obras de moitos autores se fundamentaban nun rico acervo de dialectalismos e localismos. Estaba quizais encabuxado porque non foi convidado a colaborar nalgúns das obras colectivas emprendidas na diáspora americana da que formaba parte FDG?



FDG á porta do comercio

no sentido que o usara o mesmo Carballo Calero para titular a súa gramática do idioma, é dicir un idioma supradialectal.

LÉXICO COMARCAL

Limitareime a sinalar as características do seu léxico literario, deixando de lado outras características de tipo fonolóxico ou morfolóxico que se poderían valorar, e que son tamén valdeorresas, pero que utiliza moi reducidamente, moito menos aínda que o léxico. Aspectos fonolóxicos, morfolóxicos ou sintácticos, compartidos en xeral con outras falas dos dialectos orientais son deixadas de lado case por sistema. Só en moi contadas ocasións mete un plural en -ois, -is ou en -ais, formas verbais como véi (videt), téin (tenent), véin (venent), ou as construcións sen -n- de apoio, como puidera ser: “faleio co ela” por “faleino con ela”, “contouos ben” por “contounos ben”, etc. A análise destas ausencias daría para outro artigo.

A maior parte do vocabulario valdeorrés, falando en xeral, que podemos considerar autóctono, propio, non é exclusivo da nosa comarca. Soe estar compartido, como é lóxico, co léxico das comarcas veciñas, coas que ten máis relacións, e pode que responda a un mesmo fondo común latino e aínda prerromano; mais hai tamén ás veces ligazóns lonxanas. Así palabras como *acochar* 'esconder; tapar'; *alpabarda* 'papón'; *alumar* 'iluminar'; *bandoxo* 'zarando para castañas'; *chanteiro* 'talo alongado de verzas e coles'; *couquizo* 'alto da cabeza'; *cirrichar* 'expulsar un chorro de agua a presión'; *concho* 'noz'; *fiollo* 'fiuncho'; *fraga* 'penedo'; *godallo* 'macho cabrún'; *gromo* 'abrocho de planta'; *leiturga* 'planta con follas para ensalada'; *merenzao* 'casta de uva'; *(a)mergullar(se)* 'meterse baixo a auga'; *moza fresca* 'casta de uva'; *palambrán* 'boca aberta'; *rebolo* 'clase de carballo'; *remelar* 'revolver os ollos'; *soá* 'parte última do espiñazo do porco'; *vaxola* 'vaxa de certos legumes'; *xardón* 'clase de acíñeira', etc., non están illadas.

O léxico valdeorrés nidiamente exclusivo é máis escaso. Parte foi usado por FDG na súa obra, e será glosado máis abaixo noutro apartado, e non o incluirei neste parágrafo. Si poño aquí, salvo erro ou omisión, algún léxico que considero como tal, e que non teño visto nas coleccións de vocabulario ao meu alcance para outras zonas. Son: *abábaro* 'abázcaro, Vespa crabo'³; *acicaco* 'sorte de pavía pequena e de sabor ácido'; *apegota* 'trola'; *chimiz* (pl., chimices) 'coco da carne'; *cotofello* 'animal imaxinario'; *escarrabandear* 'perde-lo tempo por rúas e carreiros'; *garaboia* / *garabolla* 'carabuña de certos froitos'; *maraballa* 'especie de acelga silvestre'; *nifo* 'mofo' e derivados; *patarresa* / *patarreza* 'barbantesa, Mantis religiosa'; *torolo*, -a 'tolo, -a; parvo, -a' e os seu derivados; etc.

Se examinamos o léxico do autor tampouco destaca a súa obra por unhas escollas tan rebuscadas que xustifiquen o “alarmismo” que manifestara Carballo Calero na revista *Grial* de 1964. En boa medida son palabras comúns e aínda de alleas terras. FDG usa p.ex., *aciñeira*, que repite, pero non *xardón*; equivalente comarcal (aquí non designa o acivro); varias veces *cobra*, pero non *quiobra* que é a voz valdeorresa enxebre; *bidos* e non os *bidulos* propios;

3. Abábaro está rexistrado no Dicionario de Valladares (1884), de onde pasou para outros léxicos, pero por certas inferencias coido que este autor tiña aquí algún informante. A ter en conta que pasou parte da infancia no Barco por circunstancias de traballo de seu pai. Moi recentemente E. Rivas Quintas (2001) rexistrou abábaro en Chao do Castro, O Bolo, mais coido que é “ampliación” do valdeorrés.

enlizar e non *luxar*; *loita* e non *luita* ou *luta*; *miñoca* 'verme' pero non a comarcal *mioca*, propia das falas orientais; *niño* varias veces e só unha vez *niallo*; *ouvear* e non o noso *oular* / *aular*; *fentos* e non *felgos* (só unha vez, que logo cambia a *felgas*); *paxaros* e non o propio *páxaro*, tan galego tamén (como o portugués pássaro); *ponlas* e un par de veces *gallas*, que si é *valdeorrés*; *acoiteladas* e non *acuiteladas*; *volvoretas* eludindo *polvoreta* (tamén son *valdeorresas* *bolboreta* / *balboreta*); *choiva* mais *chuvia* unha vez; *cerdeiras* e só unha vez *cereixois*; repite *suligras* e nunca *coscas* ou *coxigas*, que é o que coñezo da comarca; *nai* e *naiciña*, pero non o autóctono *mai*, moito máis antigo; *morcegos* pero non *muricegos*, voz usual na fala; *nenos*, *-a* e algunha vez *ninos*, *-a*; *noite* de continuo pero nunca o popular *noute*; *píntega* e non o propio *salamanca*, *salamandra* e *salamanquesa* (hoxe nome da

'usga'); *vagalume* mais non *coco de luz* ou *alumiña* / *alumiñña* (coco con diversos epítetos é o corrente: *coco relumbrín*, *coco relumbrón*, *coco de lume*, etc.; na parte occidental do val *alumiña* / *alumiñña*, que usara Roxelio Rodríguez Díaz); *costelas* e non *costrelas*, que é o popular comarcal; ás veces *fungar* (as abellas) pero nunca *rumbar* (unha vez *romblar*, que quizais é erro ou alomorfo raro), moi popular na comarca (nese e noutros sentidos, p.ex., un coche, unha máquina), palabra tan querida de A. Fole; *fume* algunha vez mais non o noso enxebre *fumo*, o termo máis antigo en galego; *gazafellos* e *gambusinos*, pero non *cotofellos*, que é o típico, polo menos no Barco e arredores; *roibén* 'nube roxa ou vermella', pero non o autóctono *rubiais*, presente nos nosos refráns; *ti* pero nunca *tu*; a variante propia da bisbarra e a máis antiga (e portuguesa); *tobo* e non o vernáculo *toco* / *toque*; en troques mantén o propio *bon* fronte o estándar *bo*; etc.

FDG emprega tamén os mesmos vocábulos do falso galego culto, mallas dunha cadea de erros



transmitidos duns escritores e lexicógrafos a outros, con frecuencia por diferencialismo fronte ao castelán. Así: *montana* por *montaña*; *arume* por *aroma* (úsao tamén como 'frouma', en vez dos autóctonos *muíña* / *muña* e *puxa*); hai *contienza* por *continencia*; *soma* por *sombra*; *ango* por *ángulo*; *ará* por *araña*; *sáa* por *sala*; o estraño *borreiro* ('verdugo'); *antergo*, *-a* por antigo, *-a*: *azuada* por *azulada*; *rubir* por *subir* (aínda que tamén o usa en sentido correcto), etc. A cambio non dubidou en utilizar neoloxismos, moitas veces mesmamente tecnicismos, renovando o léxico: *alcaloide*, *barakiri*, *macadam*; *slalom*; *cataléptico*, *maraca*, *bongó*, *coiote*, *esplín*, *ágave* (hoxe quérese *agave*), *sputnik*, *bikini*, *mini* (saia), *humus*, *cadaverina*, etc., moitos dos cales poden ser a primeira testemuña no vocabulario histórico (e algúns o son). Usou ás veces lusismos, pero non máis que outros autores, e en casos asimilados cando menos literariamente: *carrasco* 'verdugo', *evanxello* 'evanxeo', *isolado* 'illado', *xaruto*, *bigode* 'bigote', *arranxar*, *ciumes*, *ouvir* 'oír' (este é aínda dialectal galego), etc.

LÉXICO ESPECÍFICO VALDEORRÉS NA OBRA DE FDG

No vocabulario da obra de FDG atopo formas comarcais, digamos acusadas, que comentarei. Salvo erro ou omisión involuntaria, acho os “valdeorresismos” seguintes:

Aigue 'águia'. No *Cancioneiro da Loita Galega*: “ti, que tiñas soños de aigue” (logo mudado en 1986 a *águia*). Esta é a forma enxebre da comarca, pero non exclusiva. Úsase noutras falas orientais, nas que alterna con *aiga* (tamén no Valdeorras). Creo que o final en -e, provén de influxo de ave: illa aquilam avem / illa ave aquila; mais o inicio da palabra require talvez un latín vulgar **álica*, metatizado desde o clásico aquila, aínda que hai outras explicacións do fenómeno para os sinónimos do occitano aigla, o francés aigle ou o catalán popular àlica (pl.: àligues), v. *Trésor de la langue française*, s.v., aigle.

Aligacha 'lamáchega ou lesma'. En *O soño do guieiro*: 'cal deixa nas herbas / sinal a aligacha'. Ten a variante comarcal menor *ligacha*, tamén rexistrada no Courel. Son numerosos os nomes galegos deste gasterópodo. O noso procederá da variante *lemigacha*, e dela por metátese *miligacha*, dun latín vulgar **limicacula*, de *limax*, -*acis*, e sufixo diminutivo -*acula*. Desá miligacha por aférese da primeira sílaba: ligacha e con prótese de a-: aligacha. Cómpre dicir, que no que coñezo, os rexistros desta voz en FDG son os máis antigos na lingua galega, que talvez na súa realización valdeorresa sexa exclusiva.

“-XAN, XAN, XAN,

REI, REI, REI:

Monarca, aínda sen pan!

(Prega a mollada grei)

Fauna de tremesíno: Sapos choromiqueiros,
as arrás trapecistas –pulo verde de lama–,
miñocas e aligachas, de tactos lambuxeiros,
que no bumus e a turba teñen a súa fría cama.”

(O soño do guieiro)

Area “oviño de ave”. En *Galicie Infinda*: ‘o niallo das mostaceiras / ... / ten areas i un sapiño’. É un termo para falar entre nenos dos ovos das aves silvestres. Cóidase que así non serán entendidos nin polas aves-pais, nin por outros competidores (predadores

de todo tipo), que deste xeito non saben onde están os ovos descubertos. A parte deste rexistro que supomos corgomés (en Valdeorras coñezoo para Xagoaza e Mones), a mesma palabra se usa en vianés. Xunto este hai curiosos termos paralelos de uso similar, o máis antigo que coñezo é *seixos*, nos arredores de Pontevedra, anotado, no século XVIII, polo padre Sarmiento. No portugués trasmontano son *pedrinbas*.

Amerodo 'morango silvestre'. En *Cantarenas*: ‘amerodos nos camiños’. É termo exclusivo, en tanto non o vexo rexistrado así noutras zonas, salvo *merodo* no galego berciano. É unha variante do *morodo* / *amorodo* doutras partes. De acordo con Corominas procedería dun prelatino **morotonu*, do que sai facilmente **morodoo* e de aí *morodo*, logo con prótese de a-: amorodo, deste por influxo do -m- bilabial: amerodo (ou por disimilación).

Avisedo 'lugar umbrío'. En *Galicie Infinda*: ‘e broslado de felgas, no abisedo’. É variante de *avesedo*, forma saída dun latín vulgar **adversetu*, este de *adversu* ‘contrario’, por ser o lado contrario ao soalleiro ‘lugar soleado’, e un sufixo -*etu*, de carácter locativo. Avisedo supón pechamento do primeiro -e- de *avesedo*, pola súa debilidade fonética. Un sinónimo valdeorrés, polo menos da banda máis oriental, é *avesío* / *avisíu*, do latín **adversivu*, do mesmo étimo, con outro sufixo.

Axóuxere 'ruxerruxe, cascabel'. En *Galicie Infinda*: ‘e ao tanguer os axóuxeres dos conchos’. Non é termo exclusivo, pero si foi voz moi arraigada aquí. É un dos arabismos do galego, incluído no vocabulario normativo, pero non é tan doado atopar esta variante noutros léxicos comarcais. Do árabe andaluz *aljúljal* ‘soallas’, polo clásico *júljal*, tomado do persa medio, este hoxe *zangol*, v. Corriente, *Diccionario de arabismos*, s.v.

Babeco, -*a* ‘apurvado, -a’. En *Galicie Infinda*: ‘a escoitar cal babecos’. É voz valdeorresa, pero tamén doutras partes de Galicia e do portugués familiar, dada desde o s. XIII. O mesmo autor, no seu vocabulario, inclúe o termo entre os propios da comarca. Posiblemente procede dunha forma regresiva, **ba-baeccu*, desde o latín *babaec(c)alus* ‘bobo’. Hai formas paralelas noutros idiomas como o occitano *ba-vec* ‘charlatán’ ou o castelán *babieca* ‘bobo, -a’, que

en último extremo poden remontar a unha voz natural **bab-* 'de falar torpe, bobo', REW 852.

Bago relú, 'á rebusca de uvas' ('andar ó bago relú', en *Galicia Infinda*). Non se pode negar o seu carácter autóctono. A primeira parte claramente é *bago* 'uva', pero a segunda non é transparente. A min ocórrese-me que é formación regresiva dun **relúa* 'luar', pois a rebusca faise unha vez acabado o labor da vendima do día, ao atardecer, xa case no luscofusco. Como **relúa* é feminino debe ser masculinizado para concordar con *bago*. De feito Carré (1951), recollera no seu dicionario, *relúa* 'reunión e diversión que se fai logo dos labores como a espadela, fiada, etc.'.

Balsaín 'nectarina'. En *Galicia Infinda*: 'roxo de balsaís e sangradeiros'. É palabra exclusiva do Valdeorras neste sentido. Hai en Asturias mazás de Valsaín. O nome procede de Valsaín (Segovia), lugar onde había un sitio real con granxa. O orixinario debeu ser *pe-xego de Valsaín*, ou algo similar, para ponderar a excelencia dese froito; logo por metonimia ficou en só *valsaín* (que é como se debería escribir).

*Na soalleiro louro de laranxas,
roxo de balsaís e sangradeiros,
dóce de mel, cinsento de oliveiras...
E a tanguer os axóuxeres
dos conchos e broslado
de felgas, no abisedo.*

(*Galicia Infinda*)

Bulleiro 'lama; lamazal'. En *O soño do guieiro*: 'nun bradar de bulleiro'. Vocábulo moi popular no Valdeorras, pero non exclusivo. É unha extensión de *bullo* 'bagazo' e 'lama', con sufixo -eiro, derivado do latín vulgar **volūclu* por *involucrum* 'envoltorio', derivado de *volvĕre* 'dar volta(s)'. Non se pode empregar *lameiro* con tal sentido, como noutras partes de Galicia, pola razón de que aquí *lameiro* designa un 'prado natural' (e así o usou FDG), como en gran parte de Ourense e do norte portugués.

Cachopa 'pipa, cachimba'. En *Bebedeira*: 'e ata o ceo bota chamaz / e fume pola cachopa'. Está recollido como voz valdeorresa no vocabulario inacabado que FDG redactara. Non encontro nada parecido en galego. É un termo humorístico, creado a partir de ca-

chopa 'cepo, resto de árbore ou de arbusto, cortados; tronco seco, ou a secar, dunha árbore vella', a partir do estímulo da parte inicial de cachimba, mais que non debeu arraigar o suficiente na fala.

Calantornia "xigante mascarado de festa". Di FDG: "do Cristo coas xigantes calantornias" (*Galicia Infinda*). Vocábulo peculiar desta comarca (coido que se coñece en Quiroga, pero debeu pasar quizá desde aquí). O máis seguro é que corresponde a unha deformación do antigo *carantoña* 'cara fea' e 'máscara', ou dalgún derivado do seu étimo que é o latín *character* 'signo; carácter'; por exemplo **caracutlanea*, como hai da mesma orixe *carátula* (e un antigo *carántula*). Para o final compárense calandorna / calindorna 'augamá, medusa mariña'; calimbornia 'clase de cabaza'; calimbornio 'animal, vacún ou equino, grande e mal conformado'; californias 'home alto e mal feito', en diversos falares galegos.

Caldeira 'canal para regar'. Así: "pasou a caldeira, / camiño das hortas" (*Galicia Infinda*). Termo moi popular en Valdeorras, pero tamén nas terras bolesas, courelá, e noutras occidentais e orientais. Ao meu ver non está ligado con *caldeira* 'recipiente' (do latín *caldaria*), senón cun derivado do latín *canale* 'canal', que sería **canalataria*.

*O carro,
cô lombo cangado de herba,
ven, por amostar os folgos,
cantando unha cantarena.*

(*Bebedeira*)

Cantarena 'cantarela'. En *El Heraldo de Galicia*, 1931: 'non cantar máis cantarenas'. Un dos libros do corgomés leva o título de *Cantarenas*. É voz que non aparece rexistrada noutros dialectos galegos, si *cantarela*, que pode ser termo patrimonial desde *cantar* 'canto' e o sufixo -ela, e dicir 'un canto informal'. Pois ben, cantarena pode ser alteración por influxo do culto *cantilena*, que se oiría a curas, frades e seminaristas, principalmente.

Cantariña 'casta de uz e a súa flor'. Di o poeta "de toxos, cantariñas e carpazos" (*Galicia Infinda*). É vocábulo autóctono. Téño recollido de Xagoaza, e das formacións que se me deran, cantariñas son propia-



Carballeira
Debuxo de Jesús Díaz
Ferrer (1922-2017)

mente as flores, pola súa forma que lembran pequenos cántaros. Porén Novoneyra usa cantariños, que se pode considerar parónimo courelao.

Caracocha 'castiñeiro oco' e viceversa: 'oco dun castiñeiro'. En *Bebedeira*: 'e a vella caracocha'. Non é voz valdeorresa exclusiva. Figura tamén na obra do petinés Roxelio Rodríguez Díaz. Coñécese en boa parte da provincia ourensá, e equivale á *cantrocha* que empregara Novoneyra como termo caurelao. En principio penso que é voz inseparable da nosa *calocra* 'castaña baleira, ou a regañar', e do sinónimo desta *crouco* no Incio e no Courel, nos que predomina a idea de 'oco' e ao tempo a de 'ruído do oco', termos que deben responder ao celto-latino *clocca* 'campá', que será tamén a base de caracocha, máis un final incerto, que pode ser un sufixo ou un cruzamento con outra palabra (p.ex., carrocha 'cepo'; escarochar / escorochar 'sacar a espiga do millo').

Carrabouxo 'bugallo, excrecencia do carballo e doutras árbores; fig., papasol, xoaniña; fig., persoa pequena de corpo (tamén carrabouxa, neste caso)'. Así: "carrabouxos nos carballos" (*Cantarenas*). De novo estamos ante unha voz non exclusiva da comarca, aínda que nela é moi popular. Non ten un étimo aclarado. Pode que a base sexa o latín *clavu* 'cravo;

tumor, inchazón, verruga, etc.' ou algún do seus derivados, e cun sufixo difícil, con paralelos moi puntuais (así pitouxo, despectivo de 'pita, galiña' en Piquín, Lu.; carouxo 'xeo' en Lubián, Za.).

Carrúa 'paso de carro en muros; carril'. En *Cantarenas*: "madresilvas nas carrúas". Si que se pode considerar vocábulo comarcal propio, compartido co galego do Bierzo, á súa vez enlazado co leonés berciano *carruna*, que lin xa vai moito tempo, sen anotalo, polo que non podo precisar a súa localización exacta. Un latín medieval **carruna* sería a base, por suposto de *carrus*, cun sufixo certamente raro.

*Nos carreiros margaridas,
 nos cómaros primaveras,
 madresilvas nas carrúas,
 no medio das poulas, névedas,*

(*Cantarenas*)

Cavorco 'excavación, en xeral profunda, feita por un torrente; barranco'. En *Galicia Infinda*: 'rañado de amieiros e caborcos'. É voz moi típica da nosa fala valdeorresa, pero non é exclusiva. Si que se pode dicir que é sobre todo propia das falas galegas surorientais, compartida co leonés cabuerco, cahuerca, astu-

riano cagüerca 'sepultura', o cántabro cahuerco, para logo saltar até o catalán cavorca, este co significado de 'caverna'. Case pode un imaxinar unha palabra viaxeira entre a Gallaecia mineira e a súa primitiva capital en Tarraco (Tarragona). O étimo corrente proposto é un latín *cavu orcu* 'cova / cavada infernal', v. García de Diego.

Cereixón 'cerdeira'. En *G.I.*: “de cireixois, loureiros e carpazos”. A voz habitual que soe empregar o corgomés é cerdeira. Aquel é vocábulo típico de Valdeorras, pero está compartido co Bierzo occidental e A Cabreira Baixa, aínda que nesas zonas é máis usual *cereixal*. Ten certa antigüidade, pois está documentado o topónimo menor comarcal *Cereixois* en 1660. Debeuse crear desde *cereixo* 'cereixeira', como aumentativo, a partir de cerdeiras moi desenvolvidas como ás veces aínda se ven, e que chamarían a atención. Cabe lembrar que cereixo aparece nos léxicos galegos polo menos desde o XIX (e cereixeiro desde ca. 1745).

Chinclo 'merlo de río'. Di FDG: “do pinchaflor, do chincho e da papuxa”, pero en 1963, *Galicia Infinda*, 34: “do pinchaflor, do chinclo e da papuxa”. Chinclo, *Cinclus cinclus*, é quizais termo exclusivo valdeorrés. Pode haber a tentación de imaxinar que continúa ese nome latino *cinclus*, pero este é latín científico, que adapta o grego *kínklos*, e sería difícil que chegase até Galicia sen intermediación romana. O máis probable é que se orixinase desde unha onomatopea. O escritor petinés R. Rodríguez Díaz usou, en 1922, *chincro*, suposto alomorfo petinés.

Choupín 'un cogumelo, *Macrolepiota procera*, M. rhacodes'. En *Galicia Infinda*: 'ós hérbedos i ós choupís'. Úsase a voz noutras comarcas próximas (e hoxe en máis zonas, pola cultura micolóxica das últimas décadas). Posiblemente dun latín **(fungu) cluppinēu* '(fungo) escutiforme', que en rigor daría *choupíño* (documentado no Courel), pero sabida a alternancia -iño / -in nas falas extremo-orientais do galego, a terminación acomodárase nun punto onde predomina esta sufixación, desde a que se propagaría. Os datos de que dispoño indican que é forma propia do Valdeorras, O Courel e O Cebreiro.

Cochar 'fallar na tirada dos bolos; p.ext., o mesmo no xogo das bólas; fig., fallar ou fracasar nalgunha iniciativa emprendida'. En *Galicia Infinda*: 'que, en

Córgomo, non cochamos / nin cos bolos, nin cás mozas'. A acepción primeira non é exclusiva, das restantes non teño datos para afirmalo ou negalo, pero atreveríame a dicir que a terceira é sobre todo comarcal valdeorresa. Polo menos no sentido primeiro úsase na Cabreira de fala galega, no Bierzo (leonés e galego), e nos dialectos bolés e vianés. Para min o étimo é unha formación verbal desde *cocho* 'porco'. Obsérvese que na zona mindoniense (Lourenzá), o mesmo concepto é *chinar*, de *chino*, outro nome do porco; é *recar* na denominada aquí Montaña (Oencia e Barxa), pasada a raia leonesa, de *reco* 'porco; porquiño'. Pero o fondo orixinario debe ser en tódolos casos unha adaptación festiva de *marrar* 'fallar', vocábulo seguramente de orixe xermánica, do que a raíz se uniu humoristicamente á de *marrao* 'porco', e de aí o uso doutros sinónimos verbais.

Cochorra 'melro'. En *Cantarenas* lese: 'a cochorra e o malvís'. Tanto cochorra como cochorro, son termos moi arraigados na fala valdeorresa (que tamén coñece merlo, -a), mais non é exclusiva, pois tamén se usa no Bierzo de fala galega, no Courel e, máis ao norte, en Láncara. Hai aínda variantes diversas noutras zonas (cochorda, cochorna, cochoso, -a, chocososa, etc.). O vocábulo procede dunha voz onomatopeica **koch-*. O tipo de canto que orixina a designación ocorre no inverno. É curioso que as linguas eslavas teñan designacións para melro, que seguramente, remontan á mesma raíz onomatopeica: p.ex., croata, polaco e checo *kos*; comparables á base do grego antigo *kós-sipbos / kóttypbos*. Para todos eles se propuxo unha raíz indoeuropea común (**kops(o)-*), pero sería difícil de demostrar que no galego é un fósil desa base (mais non imposible). O étimo de J. García García, *Glosario temático, crítico e etimológico de las hablas del Bierzo* (2011), que o explica pola afición destes paxaros a remexer no esterco e excrementos, ten todo o carácter dunha etimoloxía popular desde cocho 'porco', o que non impide que influíse na realización das variantes.

Coleado, m. 'antigo baile, de tipo agarrado'. En *Galicia Infinda*: 'ai, aqueles coleados!'. A palabra non está nos rexistros léxicos, pero foi aclarada polo autor no seu vocabulario particular: 'polo pineirar dos cadrís dos danzantes', e parece que aludían á polca e á mazurca. Está claro que é do participio pasado de *colear* 'mover a cola', e este de *cola* 'rabo'.

*Das enchentas de pulpo na “Do Sete”,
dos “zamarreiros” a corredo entruido,
da lizgaira muiñeira e do “coleadro”,
dos foliois, das gaitas e... ¡do Viño!,
mestre cantor de festas e turreiros,
que vive no seu pazo soterraio.*

(Galicia Infinda)

Engateñar, ver *gateñar*.

Érbedo 'erbedeiro e o seu froito'. De *Galicia Infinda*: 'ós hérbedos, i ós choupís'. Non é termo exclusivo do Valdeorras, mais aquí tanto é érbedo o nome do arbusto, como o do froito (como era usual en latín designar a planta e o froito co mesmo nome). É certo que algúns aquí denominan os froitos *borrachís*, polas súas propiedades euforizantes, pero é palabra importada de bercianos e cabreireses, e moi popular entre eles. O equivalente latino é *arbutus*, que é a base sen dúbida, pero a forma do termo galego levou a propor a orixe nun latín vulgar alterado **erbitu* ou **arbitu*.

Esborrallar(se) 'desfacerse un muro, paredes naturais, etc'. En *O soño do guieiro*: 'e valeiros casais a esborrallarse'. É outro vocábulo moi valdeorrés, pero non exclusivo; polo menos úsase desde Lemos á Limia e o val de Monterrei, xunto co portugués esborrallar(-se). Pode que na base estea o antigo **esboronar* (esboroar está aínda documentado noutras zonas), saído desde o antecedente de *boroa* / *broa* 'tipo de pan' e orixe do castelán desmoronar, pero na forma indicada a base é *borralla* 'cinza', ou polo menos interferiu (o esborrallamento ás veces crea boas poeiras, ou polviceiras, como aquí se di, e as rachas queimadas tamén se esborrallan).

Escozomelar(se) 'axitarse tentando rascarse; peñeirarse'. En *Galicia Infinda*: 'hoxe a beilar coma os pretos, / xa todos se escozomelan...!'. Este verbo en FDG é a máis antiga datación que coñezo. Xorde en Xunqueira de Ambía para 'espurrirse, espreguizarse', e en Hermisende (Za.), vale por 'facer movementos como para rascarse, pero sen usar as mans'. Está sen dúbida unido ao portugués dialectal *escoçumelar-se* 'mexer os ombros sentindo comichón; rozarse con alguén ou cunha cousa'. Non podo afirmar que o por-

tugués sexa o primario, mais é moi posible que sexa un préstamo del, en Hermisende, e en Xunqueira quizais. Non o teño recollido como voz valdeorresa, o que non quere dicir que FDG non a tomase do pobo, en Córrego ou noutro lugar comarcal. Desde logo é unha ampliación do galego *escozar(se)* 'rascar(se); fretarse contra algo' e a súa variante *escofar(se)* 'escozar(se); sacudirse, menearse' (sen paralelos portugueses actuais), que remontan, cun *es-* expresivo, ao galego-portugués *coçar(se)* 'rascar(se) con suavidade; fretarse as persoas ou os animais contra algo', do que proceden os actuais galegos *cozar(se)*, *cofear(se)* e máis o portugués *coçar*. Para este último termo o dicionario virtual Infopédia indica que deriva dun latín vulgar **coctiāre*, á súa vez formado desde *coquere* 'cocer; aflixir', tal sentido de 'aflixir' eu non o atopo, si 'queimar', que é que pasa cando un ten comichón; porén a min paréceme un étimo errado, e se ben orixinou *cocção* 'cocción', foi por influxo culto, pero *coctus* deu *coito*, *-a* 'cocido, -a'. Persoalmente penso que pode proceder dun latín vulgar **cut(i)ciare* / **cot(i)cear*, formado a partir de **cuticea* 'pel', REW 2430, de *cutica* 'idem', de *cutis* 'idem'. En tanto *escozomelarse* / *escoçumelarse* debeu orixinarse dun cruzamento de *escozar* con *amolar(se)* 'molestar; causar dificultades; verse mal' (orixinaría **escozomolarse*, pasado por disimilación do último -o- a *escozomelarse*, ou por influxo do -m-).

Esforciar 'violar, forzar sexualmente'. En *Bebedeira*: 'esforciou doncelas fontes'. En *Galicia Infinda*: 'mais a neve outrora virxe, / co seu riscar esforciaron'. Só o coñezo como rexistrado no Frampas electrónico de Rivas Quintas (2001), é precisamente como vocábulo valdeorrés. Está formado a partir do dialectal *forzia*, variante de *forza*, con anaptixe de -i-, corrente en falas orientais, e quizais emprestado por falas astur-leonesas próximas. A forma normativa, da mesma raíz, é *forzar*, pero *esforzar* non ten ese significado.

Esfragar(se) 'esbarrancar(se)'. En *Galicia Infinda*: 'sin medo a se esfragare'. É termo popular na fala valdeorresa, mais compartido co Courel, val de Quiroga e O Incio. Como é sabido, nesta comarca *fraga* vale por 'penedo, rocha' (e no sur e surleste galego), en especial a que está illada no campo ou no monte, descoñecendo o sentido de 'bosque ou arboredo' doutras zonas de Galiza. *Esfragarse* é, literalmente 'caer dunha fraga', aínda que ampliou o uso, valendo por

'caer por un barranco ou un cavorco'. A construción é romance, de es- de acción, fraga 'pena' e a terminación verbal -ar, ademais é tamén verbo transitivo (alguén pode esfragar o que sexa).

Feituco, -a 'feitíño, -a, lindo, -a'. No *Heraldo de Galicia*, 1931: "feituca testa oca". Coloco este diminutivo-afectivo co sufixo -uco, -a porque tivo certa produtividade no noso subdialecto, pero non é exclusivo. Mais eu teño escoitado ademais: casuca, velluco, -a, patuco, rapazuco, -a, etc. FDG usouno tamén no hipocorístico Farruco para alcumar a Franco.

*Falade con calquera rapariga
(linda cara, feituca testa oca)
encol do emprego da galega
fala e ba dicir a fermosa:*

(Heraldo de Galicia)

Felgo 'fento ou fieito'. En 1958 escribiu: 'e broslado de felgos, no abisedo' (Biografía: 246), que en *Galicia Infinda* cambiou por 'felgas'. Felgo é a designación estándar do valdeorrés, que comparte con outras comarcas. A isoglosa desta verba forma un continuo desde os arredores da Coruña aos subdialectos mindonienses e continúa pola banda oriental, con saltos, até o sur. Dun latín vulgar **fīlicu* (aínda que hai a opinión de que é forma regresiva de felgueira / filgueira), desde *fīlix*, -*icis* 'fieito'.

Fervuro / Fervudo 'clase de xarope quente, no que se mesturan viño, leite, mel, etc., e ás veces algún licor, para combater catatarros, gripes e outros males respiratorios'. FDG escribiu *fervuro* (1933), pero para min é máis familiar fervudo. Non o vexo nos léxicos galegos habituais, pero fervudo é palabra acollida por García Rey, *Vocabulario del Bierzo*, que será préstamo de falas galegas de aí (salvo do seu propio leonés que soe conservar o f-). Naturalmente provén do antigo participio *fervudo*, de *ferver*, polo actual *fervido*; e puido ser tamén en inicios *xarope fervudo* ou algo similar, logo abreviado. Fervuro está masculinizado desde fervura 'fervadura, fervor', quizais con atracción do sinónimo.

Froxar 'recuar, facer ir cara atrás o carro, o arado, ou un animal de tiro'. En *Galicia Infinda*: 'non sábelo que é froxar'. Úsase tamén na Gudiña, polo me-

nos. Coido do latín *flexāre* 'dobrar', REW 3368, frecuentativo creado do p.p. *flexus*, de *flectĕre* 'dobrar, arrodear; facer mudar a dirección'; cfr. o substantivo latino *flexus* 'volta do carro no extremo do circo'; o cambio do -e- pretónico para -o- por influencia da labial -f-, fenómeno frecuente no galego-portugués popular; da mesma orixe é o provenzal *fleisar* 'apartarse'. Outro sinónimo valdeorrés é *proxar*, localizado en Viobra, que será alteración de froxar por probable fonética sintáctica.

*"Non sábelo que é froxar,
Nin sábelo que é rousar, ...
¿E chámaste carreteiro?
¡Sonche ganas de falar!*

(Galicia Infinda)

Galla 'rama, póla'. En *Galicia Infinda*: 'as irtas gallas'. É palabra nosa moi popular, e difundida por boa parte de Galicia, e no portugués miñoto (galha). Dun latín vulgar **gallĕa* de *galla* 'póla, rama', v. J. J. Nunes, R. Lus. III (1895); que debeu ser primeiro un adxectivo.

Gambusino 'animal imaxinario, como o biobardo'. En *O soño do guieiro*: 'gambusinos de volframio'. Supoño que moitos valdeorreses saben desta palabra, e quizais non a teñan por propia, porque vén ser de falas galegas de León (bercianas e cabreiras), que eu coñezo en uso na Ponte de Domingo Flórez. Tamén leonés (gamusinos), pero a verdade que o portugués inclúe gambusinos / gambozinos nos seus dicionarios, localizable na Beira, e gramosilhos no Alentexo. Pode que sexa palabra importada ou relacionada co antigo occitano gamusia 'parvada', de gamus / camus 'parvo, bobo', cun -mb- talvez orixinado por cruzamento descoñecido (gamba 'perna'?, gambemia 'preguiza'?) ou por influxo do -b- de alpabarda ou de biobardo / biosbardo.

Gateñar / Engateñar 'aganchar, rubir a un sitio axudándose de mans e pernas'. En *Bebedeira*: 'vou gateñar ata enriba'. En *Galicia Infinda*: 'sin rubir ás gallas, / sin engateñar'. Ambas variantes, de uso valdeorrés, conviven con gatear. Só atopo o paralelo gateñar en Lousame (A. Otero, *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, s.v., engatar). Por suposto están formadas desde *gato*, pola habilidade deste animal para subir a altos, poden compararse co portugués agatanhar e engatinhar. Estritamente, hai un paralelo semántico en-

tre *gatear*, é dicir *andar de gateñas* ou *de gatiñas* e agatuñar 'aganchar, rubir'.

Imalia, s.f. 'abundancia; grande cantidade de cousas: cousa enorme', p. ex.: "este ano hai a imalia de uvas". É palabra exclusiva do valdeorrés, usual como termo de ponderación, carente de paralelos noutras falas galegas. Dúas veces usa o poeta esta palabra para nomear a España en 1943: '¿Ti dono da Hespaña? ('Himalia?')'; 'soña, si che compre, / que es amo da Hespaña ('Himalia')" (en "Home pequeno - fol de veneno", en *Cancioneiro da Loita Galega*). En posteriores edicións sería suprimida. É vocábulo que non podo datar, pero que posiblemente debe ser bastante antigo por razóns filolóxicas. Na biografía de FDG composta por Ricardo Gurriarán, páxs. 191-192, sac comentada como verba que o poeta utilizou en substitución de *Hespaña*, apuntando Ricardo que é unha deformación popular de *Himalaia*, designación da cadea montañosa asiática, o que daría pé para imaxinar a vinculación con algo masivo, descomunal. A idea está ben traída. Se fose así o noso termo estaría cuñado, e deformado, a partir posiblemente de leccións escolares ou de lecturas en común de xornais ou de revistas, e sería relativamente moderno.

Particularmente a miña opinión é diferente. O galego-portugués medieval usou a palabra *animalia* para referirse ao 'animal salvaxe, bravo', un evidente cultismo, como o é *animal*. O latín *animalia*, é o plural do neutro *animal*, -lis 'animal', en rigor significaría 'animais', pero como noutros casos ese plural latino tiña un sentido colectivo, que pasou á nosa lingua e foi sentido desde o inicio como un singular. Cando dicimos froita / fruíta, podemos referirnos a unha soa peza concreta, pero se dicimos "a froita vai cara", ten un sentido colectivo plural, aínda que tamén se pode dicir "as froitas van caras". O mesmo se pode aplicar a *animalia*; así nun exemplo medieval de ca. 1300 se di: "seería como se alguo demandasse seruo ou caualo ou outra animalia" (sería como se algún demandase a un servo ou a un cabalo ou a outra animalia). Unha variante, menos documentada foi *alimalia*, máis tardía, e que se formou polo que tecnicamente se denomina unha asimilación. Outra variante era *alimaria*. Como fose, quizais por presión culta, *animalia* chegou até finais do século XVIII, definíndoa así o padre José Sobreira: *animália*, s.f. 'cualquiera de los vivientes que comen o roen las plantas, como:

vechos, grilos, perdices, etc.', e que parece que comeza a ser substituída polo castelán *alimaña*, voz da que Sobreira fai dúas entradas, unha como 'cualquier animal' e outra como 'animal dañino' (ver as súas *Papeletas de un diccionario gallego*, editadas en Ourense en 1975, por Pensado Tomé).

De *animalia* pode saír *imalia*, pero véxoo un cambio máis difícil, pola persistencia da palabra coa influencia de *animal*. En cambio a variante *alimalia* parécese máis propicia para a mudanza. Frases como 'a alimalia / unha alimalia', favorecen a crase ou unión dos *a-a*, de xeito que se convirte en 'a *limalia* / unha *limalia*', pero de feito calquera frase forma un grupo de xeito que dicimos: '*unbalimalia*', '*vinesalimalia*', animando á eliminación do -l- intermedio que estorba (por fonética sintáctica), fenómeno corrente no galego-portugués (calente > quente; molinu > moíño), pero que corresponde a épocas medievais, de xeito que 'esalimalia', acabará en 'esa imalia', polo que *imalia* ten que ser palabra moi antiga. Alguén pode preguntar porque non caeu o segundo -l- e se converteu en **imaia*? En teoría puido tamén suceder, ou incluso evolucionar a **imalla* (como hai almallo 'touro; becerro', dun latín **animalium*). Mais cando un factor posible non actúa é porque xa hai un consenso social que o admite así e se nega a facelo evolucionar máis. Do latín *molinu*, o galego e o portugués téñen *moíño* (moinho), pero o galego ten hoxe *moíneiro* e o portugués *moleiro* (este tamén o tivo o galego), o galego acabou rexeitando *moleiro*, que desapareceu, o portugués non quixo saber dun *moíño* máis -eiro, pareceulles ben *moleiro*, que non chegou a **moeiro*. Agora busquen o apelido galego Moíneiro, -a / Muíneiro, -a, e será difícil de atopar, polo contrario aínda encontrarán Moleiro (e a variante Muleiro, -a, que non é o que están pensando). Ora ben, *alimalia* / *animalia* puido significar popularmente 'grande cantidade, enormidade', do mesmo xeito que usamos hoxe *animalada* no mesmo sentido. Que outros falantes de alleas terras teñen a mesma mentalidade latente, vese no vasco dialectal *alimale* 'enorme, desmesurado', que é propiamente 'animal', e que partindo do latín *animale(m)*, sufriu un cambio do -n- similar ao do *alimalia* do galego.

Louxa 'lousa'. En *Galicia Infinda*: 'espellado de louxas e de xeixos'. É a voz popular da comarca, pero non é exclusiva dela. Úsase en boa parte dos dialectos orientais meridionais. Mentres *lousa*, o termo norma-

tivo, responde ao latín *lausa*, a nosa variante debe proceder de *lausia*, que está documentado nunha inscrición latina do século II, procedente de Aljustrel (Portugal). FDG escribiu tamén lousa (que é ademais o vocábulo estándar portugués).

Marmañar ‘chuviñar’. En *Galicia Infinda*: ‘marmaña, marmaña.../ anguria nos peitos’. É vocábulo valdeorrés, pero recollérase marmaña e marmañar en Pedrafita do Cebreiro, e voces parecidas noutras zonas galegas (p.ex., marmañeira na Limia). É seguramente de orixe onomatopeica, como barbañar.

*Marmaña, marmaña ...
Anguria nos peitos.
Camiño da cova
vai o cadaleito.*

(*Galicia Infinda*)

Meleira / Muleira ‘apóutega, froito do *Cytinus hypocistis*’. En 1931 FDG escribira: “nacen as meleiras”, que en 1934 cambia: “nacen as muleiras” (*Bebedeira*). É o mesmo vocábulo e acepción que *ameleira* e *amileira*, na Rúa (Fontei), e que polo menos en tempos tamén significou ‘vulva’ ou talvez ‘vaxina’ (pola forma das flores). Sarmiento en 1755 rexistrara a planta como *ameleyra*. Amileira úsase tamén en Piquín, (Lu.), máis como nome do froito. As flores, apertadas, ofrecen un néctar que soían buscar os nenos e nenas; de aí este nome, por asociación do néctar co mel. Procede de mel e sufixo -eira ou remonte a un latín vulgar (*herba*) *mellaria* ‘(herba) do mel’. Ameleira leva un a- protético; amileira pecha o -e- átono e esconde máis o nome, como pasa con *muleira*, que é unha alteración causada por influxo do m- bilabial, e que debeu pasar antes por *moleira* (este recollido por Sarmiento, en Portonovo). Ao corrixir, FDG escolleu o termo máis vulgar quizais.

*Leda folteliña
limpas augas deita;
antre as irtas uces
nascen as muleiras;
o censoli, anda
a enfaital-as pedras.*

(*Bebedeira*)

Milpéndora ‘ouriol’. Así: ‘ni(n) a belida milpéndora’ (*Bebedeira*). É a voz única do valdeorrés para este paxaro, no que eu coñezo, mais non exclusiva, pois se usa tamén: no Courel cara o norte, e cara o sur na terra do Bolo até As Frieiras, desde onde chega até localidades da comarca de Verín. No galego berciano documéntase milpréndega / milpréndiga. A primeira parte *mil-*, pode proceder de *miluus* / *milvus* / e mellor *milvius* ‘miñado ou miato’ (cast., milano) –mais debeu valer tamén por ‘estornio’, a xulgar por certos derivados románicos–, a segunda parte coido que é unha síncopa de **pinnula aurea* ‘plumiña áurea, de ouro’, pois como é sabido a milpéndora macho é de cor amarela e negra (no castelán *oropéndola*, oro ‘ouro’ e péndola ‘pluma’, segundo Corominas). Milpréndega semella un cruzamento con *prender*, porque os niallos están colgados de ramas, é dicir ‘prendidos’. Dun vulgar **mil(u)ianu-* saería outro sinónimo galego: millangarrido.

Mostaceira ‘lavandeira, a ave *Motacilla alba* L, e outras especies da familia’. En *Galicia Infinda*: ‘do meigo rei-señor, da mostaceira’. Este si que é un dialectalismo valdeorrés, e talvez un localismo de Córrego. A súa orixe fíxome dar voltas na cabeza abondo, e máis por non encontrar quen me identificase a ave. Non ten nada que ver con *mostaza*, que pode despistar. Esconde un anterior **bostaceira*, de *bosta* ‘excremento de vacún’, polo costume deste páxaro de petear no lixo en busca de insectos, e nas bostas e cagallas en particular; cfr. o sinónimo cántabro busca-moñigas (moñigas por boñiga ‘bosta’).

Muleira, ver meleira.

Muradella ‘monte de pedras en cerramentos de terreos: valado baixo en seco’. En *Cantarenas*: ‘xeixos que ao sol cintilean / nas muradellas’. Voz moi viva no Valdeorras, mais non exclusiva. Coñézoa do Barco, Sobradelo, Xagoaza, Mones, etc. Remonta ao galego medieval (p.ex., documentos de S. Pedro de Rocas ou de Celanova). O trasmontano coñece tamén muradella ‘muralla pequena’; e no Courel hai morodella ‘montón de pedras’. O étimo non pode ser o latín **muratella* proposto algunha vez, senón **muratelia*, por muratalia, neutro plural de *muratalis*, de *muratus* ‘murado’ e este de *murus* ‘muro’ (*muratalis* é latín altomedieval).

Niallo ‘niño’. En *Galicia Infinda*: ‘o niallo das mostaceiras’. É, case seguro, voz peculiar valdeorresa, coa variante *neallo*, pero por coherencia con niño, nino,

nío, nial, e outras variantes galegas que continúan o étimo, a grafía debe ser niallo (en Valdeorras hai minoritariamente nio, e tamén o derivado nialleiro). Non acho paralelos estritos desta palabra noutras falas galegas. Procede dun latín vulgar *nīdāculu, un diminutivo de nīdu 'niño'. Cómpre sinalar que FDG empregou tamén niño, a voz estándar galega, que tamén é usada en partes da comarca, e paralela do portugués ninho.

Nino, -a 'neno, -a'. Só atopo que usara esta voz unha vez, na tradución dun poema de Mallarmé "Brise marine": 'nin a moza naiciña que dá leite ao seu nino', e forzado quizais pola rima; pois polo corrente FDG utilizou neno, -a (que é tamén comarcal, pero menos caracterizador). Termo moi valdeorrés, por desgraza en retroceso. Foi empregado polo poeta petinés R. Rodríguez Díaz. Contra o que se poidera pensar, non é unha adaptación do castelán niño, -a. Está documentado no galego medieval desde o século XIII, polo que é unha reliquia, que ademais de entre nós, aparece no Courel, no Cebreiro e no galego-berciano (no bolés nino é 'niño, niallo'), e tamén no portugués popular. Variantes similares subsisten noutros idiomas románicos, como no catalán nin, nina ou no italiano ninno, -a. Para Corominas, sae dun protorromance *nīnnus, de orixe expresiva (a variante *nīnnus deu neno).

Papoula 'mapoula, Papaver rhoeas L.'. En *Galicia Infinda*: 'por mal pra cinco bocas de papoula'. É verba dunha parte do valdeorrés (a máis oriental, pois non é xeral), das falas galego-bercianas e do portugués (papoula / papoila). Debe proceder dun latín vulgar *pappavūlla, con -pp- expresiva, e o sufixo diminutivo -ulla, á súa vez diminutivo dun latín vulgar *pap(p)avu, de aí o antigo francés *pavou*, que se fixo desde o clásico *papaver*. Pode compararse co asturiano papuela, ou co italiano de Suíza papolana.

Pinchacarreira 'pinchagato, viravolta que se dá apoiando as mans e a cabeza no chan, para acabar caendo de costas'. En *Galicia Infinda*: 'os regueiros... / andan ás pinchacarreiras / polas encostas e as fragas'. É a variante corrente no Valdeorras, aínda que non exclusiva, está documentada para Ribeira de Piquín, A Mezquita, e desde aí empata co trasmontano pincha carneira (o estándar portugués é cambalhota). A forma normativa é pinchacarreiro, con que a editora da nova edición de *Galicia Infinda* para Galaxia, substituíu, a torto, o termo usado por FDG. Naturalmente, está

formado desde *pinchar* 'saltar' (ver abaixo pincheira), aglutinado con *carreiro*, pola imaxe ben coñecida do que lles acontece ás veces a estes animais cando acometen moi encabuxados. O cambio para o xénero feminino está estimulado por asimilación vocálica, e por influxo de viravolta, pirueta, voltereta, etc., como tamén para pinchagato hai pinchagata.

*Novo Odiseo, a vida paso en xeira
por mal pra cinco bocas de papoula.
Miña dona, Penélope crioula,
fica a tecer, de cote, a súa angueira*

(*Galicia Infinda*)

Pinchaflor, pode ser o mesmo que noutras partes picaflor e picafollas 'o páxaro, *Phylloscopus collybita*'. En *Galicia Infinda*: 'do pinchaflor, do chincho e da papuxa". Déronmo como vocábulo en San Vicente, pero o informante non soubo identificalo. O nome é transparente en canto ao seu significante.

Pincheira 'fervenza', e en xeral 'toda caída de auga natural en salto', con que sexa un chorro algo groso. En *Galicia Infinda*: 'polos cachois roscido e as pincheiras'. Voz moi enraizada na comarca, pero de novo hai que dicir que non é exclusiva: compártese co veciño Courel. Adquiriu carácter literario con FDG e Uxío Novoneyra, o que a fixo entrar no léxico normativo. A base é a palabra *pinchar* 'saltar; facer saltar algo', que pode ser de orixe expresiva (*pinch-) ou unha acepción sinestésica desde *pinchar* 'picar, punxir' (a quen pinchan con frecuencia salta), que me parece o máis seguro, pero que debeu ter a mesma orixe. Pinchar nesta acepción está documentada en portugués desde o s. XVI.

*Do meu vale, de combas e ralazos,
espellado de louxas e de xeixos,
rañado de amieiros e caborcos,
garnido de mimosas e milleiras,
barroco de cepeiras e castiros,
recente de ourego e cabrinfollo,
tinguido de cireixas e de amoras,
polos cachois roscido e as pincheiras,
arrolado dos carros, que se afastan
antre a poeira da silvosa corga.*

(*Galicia Infinda*)

Pito verdello 'piquelo, a ave *Picus viridis*'. Nun poema na revista *La Toja* en 1976. *Pito verdello* e *pito verdeal* (ou verdial din algúns), xunto con piquel e piquelo, cabalín e cabaliño, son as denominacións populares valdeorresas. Pito verdello aparece tamén en comarcas galegas centrais; pito verdeal é máis propio de dialectos orientais. Pero aquí son descoñecidas as variantes tipo peto. Pito é o corrente para designar ao 'poliño', e é de orixe expresiva. O epíteto débese á coloración de parte da plumaxe. Verdello é o resultado dun latín vulgar **virdicūlus*; en tanto verdeal o é de **vırdealis*, ambos do vulgar *vırdis* polo clásico *viridis* 'verde'.

Ralvar 'saltar, salvar un obstáculo dun salto'. En *Galicie Infinda*: 'os bolos ralban lousados, / a bola ralba penedos'. Vocábulo enxebre valdeorrés, mais na acepción que lle asigna o autor, non a recolle cando describe o xogo dos bolos no seu vocabulario inacabado, aínda que pode ser que o esquecera; e eu descoñezo tal sentido (o que teño escoitado é a locución *ir en aire, pasar en aire*, ou similares, facendo pasar os bolos da raia sen tocar o chan antes). O significado xeral é saltar para deixar atrás un atranco, p.ex., un regueiriño, un charco, ou xogando ao tricle ou mariola, para salvar as raías (concello de Carballeda, O Barco, Rubiá). Neste sentido, polo menos, está compartido coa comarca do Courel, e talvez co Cebreiro. Novoneyra usou varais veces o verbo. Está rexistrada ralvacuca 'pinchacarneiro' en Pedrafita, o que supón que quizais nalgũa(s) localidade(s) cebreiregas exista ralvar 'saltar', pero non está documentado expresamente. Con todo o dicionario de Eladio Rodríguez rexistra *ralbar* 'saltar', e anos máis tarde aparece así tamén na obra de Fiz Vergara Vilariño, autor samonense, e non sabería dicir se é propia das súas terras, ou a tomou de Uxío Novoneyra. O máis extendido en dialectos galego-bercianos e en leonés, é *ralvar* 'dar a primeira arada', como o portugués dialectal *relvar*, que é no valdeorrés, e noutras zonas, decruar. A orixe de todas está no latín *relēvāre* 'levantar', de *levāre* 'idem'.

Recoteixo 'teixugo'. En *Galicie Infinda*: 'do recoteixo, do lobo e da cegoña'. Designación popular valdeorresa, que me atrevo a dicir exclusiva; paralela do porcoteixo, doutros lados. Reco e reca son alternativas comarcais, moi vivas, para designar

o 'porco, -a', non o 'porquiño, -a de mama', como só define o dicionario da RAG; ese aquí é requiño, -a. Vale tamén como interxección para chamalo. É vocábulo que con diferentes realizacións está difundido desde o sur de Lugo até o sureste de Ourense, e polo norte portugués até as beiras do Douro (no país veciño tamén reco é 'porco' e non só 'leitón'). Pola difusión é un termo viaxeiro ao longo da vía romana XVIII, a Vía Nova, e os ramales de Chaves e O Bolo. A orixe é expresiva desde un **rek*, onomatopea do gruñidos. *Teixo* é o latín tardío *taxo*, -onis, que se colleu ao parecer dalgũa lingua xermánica e quizais da gótica, saíu outra variante valdeorresa, e galega en xeral e portuguesa: *teixugo* (v. Corominas, s.v., tejón). Teixugo non aparece en FDG, salvo omisión miña.

*Do meu val de malvises e de gaios,
de cireixois, loureiros e carpazos,
de cantariñas, de hérbedos e toxos,
de nonmesquezas e de semprenoivas,
do meigo reiseñor, da mostaceira,
do princhaflo, do chincho e da papuxa,
do recoteixo, do lobo e da cegoña...*

(*Galicie Infinda*)

Sangradeiro 'variedade de pavía abrideira'. En *Galicie Infinda*: 'roxo de balsaíns e sangradeiros' (referíndose ao val noso). É palabra que non vexo recollida para outras zonas, de maneira que ha ser un termo comarcal propio. En galego xeral sangradeiro denomínase á parte do pescozo dos animais onde son acoitelados para sacrificalos. Aquí é un uso particular: o froito regaña de seu e deita o seu zume, é dicir 'sangra'.

Sapiño 'pelandrón, paxariño aínda implume e que está a criarse no niño'. En *Galicie Infinda*: "o niallo das mostaceiras / ... / ten areas i un sapiño". Voz da linguaxe infantil, de carácter dialectal valdeorrés, bolés e frieirés, que continúa no *sapinho* do portugués dos Tras-os-Montes. Probablemente hoxe forme parte da linguaxe pasiva. Naturalmente, é un diminutivo lexicalizado de *sapo*, como designación noa, como atrás vimos *area* 'ovo', para nomealos pitiños entre rapaces e ninos, debido á crenza de que as aves-pais non os abandonarán se non escoitan o nome verdadeiro. Cfr. na Beira caçapinhos, grafado

cassapinhos, para o mesmo concepto, neste caso tratados como se fosen crías de coellos, polas mesmas razóns, v. Leite de Vaconcelos, *Tradições Populares* § 270.

Sin 'si, adverbio afirmativo'. FDG utiliza esta forma nasalizada, varias veces. En *Galicie Infinda*: 'ai que sin, que sin, que sin ! / ai que non, que non, que non!'. Interesa máis que a súa inclusión como posible dialectal valdeorrés, comentar certos aspectos que me parecen pouco coñecidos. A palabra puido ser usada polo poeta como simple adaptación gráfica do sinónimo portugués *sim*. Porén, o caso é que en falas galego bercianas, utilízase ás veces a forma nasal *sin*, en especial tras o conector *que* a final de frase (como no exemplo exposto de FDG), esporadicamente isto pode escoitarse nos falares valdeorreses máis achegados ao Bierzo. Descoñezo se isto foi coñecido polo corgomés, pero é posible que si. A orixe do nasal sería semellante ao que se cre para o portugués, pero sen dúbida de maneira independente. FDG usou posteriormente *sin*, noutras obras, mais de xeito aberto, á maneira do portugués. Para o berciano pode verse en Gutiérrez Tuñón, *El habla del Bierzo* (León). Instituto de Estudios Bercianos. Ponferrada. 1986, páx. 115, que non dá demasiadas explicacións.

Vindimarego, -a 'da vindima' e como substantivo 'vindimador, -ora'. Di o autor: 'xudeus vindimaregos' (*Cantarenas*). O grafado correcto sería vendimaregos. Como non o vexo nos léxicos douno como voz exclusiva da comarca, que eu lembro desde a infancia. Leva un sufixo *-ego, -a*, algo produtivo no noso subdialecto: *bostarega* 'bosta'; *larego, -a* 'folgazán, -ana'; *leitarega* 'dente de león'; *noutarega* 'unha ave rapaz nocturna'; *paspallarega* / *pazparallega* 'paspallás'; *pardarego* 'pardao'; *patarego, -a* 'de perna curta'; *turreirega* 'anduriña'; *xardarega* 'xardón pequeno', *xestarega* 'lugar de xestas', etc., incluso na toponimia: Cernego, Oulego, A Pontarega. Pero penso que as realizacións non son tan numerosas, nin de lonxe, como as que Otero Álvarez recollera en Piquín.

Viciveira 'casta de uva'. En *Galicie Infinda*: 'con esa nena tola / que din Viciveira'. Segundo *viura*, outra variedade, que tamén emprega no mesmo poema, é unha voz importada, con orixe quizais na Ríoxa ou en

Aragón, estoura polo final aparenta ser autóctona, en canto non aparece nos repertorios galegos e noutros foráneos, mais as videiras se renovaran moito antes e despois da filoxera máis. Na miña opinión é unha adaptación popular da varietal *vigiriega* / *vigiriego*, propia de Andalucía, alí moi cultivada antes da epidemia da filoxera, achegándoa a algo coñecido como *veceira* (popularmente viceira). Intentouse explicar como deformación de *vid griega*, pero estou convencido de que provén do topónimo Vejer de la Frontera (Cádiz), de feito o xentilicio deste é *vejeriego, -a*.

*Co esa nena tola
Que din Viciveira,
"Jerez", o andalús,
foi de brincadeira.*

(*Galicie Infinda*)

CONCLUSIÓN

En total son cincuenta e nove vocábulos, o que non está nada mal, pero moitos non son só valdeorreses, algúns se atopan nunha área maior e outros nunha menor. Deles considero que vinte e catro son exclusivamente valdeorreses, salvo erro.

De todo o exposto deduzo que a linguaxe literaria de FDG non pode calificarse como dialectal valdeorresa en si. Non me propoño expresamente comparar, mais obra sustentada con firmeza nun dialecto oriental, e próximo, si sería a do precursor cacabelense Antonio Fernández Morales, que titulou expresamente a súa obra *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), na que todo o que escribe corresponde á fala galega de Cacabelos e arredores, excepto parágrafos bilingües en castelán que introduce nalgúns poemas. Á altura da de Morales, en canto o seu arraigo no dialecto propio, si está a de Uxío Novoneyra, con moito léxico que se comparte co valdeorrés. Por contra cando Ánxel Fole escribe *Terra Brava* (1955), aínda que se supón que vai utilizar os dialectos do Incio e do Courel, o que se plasma son relatos en "galego común", salferidos de certos riscos dialectais na maior parte lexicais. Pero en prosa hai outros autores que escriben nalgunha fala oriental con coherencia.

Só en certas ocasións, FDG introduce un número de trazos valdeorreses maior. É en contados poemas de sabor moi local, p. ex., “Córgomo de Valdeorras” (*Galicia Infinda*), semella enchido de dialectalismos, iso olograsó practicamente con léxico: bon, cochamos, bolos, ralban, louxados, froxar, rouxar, bago relú, hérbedos, choupís, ventestate, niallo, mostaceiras, chanteiros, areas, sapiño...; o uso de nomes propios: Córgomo, Moucho, Valsadal, Chancelo, Valdeorras, tamén de persoas: o Severino i o Ferros. Outros aspectos non aparecen, salvo en *mau a mau* e en *lampantís*. Algo parecido acontece no “Saúdo a Otero Pedrayo” (*Galicia Infinda*): godello, louxas, caborcos, cachois, pincheiras, balsaís, sangradeiros, axóuxeres, felgas, abisedo, candeias, garnacha, viura, cireixois, cantariñas, hérbedos, mostaceira, pinchaflor, chinclo, recoteixo, biriscas, calantornias, zamarreiros, entruido, coleado, foliois..., con algúns trazos morfolóxicos dialectais, -ois (tres veces), -ís (unha vez) e o -uí- de entruido; pero continúa a marca local con nomes propios: San Martiño, Santa Marta, San Lourenzo, San Roque, o Cristo, etc., evocando ciclos de festividades locais, concentrando o mundo nun tempo determinado: o eterno retorno. De feito ambos poemas acumulan a maior parte do vocabulario máis enxebremente valdeorrés do poeta, de xeito que o seu biógrafo Ricardo Gurriarán, falando do segundo destes poemas, diga del que está “preñado de valdeorresa fala” pero noutras ocasións tense que limitar a comentar que hai un tinte ou unha pincelada de valdeorrés, por un *teis*, un *vei*, un *vrao*, ou algo similar que apareza aquí ou acolá⁴.

Naturalmente, nada disto empece a calidade da obra de FDG, que considero en moitos aspectos de altísima calidade. Aquí só trato de se a súa literatura está constituída esencialmente por unha linguaxe dialectal valdeorresa ou non. É o que analizo.



N.B.: Este artigo foi publicado inicialmente en *Babel. Boletín do Ateneo Republicano de Valdeorras*, nº 15. Setembro de 2021. Agora leva unha importante modificación da palabra *ralvar* por unha observación que me fora feita por Xabier Roo Abril, conveciño e investigador lingüístico, e inclúo varias palabras máis por omisións advertidas por min ao revisar a obra de FDG. Contén tamén correccións menores sobre o orixinal.

Bibliografía

A parte das obras poéticas de FDG, o libro que me foi máis útil é a biografía deste que compuxo Ricardo Gurriarán, *Florencio Delgado Gurriarán: Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada. Edicións do Castro. 1999, que reproduce moitos inéditos do autor, incluídos os apuntes sobre o galego, en especial do Valdeorras, que tamén estaban sen dar á luz.

De resto, en apoio utilicei todo tipo de material léxico do galego ao meu alcance, publicado en libros, revistas ou en edición electrónica, aparte dos meus propios apuntes sobre a materia. As obras máis concretas que podan iluminar un caso concreto van citadas no medio do texto. Sinalar todo o material bibliográfico, que está na base do traballo, incharía de xeito innecesario o que só é un artigo.

4. Ricardo Gurriarán, na Biografía, páx. 246. Para *tintes e pinceladas*, páxs. 150 e 214.



*Ensimismado nestas cousas,
e vagando pola rúa Nova,*

As decisivas conexións Córgomo-Barcelona

Anxo Baranga & Lito Caramés

PRIMEIRO ACTO: OS SILENCIOS

Era setembro de 1999. Semellaba que o mundo ía estoupar en calquera momento. Había sinais poderosos que así o indicaban. A marca da besta, 666, estaba incrustada no 1999, que ademais era ano santo. Co cambio de milenio, o cambio de dízitos de 1900 a 2000 seica provocaría un caos tecnolóxico no planeta que nos arrastraría aos tempos medievais do gran Mestre Mateu... E eu, mira por onde, facéndolle unha homenaxe ao tal Mestre Mateu, interpretando en pintura os vinte e catro músicos do Pórtico da Gloria, os protagonistas da mostra *Máquinas para un Xuízo Final*, expostos no Hotel Aragonay (Compostela) a carón de pezas doutra das miñas series: *No País da Auga*, para non esquecer –con Federico García Lorca– que “Chove en Santiago”.

Si, os sinais eran ben poderosos.

Ensimismado nestas cousas, e vagando pola rúa Nova, parei xusto diante da tenda de Sargadelos, atraído pola fotografía de portada dun libro que tiñan no escaparate. Edicións do Castro acababa de sacar do prelo *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. O autor, Ricardo Gurriarán. A foto transportoume á infancia; esa mesma foto aparecía nunhas follas soltas do que debeu ser

unha edición publicitaria das cooperativas e adegas de Valdeorras (anos 40 ou 50), que tiña meu pai entre as súas revistas de patróns. Meu pai, no inverno, facía de xastre. Atraído pola fotografía folleei a contraportada do libro, e o tal Florencio si que era valdeorrés, pero ademais era de Córgomo!, de onde son eu! Compreino, fun para o hotel e quedei apampado... Deixei de lado a exposición do Aragonay e as miñas cavilacións sobre a fin do mundo e outras conxuras planetarias. Fun aducido por aquel libro, co que descubrín segredos e silencios descoñecidos por min ata aquel mesmo momento. Tempo era!

SEGUNDO ACTO: NA TABERNA DO RE

Verán do ano 2000. O mundo non estoupara; os falsos agoireiros andaban nas súas horas baixas ou procurando outras datas para dar cabo deste mundo.

Nese verán coñecín a Ricardo Gurriarán. Entre cuncas de viño na taberna do Re en Córgomo, Ricardo faloume do seu libro, de Florencio Delgado Gurriarán, de Isaac Díaz Pardo, de Xesús Alonso Montero, da Guerra Civil, de Córgomo, de Valdeorras, de tantas e tantas cousas que nin miña nai nin meu pai nunca me contaran, nin ninguén da familia; nin sequera de Córgomo. Por que tantos silencios?

–Porque aínda hai medo, Anxo. – Foi a resposta de Ricardo Gurriarán, sobriño do poeta.

Foi nesas tardes do verán do ano 2000 cando comecei a argallar plans e estratexias para recuperar a memoria do poeta. O libro de Ricardo era o necesario punto de partida. Non sabía por onde arrincar, pero a idea ía medrando nos meus miolos. Ademais o 2003 sería o centenario de nacemento de don Florencio. Ese si que era un sinal poderoso.

Que se podía facer? Talvez reclamarlle á Real Academia Galega que homenaxease coas Letras Galegas a don Florencio? Talvez!

TERCEIRO ACTO: FURAFOLLAS AGRUPACIÓN TEATRAL

Anos 2001, 2002, 2003. Foron anos de actividade frenética no mundo galego en Barcelona: exposicións de pintura, *performances*, actuacións de teatro, grandes mobilizacións pola catástrofe do Prestige... E sempre rodeado da xentada de Furafollas Agrupación Teatral, compañeiros de viaxe polas rúas, nos centros cívicos, nos centros galegos. Convén parar agora, antes de seguir coa narración, e contar brevemente que vén sendo Furafollas Agrupación Teatral: unha plataforma para difundir a cultura galega a través do teatro e as artes plásticas, e foi tamén a ferramenta indispensable para recuperar a



abducido
por aquel libro,
co que descubrín



segredos
e silencios

memoria de FDG. A primeira vez que lles falo aos Furafollas de Florencio e das miñas intencións e da posibilidade de irmos a Córghomo a reivindicar a súa memoria con teatro e poesía, un "síiii, vamos todos a Córghomo!" Foi unánime. Ben! A verdade é que sempre tiveron a dúbida, se se apuntaron pola poesía ou foi polas ganas de festa e do bon godello. Neses anos forman parte da Agrupación mulleres e homes especialmente activos no mundo da cultura galega en Barcelona: Lito Caramés, profesor, escritor e crítico de arte; Paola Beiro, actriz de *As Garotas da Ribeira*; Xepe, licenciado en física e profesor de esperanto; Alberte Montes, actor; Xoán Gil, profesor de inglés e activista do Partido Comunista; Ana Escourido, filóloga; David Magdalena, técnico sanitario; Alba e Enric, dous adolescentes cataláns gañados para a causa galega; Sabela, Dani, Iria, Ana, Ana Belén, Paulo, Sara, Mónica, Encarna, Sole, Xosé Mari, Miriam, Víctor... e moita máis xente que colaborou e colabora dunha maneira ou doutra cos Furafollas. Ao seu arredor créase *Plataforma Nunca Máis de Catalunya*, que despois se reconverte en Rede.cat, desembocando todas na actual *ACGB* (Asemblea Cultural Galega de Barcelona). Vinte e cinco anos despois, Furafollas Agrupación Teatral segue coa mesma actividade e ilusión ca nos intres de ser fundada.

Prosigo a narración.

Unha tarde de 2001, a primeiros de xullo, visitando e gozando coa familia do magnífico *13º Festival Internacional de Teatre i Animació* de Viladecans, cavilaba eu que un festival desas características sería ideal para facelo en Valdeorras. Quen puidera!! E foi aí!, nese momento, cando o vin claro! A maneira de recuperar a memoria de Florencio, tiña que ser a través do teatro. Ademais eu con-

taba cos indestrutibles Furafollas. Tan só precisaba que a comisión de festas de Córghomo se implicase.

Esa mesma tardiña chamei desde unha cabina telefónica en Viladecans, á taberna do Re, e falo coa Celia. Aínda non tiña móbil.

—Ola Celia. Boas. Son Anxo, o Gelito. Como vai todo por Córghomo?

—Ola, que tal? Que milagre chamei. Por aquí todo ben, e vós, por Barcelona, que tal?

—Ben, moi ben! Oíches Celia, sabes se este ano haberá festas en Córghomo?

—Pois mira, precisamente están aquí os mozos formando a comisión de festas. Se queres pásosche ao Manuel.

—Pois logo pásamo.

—Eil, Gelo, que tal? Como van esas Barcelonas?

—Ola, Manuel. Ben, moi ben por aquí! E vós en Córghomo? Que? Temos festa ou non temos festa este ano?

—Home, claro que temos. Non vamos ter. Vaia, hom!

—Pois, escoita ben, Manuel! Se temos festa, na véspera da festa, o día 28, e se vós parece ben á comisión, facemos unha noite de teatro coas veciñas e veciños que queiran participar, grandes e pequenos. Que vos parece?

—Que nos vai parecer? Caralludo!!

—Pois dádelle aviso a todos os que queiran vir. Eu o día 10 chego a Córghomo e preparámolo todo axiña.

—Está feito!!!

CUARTO ACTO: AS XORNADAS TEATRAIS FDG

O éxito desa noite, 28 de xullo de 2001, foi tan impresionante que decidimos volver a facelo cada ano, aumentando a participación nos seguintes anos. A mobilización das veciñas e veciños de todas as idades foi extraordinaria, unha explosión social que contaminou ao resto de Valdeorras, e co tempo ao resto da Galiza.

As veciñas e veciños de Córghomo crearon a Asociación Cultural Florencio Delgado Gurriarán. Desde esa entidade axudaron e animaron a publicar o libro *Antoloxía Vide, paisaxe*, fala coas poesías de Florencio e tamén un CD do cantautor Anxo Rei Fronteira de Cigoñas. Daquela seguen as xornadas de teatro cada verán, exposicións; sesións de narración oral, de circo; obradoiros de teatro, de malabares, carreiras pola toponimia... Os medios de comunicación apoiaron positivamente toda estas manifestacións culturais: *O Sil*, *La Región*, *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *El Correo Gallego*, *RGT* (*Revista Galega de Teatro*), *RTVG*, *Onda Cero*, *COPE*, *SER*... todos!!

Grupos e persoeiros como Xesús Alonso Montero, Carlos Casares, Xosé María Álvarez Cácamo, Luz Fandiño, Anxo Angueira, Antón Dobao, Chus Pato, Quico Cadaval, Mofa e Befa, Tucho Calvo, Cándido Pazó, Festicultores, Redes Escarlata, Circo Pista Catro, Mini e Mero, *As Garotas da Ribeira*... e sinto que me deixo a moitas persoas e grupos profesionais e amateurs que participaron para reivindicar a poesía de FDG.

Desta maneira, sinxela, case sen decatarnos, comezou a recuperación da memoria de FDG, e naceu a proposta de solicitar as Letras Galegas para Florencio Delgado Gurriarán.

Na taberna do Rei



entre curvas de vinho



As *Xornadas Teatrais* FDG fixéronse desde o ano 2001 ata o 2013, que se dan por rematadas. Paralelamente, no 2010 creou o proxecto *En Construción*, no que utilizo as paredes da casa que nacín para narrar e reivindicar a historia de Galiza con FDG e co pobo de protagonistas, na base das paredes as veciñas e veciños de Córrego e Valdeorras, que participaron e colaboraron nas Xornadas de Teatro, despois aparecen persoeiros da cultura galega. A base é o pobo galego, apoiando aos artistas e creadores, todos xuntos protagonistas nas mesmas paredes dunha “Galiza Infinda” de Florencio. O proxecto segue e seguirá sempre en construción...

QUINTO ACTO: AS INSTITUCIÓNS

O apoio de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universitat de Barcelona (UB) e mais do Lectorado de Galego da Universitat Autònoma de Barcelona, foi fundamental. A profesora Helena González encabezou a organización de actividades na UB, no Centro Galego de Barcelona e na Galería Sargadelos durante un trimestre enteiro. Nas *Xornadas Florencio Delgado Gurriarán*, unha memoria do exilio destacou a participación de Xesús Alonso Montero, Basilio Losada, Ricardo Gurriarán, María Campillo e o actor Avelino González. E nese tempo, e na mesma cidade, puido verse a exposición *Bebedeira de sonhos*, preparada por Ricardo Gurriarán. Ademais, Helena González, xunto con María do Cebreiro e María Xesús Lama, coordinaron un especial da *Revista das Letras* (núm. 419, 2002), co título *Florenciada*. O novo *Odiseo*, no que participaron (ademais delas tres) Miguel Anxo Murado, Inma López Silva, Dani G. Salgado, Alfonso Becerra, Roxerio Pombo, Pilar Fernández Iglesias, Olga Nogueira, Mónica Góñez.

Todos estes eventos encheron de forza a Fura follas e a todas as persoas que estabamos metidos no proxecto tanto en Barcelona como en Valdeorras deunos un pulo e unha visibilidade institucional fundamental para tirar para diante. Tamén La Xina ART, galería de arte auto-xestionada por artistas na que participei durante sete anos, se incorporou ao proxecto. Artistas plásticos de La Xina Art foron expoñer ao Barco de Valdeorras, *Poemoria*, na Fundación Valdeorras, sita na casa do Río Cigüeño. E artistas valdeorreses expuxeron en Barcelona (La Xina ART), *Bebedeira*.

Asemade, O Catalizador, foi outro proxecto plástico de Fura follas Agrupación Teatral que procuraba xuntar as terras de Galiza e Cataluña por medio da poesía e do teatro. Realizouse, primeiro no ano 2011, no Centro Galego de Barcelona xunto con La Xina ART, e logo no ano 2012 no Ateneu Roig, xa coa colaboración tamén da acabada de crear Asemblea Cultural Galega de Barcelona (ACGB).

SEXTO ACTO: XORNADAS VALDEORRESAS

Coa colaboración da nova ACGB e do Ateneu Roig de Barcelona, os Fura follas organizan as *Xornadas Valdeorresas* nas que se promove a comarca de Valdeorras e a poesía de FDG nas Primeiras Xornadas Valdeorresas (2018). Nas Segundas Xornadas Valdeorresas (2019) vólvese lembrar a poesía de FDG, e engádense ás lembranzas ao clown valdeorres Paco González, de Vilar de Silva, cunha exposición de fotos do propio clown e a presentación do espectáculo *Quimera* de Gabriel Prada, alumno de Paco González.

Nas mesmas xeirás preséntase o fanzine valdeorres *Barullo*, a cargo do novo poeta Jorge Moral, gañador do I Premio de poesía Florencio Delgado Gurriarán (acabado de crear) así como o espectáculo de narración oral *IDA / VOLTA*, con Blanca Cotado, Jorge Moral, Gabriel Prada e mais eu, Anxo Baranga.

Nos anos 2020 e 2021, por causa da pandemia non se puideron facer as 3as. Xornadas Valdeorresas.

SÉTIMO ACTO: MOVENDO OS MARCOS

No verán de 2021 Fura follas Agrupación Teatral foi de xira por Galiza e que despois levou a Barcelona o espectáculo *Movendo os marcos*, de Blanca Cotado e Anxo Baranga, no que pretendemos recuperar a memoria da Galiza e da Barcelona nas que viviu FDG. Neste mesmo ano 2021, a RAG (Real Academia Galega) decide homenaxear a Florencio Delgado Gurriarán cas Letras Galegas no ano 2022. Por fin!!

A memoria de Florencio será recuperada con todos os honores. O traballo está feito. Nel participaron centos de persoas de Galiza e mais de Barcelona. Fura follas Agrupación Teatral segue a preparar as 3as *Xornadas Valdeorresas* de Barcelona, que agora estarán ligadas aos eventos das Letras Galegas 2022 que van ter lugar en Galiza. Ben seguro que para o ano 2022 os Fura follas volverán de novo a Córrego, polas ganas de festa, de godello e de poesía de FDG.



... co título
Flores da, o novo
Odiseo.

... e seguirá sempre en

Construcción





O traballo
está feito.
Nel traballaron
centos de persoas
de Galiza e moitos
de Barcelona

Florenccio Delgado Gurriarán

Historia gráfica

Eva Piay Fernández (Rubiá, 1999),

estudou Belas Artes en Valencia, onde tamén forma parte de Estudio Merendero. No 2021 gañou o premio de ilustración Pura e Dora Vázquez, realiza varios proxectos de ilustración, ao tempo que se dedica a crear obra plástica e visual.

A seguinte historia gráfica realizada pola valdeorresa Eva Piay, está inspirada na entrevista que en 1979 realizou a investigadora Dolores Pla a Florencio Delgado na súa casa de Guadalajara, México, enmarcada no proxecto “Historia oral dos refuxiados españois en México” que formaba parte do Arquivo da Palabra, do Instituto Nacional de Antropoloxía e Historia de México, e que se pode consultar integramente no seguinte enlace:

<https://mediateca.inah.gob.mx/repositorio/islandora/object/entrevista%3A884>

Dolores Pla Brugat (1954-2014) foi unha historiadora e investigadora nacida en Vilasacra, Xirona, e nacionalizada mexicana, país a onde se trasladou coa súa familia á idade de doce anos. Alí licenciouse en Historia e integrouse como investigadora na Dirección de Estudos Históricos do Instituto Nacional de Antropología e Historia (INAH) en 1978, para participar no proxecto sobre os refuxiados españois antes

citado, ao que se reincorporará, tras unha breve ausencia, en 1982 como coordinadora. Durante quince anos realizan 120 entrevistas a exiliados españois, testemuñas da historia do seu país e dos países nos que se refuxiaron, recompiladas no *Catálogo del fondo de historia oral: los refugiados españoles en México* (2011), da que o INAH cedeu copia ao Goberno Español, conservada na Sección de Guerra Civil do Archivo Histórico Nacional. Dolores Pla dedicou a súa vida ao estudo do exilio republicano en México e é considerada unha das mellores especialistas e principal autora de artigos e libros sobre este tema.

Dolores Pla incorpora a seguinte apreciación, previa á transcripción da entrevista:

As entrevistas co señor Delgado realizáronse [23, 24 e 25 de agosto de 1979] no seu domicilio particular, unha pequena casa de aspecto humilde nunha “cerrada” próxima ao

centro da cidade de Guadalajara, amoblada de xeito moi sinxelo tiña nas paredes debuxos do artista galego, paisano e amigo do señor Delgado, Arturo Soto. O informante é unha persoa de trato suave e ás veces parece un pouco tímido. Recibíume sempre de xeito moi amábel pero o problema central que tiveron con el foi que sentía, que como non tivera unha vida heroica ou demasiado espectacular, carecía de importancia o que me puidese relatar, e cada vez que tiña oportunidade suxeríame que entrevistase a tal ou cal persoa que estaba máis autorizado que el para falar de determinado asunto. As entrevistas realizáronse no comedor da casa e víronse interrompidas en diversas ocasións polo timbre do teléfono e as seguintes conversacións que se facían alí mesmo, ou porque pasaba algún dos membros da familia. Finalmente, considero que a información recadada pode ser de utilidade, xa que me falou dalgunhas cousas pouco coñecidas, sobre todo referentes a Galicia e ao galegos.

adaptación da entrevista realizada por Dolores Plá

Florencio
Delgado
Gurriarán

Guadalajara, México
(agosto do 79)

por Eva Plá Fernández

vostede pensaba que o
exilio duraría tantos
anos como durou?



CLIC

pois non, eu que
máis ben son un
home pesimista,
e por desgraza a
realidade acostuma
a dar a razón...



sempre supuxen que perderíamos
a guerra civil, pero cría que co fin da
guerra internacional triunfarian as
democracias.



Franco xa debía
ter caído no
cuarenta e cinco



Ahá,
no 68

Regresou a
España?

A primeira
viaxe?

si



Os primeiros refuxiados que
volvieron tiñan que facer unha
serie de declaracións que eu non...
nunca quixen facer, porque me
parecían vexatorias, sabe?



Cando eu fun xa non era
imprescindible, podíase ir co
pasaporte mexicano. Presenteime
con el nas oficinas oficiosas de
Franco en México.

interpretación dun debuxo de Arturo Souto

"USTED TIENE
QUE HACER UNA
DECLARACIÓN
DE TAL Y TAL"

e digo:

"YO NO HAGO
NINGUNA
DECLARACIÓN"

"SI USTEDES ME
ADMITEN EN
ESPAÑA COMO
CIUDADANO
MEXICANO VOY,
SINO, NO VOY"



"BUENO"
dinme
¿VA POR SU
CUENTA?"

"VOY POR MI CUENTA,
IRÉ PORQUE NO TENGO
NINGUNA COSA DE QUE
REPROCHARME"

e fun,
e ningún
se meteu
conmigo.





Cal foi a súa impresión de Galicia despois de tantos anos de ausencia?

Pois de gran emoción, naturalmente.

Cos cambios naturais que pode haber nun país despois de... En realidade saín no ano trinta e seis así que xa eran... trinta e dous anos!

Despois de trinta e dous anos de ausencia...

O pobo seguía falando galego, e os escritores xa o escribían.

En realidade non metíndose...

Non contando a cousa de Franco, pero para falar había certa liberdade.



E o nivel económico era superior ao do ano trinta e seis, sen dúbida.

Claro que non foi polo milagre do réxime, senón pola evolución xeral das circunstancias.

Moita xente saía tamén a empregar-se a Europa, e a emigración supoñía diñeiro para Galicia... para toda España en realidade.



Sentiuse igual que os galegos de alá? Ou xa sufrira vostede algún tipo de cambio?

Indudablemente que se sofre un cambio, certo?

Ten que influir e influir, non somos impermeables.





Onde estaba cando estallou a guerra?
En Córrego, na miña aldea.
Como se viviu alí?
— Pois mire...

onde eu estaba non podía ser un testigo
da loita que houbo os primeiros días
porque como lle digo, é unha zona rural.

Alí entraron sen apenas oposición,
pero deseguido houbo xente que ...
Alguén por fuxir da represalia e
outros por sentimentos, sabe?



Xente inimiga do fascismo botouse ó monte a vivir
loitando dentro das escasas posibilidades e os escasos
medios que tiñan, pero fixérono ben.



Proba delo é que as guerrillas
pola zona de onde eu son, duraron
case ata finais dos 40...

Nas cidades houbo pequenas loitas pero
deseguida caeron. Houbo falta de decisión das
autoridades, que xa non contaban con Madrid.
Non había medios para combater a sublevación.



... pero non houbo elementos para a
resistencia e fusiláronos.



En Pontevedra, quen quixo
organizar unha resistencia
foi Alexandre Bóveda, un
home mozo do Partido
Galeguista, cunha gran
capacidade de organización...



«A derradeira lección do mestre», Castelao

Foi dura a represión?



Durísima. Tremendamente dura, criminal.

Xente que non podería un supoñer que tiveran dentro de si un asarino, eran asarinos que non tiveran nunca ocasión de asarinar.



Pero cando a tiveron aproveitárona ben. E habíaos que se poñían o seu uniforme da Falanxe ou de requeté...



...e lanzábanse a matar xente polas aldeas e cidades.



Os galegos non querían colaborar cos rebeldes?



Xamais! Como lle digo, prolongouse moitísimo tempo a resistencia.

E entre os que ingresaron no exército rebelde houbo moitos desertores.

Moitos entraron de requeté, nada máis que para ter ocasión de ir ó fronte

e pasarse ó campo republicano en canto puideran.





A LÚA, BRANCA PASTORA

Poema de Florencio D. Gurriarán do seu libro *Bebedeira*

*Tên sede a avenza das nubes
e baixa a beber ao río,
pérdense algunhas ovellas
antre os carballos espidos*

*A pastora lúa,
coas mans de luar,
acénalle ao vento,
quen, ladrador can,
pola carballeira
vainas a buscar,
e aos eidos do ceo
vólveas a levar.*

*Ao sintirse magoadas
polas poutas das estrelas,
cara a banda de Sant-Iago
todas dán sebo ás canelas.*

*A pastora lúa
incírralle o vento
ao fato e tras del
bótase correndo,
mais as ovelliñas
fúxenlle con medo,
e, polo horizonte,
pérdense tremendo*

*Correndo o vento tras delas
foi bater contra uns penedos,
esnaquizóu a cachola,
ficóu ouveando e morrendo.*

*A lúa, branca pastora,
toda a noite anda a chorar;
polo vieiro de Sant-Iago
fuxíronlle avenza e cán;
ba de vir seu pai o sol,
tenlle medo ao seu rifar
e corre, enantes que veña
trás do monte a se agachar.*


ReiCabezudo, ou Celia Rey (1995) é orixinaria de Valdeorras. Viviu e creceu alí ata que se mudou a Pontevedra para cursar o grado en Belas Artes. Unha vez rematado, trasladouse a Barcelona, onde continuou os seus estudos, especializándose en Deseño Gráfico, animación 2D e ilustración.

Actualmente, dedícase ao mundo da ilustración realizando encargos e colaboracións. Algúns dos proxectos nos que consta a súa participación son a ilustración realizada para a ruta de sendeirismo "A loba da fada" ou a ilustración para as camisetas da marca Köllen, a parte de encargos a clientes particulares.



Branca pastora

*maio
calogato*



A pastora lúa
incírralle o vento
ao fato e tras del
bótase correndo,




mais as ovelíñas
fúxenlle con medo,
e, polo horizonte,
pérdese tremendo.



Correndo o vento tras delas
foi bater contra uns penedos,
esnaquizóu a cachola,
ficóu cuveando e morrendo.





Versos do poema "A lúa, branca pasotra" de Florencio Delgado Gurriarán.
Musicalizado polo cantautor Valdeorrés Anxo Rei no seu álbum "Fronteira de cegoñas"
e que inspirou esta banda deseñada.



*FDG nunha foto de carnet. Ca. 1936-1939
Arquivo Ricardo Gurriarán*

Os seguintes artigos son unha edición facsímil dos publicados en anteriores edicións da Revista *Raigame*, concretamente por Ricardo Gurriarán nos números 13 e 30 (maio de 2001 e maio de 2009) e por Miro Villar no número 23 (maio de 2006).

serie / **DOCUMENTOS**

Ricardo Gurriarán

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Vida e obra dun poeta valdeorrés,
republicano e galeguista



EDICIÓN DO CASTRO

RICARDO GURRIARÁN RODRÍGUEZ

Natural do Barco de Valdeorras (1953). Realiza estudos de Educación Física no INEF de Madrid. Unha vez licenciado nesta disciplina incorpórase á docencia no Instituto Xelmírez de Santiago. Participa en experiencias de innovación educativa. Afeizoadó á historia, en particular á de Valdeorras e á da pedagogía, imparte varias charlas destes temas. Publicou tres libros: *Aportación de La Institución Libre de Enseñanza a la Educación Física del Siglo XIX*. Ed. Tórculo, Santiago, 1996; *FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Ed. Do Castro, Sada-A Coruña, 1999; e *Da prerromanización ao wolfram: apuntamentos históricos da minería en Valdeorras*. Ed. Tórculo, Santiago, 2000. Actualmente está a realizar a tese na Facultade de Historia da Universidade de Santiago, no Departamento de Historia Contemporánea.



l i t e r a t u r a

**FLORENCIO
DELGADO
GURRIARÁN,
POETA VALDEORRÉS
NO EXILIO MEXICANO**

Ricardo Gurriarán

*Ilustracións do libro Florencio Delgado
Gurriarán. Vida e obra dun poeta
valdeorrés, republicano e galeguista,
Edicións do Castro, 1999.*

*Esta ponencia foi presentada no Congreso do
Exilio celebrado en Pontevedra do 25 ao 27
de xaneiro de 2001.*

**Antecedentes familiares e comezo dunha
concienciación política nacionalista:**

Florencio é fillo dunha familia valdeorresa de clase media, propietaria agraria. Nace en Córcomo de Valdeorras en 1903. Por mor da profesión do seu pai, perito agrónomo, vese obrigado a continuos traslados pola xeografía española, desde que tiña seis anos: Ourense, Palencia e Valladolid. Nesta última cidade comeza os seus estudos universitarios de Dereito nun período de máxima axitación política, o chamado trienio bolchevique, ao que os estudantes non permanecen alleos, trasladándose o conflito ás aulas, nestes momentos do declinar restauracionista. Este sería o punto de partida do compromiso social de Florencio adubado cun despertar nacionalista por correspondencia ao ler o xornal *A Nosa Terra*, o voceiro das Irmandades da Fala, do cal era suscriptor, como se dun emigrante galego en América, do tempo, se tratase. Estamos a falar do treito que vai desde 1918 a 1924,

momento no que remata a carreira. Con anterioridade lera a Rosalía e Curros, que despertaran a súa vocación poética, iniciada por este tempo.

No ano 1928 retorna a Valdeorras. Entre lecturas e “empape” da súa terra, á que tan só acudía nos veráns, e que estaba desexoso de degustar, buscou facerse un sitio na profesión a través dunhas infinitas preparacións de oposicións para Rexistros. Neste retorno comeza a súa obra poética publicada en diferentes xornais e revistas: *El Heraldo de Galicia*, *A Nosa Terra*... Ao tempo de vencellarse nas estruturas locais de Córcomo: organizaba festas, promovía actividades culturais e levaba pleitos dos veciños, pois traballaba de pasante nun bufete do Barco.

Tamén, nesta altura, comezaría a actividade protopolítica organizada, se se me permite, de Florencio, unha vez que Risco dera o pistoletazo de saída para organizarse politicamente nas Irmandades, a través das



Excursión ó campo da familia Gurriarán. Abaixo, Araceli. Na segunda fila, de esq. a dta.: Teresa, Chari e María, irmá de Florencio. Na fila superior: Gonzalo, Rocío, Florencio, un descoñecido, Maruxa, e a tía, Berta. (Ca. 1919).

páxinas de *A Nosa Terra*, en febreiro de 1930, logo de seren superadas controversias entre políticos e apolíticos, nun momento propicio organizativo e de amplo sentido antidictatorial para a articulación política de todo signo, aínda que tardío por parte do nacionalismo¹. A unificación do nacionalismo galego daríase na VI asemblea da Coruña, de abril de 1930. Entre os puntos da mesma figuraría a creación de Irmandades en diferentes lugares de Galicia.

Froito deste acordo creárase a **Irmandade Galeguista Valdeorresa** da que Florencio formaba parte en calidade de representante de Córrego. Na súa constitución remarcábase o seu carácter interclasista. Da man de Otero Pedrayo acudiran a unha xuntanza organizativa previa en Ourense, o 15 de abril –supoñemos que preparativa da asemblea da Coruña que tivera lugar o día 27 dese mes, co fin de recabar adhesións e apoios de irmandades preconstituídas, como era a valdeorresa–. Formalmente a organización de Valdeorras constituírase neses días dado que aparece como tal no nº 271 de *A Nosa Terra* de 1 de maio de 1930. Xa nese ano comezaría a celebrarse en Valdeorras a “Diada de Galiza”, tal e como así denominarían este festexo nacionalista. Nesa primeira celebración correría unha folla voante asinada pola Xuventude

Autonomista que contiña a poesía de Curros “A emigración” ao tempo de chamar á loita pola redención de Galicia:

Yrmans, loitade pol-a ¡GALIZA GRANDE! Redimir a GALIZA e obra da xuventude y-o agro. ¡Loitade xuntos pol-a libertá da nosa terra.

Ao tempo editaran un manifesto defendendo a lingua. Terían lugar varios actos en diferentes sitios da comarca, entre eles un banquete de fraternidade en Vilamartín, no que repartiría o folleto de Cuevillas *Pol-a fala*, e un acto literario na Rúa, que remataría coa lectura do poema de Cabanillas “Galicia”.

Chega a República: comezan as actividades políticas organizadas

Florencio, desde a trastenda, organiza unha candidatura para o Concello de Vilamartín, ao que pertencía Córrego, encabezada polo seu tío Manuel, vello “fontaneiro” político de Bugallal na Restauración, que agora se enfronta ao cacique local, Don Demetrio Macía, antigo compañeiro das forzas conservadoras, reforzado politicamente na Dictadura de Primo de Rivera². Nesta candidatura do 14 de abril ían integra-

1. Chegara o momento de converter as actitudes do galeguismo cultural en propostas políticas diante dun réxime caduco, por medio das Irmandades, de xeito unificado, logo de manter esta discusión durante moitos anos, e que froito dela dera lugar a divisións dentro do nacionalismo (ver BERAMENDI e NÚÑEZ SEIXAS, *O nacionalismo galego*, Ed. A Nosa Terra, 1995; e “O galeguismo a través das aulas” en *Instituto Xelmírez: pasado e presente*, VARELA F. Ramon, Ed. da Deputación da Coruña, 1997, páxs.123-173).

2. Este tipo de candidaturas plurais dérase en Valdeorras no 14 de abril, e o que é máis paradoxico, nas alianzas posteriores nas que se ían mesturados elementos reaccionarios cos da coalición azañosa-socialista (ver GURRIARÁN 1999: 37-40, 50-52 e 56-57).

dos algúns galeguistas, Florencio actuaría como interventor.

De seguida a organización valdeorresa adhírese ao recién creado Partido Nazonalista Republicano de Ourense, de Otero Pedrayo. O contacto con este era permanente, e a adscrición ideolóxica católico conservadora nacionalista do grupo de Ourense ligaba perfectamente coa dos valdeorreses³. Sucederonse as visitas e mitins de Otero a Valdeorras, fundamentalmente na campaña ás municipais de finais de maio, e ás lexislativas de finais de xuño.

Tiñan de man o xornal *La Zarpa*, o seu cronista valdeorrés era un galeguista, Miro Villagómez, que de tempo en tempo sacaba referencias do galeguismo organizado en Valdeorras. O propio Florencio significara que na súa aldea eran preto de 60 ou 70 os galeguistas organizados que había daquela⁴.

Florencio envía unha nota de adhesión á VII Asemblea Galeguista de Pontevedra, ao que acudira un grupo do Barco, da que xurdiría o Partido Galeguista. No ano 1931, escribiría poemas de contido sociolingüístico como “Opinión sobre o galego” e “Carta de Guan de la Era al Doutor Nuevo Campito”, e políticos como: “Xuntanza”; ao tempo de facer o traballo en prosa: “O que din os rumorosos”, dos poucos que fixera neste xénero, de ton redencionista, facendo unha acre crítica da política caciquil e centralista. Neste artigo concreta abertamente a forma política desexable para Galicia, baixo o seu punto de vista: *Galicia independente, autónoma, unión dos pobos da Península*, mais sen materializar. Máis adiante Florencio optaría por unha ampla autonomía cun recoñecemento absoluto da personalidade galega como nación, dentro dunha España federada –mellor confederada, segundo el–, na que collera tamén Portugal: *unha Confederación Ibérica dentro da Confederación Europea*.

Durante o período republicano foi unha constante a loita que por medio da pluma Florencio levou a cabo publicando no *Heraldo de Orense* e en *A Nosa Terra*. Por esta razón citamos os poemas e artigos desta época, que tiñan “vocación crítica” sociolingüística ou política. Logo dun ano en Madrid para preparar as nunca consumadas oposicións a Rexistros, retorna a Valdeorras. Á volta, afíliase ao Partido Galeguista coincidindo coa derrota gubernamental nas eleccións de novembro de 1933. Os galeguistas valdeorreses participaron activamente nesta campaña



Carné do Partido Galeguista.

electoral. Don Ramón e Bóveda viñeran a dar un mitin ao Barco, e logo a participar nun acto organizado pola Mocidade Galeguista. A este evento electoral os galeguistas presentáranse sós, e supuxera unha estrepitosa derrota ao quedárense sen parlamentarios. Logo das eleccións, os galeguistas valdeorreses replican cun artigo no *Heraldo* a outro que fixera o Grupo Galeguista de Ourense analizando os resultados electorais, co que os valdeorreses discrepaban, achacando estes a derrota ao caciquismo. Neste artigo nótase a man de Florencio, coma noutro que aparecera uns días despois conmemorando a morte de Pardo de Cela, asinado por uns galeguistas de Portela-Córrego, no que, entre outras cousas, pídese liberdade para a terra. A finais de 1933, de novo os galeguistas valdeorreses volven á carga en *A Nosa Terra* cun furibundo ataque ao caciquismo local comparando a situación actual á de tempos pasados da dictadura primorriverista. O artigo estaba asinado por un galeguista valdeorrés.

A principios de 1934 publica o poema “Fala Galiza”, onde de novo se recrea na crítica política, neste caso centrado nos radicais e na CEDA que acababan de acceder ao poder, aínda que non deixaba de lado a Casares e a Prieto.

A finais do mes de xaneiro Florencio acode á III asemblea anual do Partido Galeguista en Ourense, en representación da *Xunta Directiva* do grupo de Córrego-Portela. Aquí coñece a Castelao, e é onde comeza a haber disensións no partido entre esquerdas e dereitas. Os valdeorreses asumen a liña de “esquerdas” que nesa altura abandeiraba Castelao⁵.

Sería esta unha etapa de expansión do partido en Valdeorras. Organización de actos, constitución de

3. Foran da man ata a chegada da Fronte Popular de febreiro do 36. Nesta altura, en Valdeorras, Florencio e algúns galeguistas máis separáranse da facción galeguista de dereitas, apoiando á Fronte Popular. Obterían representación no Concello de Vilamartín: a proporcional ($\frac{2}{3}$), negociada, que aquelas circunstancias permitiron (as xestoras municipais).

4. En gravación feita a Florencio por Dolores Pla, do Arquivo da Palabra, da UNAM, de México.

5. Entrecomiñamos esquerdas, dado que non consideramos como tal a liña do partido ata a aposta decidida pola fronte popular.

novas agrupacións na comarca, presentación de estatutos, nomeamento de corresponsal do xornal *A Nosa Terra*, participación en manifestacións con representación partidaria, entre outras, foran as actividades dos galeguistas valdeorreses en 1934. O 25 de xullo lanzarían unha folla alusiva ao día, no que destacan a confederabilidade como forma de relación dos pobos do Estado.

Neste período sería de destacar o unitarismo de galeguistas e comunistas no concello de Vilamartín, fundamentalmente liderados por Florencio e Santiago Álvarez, sendo un elemento esencial para esta empresa o talante aberto de ambos. Xuntos levarían a cabo tarefas de concienciación política a través do asociacionismo cultural por diferentes aldeas do concello.

Logo dos acontecementos de Asturias, como se sabe, Castela e Bóveda sufriron desterro fóra de Galicia. Os galeguistas valdeorreses acompañarían aos represaliados no tren que viaxaban, desde Monforte ata a saída de Galicia, por Valdeorras. Tamén en Valdeorras, con motivo das penas de morte consecuencia dos sucesos de Asturias, encetaríase unha campaña de recollida de sinaturas pedindo o indulto, con moita resonancia na prensa galega. Desde este momento ata a guerra civil sería pouca a produción literaria de loita de Florencio, tan só dous traballos, un sociolingüístico: “Falan castelán”, un dos poemas de Florencio máis publicados; e outro, que era o comezo dun novo subxénero, a crítica política en prosa curta, co nome de “Miudezas”, no *Heraldo de Galicia*. Este tipo de artigo ía ter periodicidade semanal, pero finalmente só publicou un -descoñecemos as razóns-.

Coma en toda Galicia, o apoio á Fronte Popular supuxo en Valdeorras unha escisión do partido, ou mellor dito, a materialización das divisións internas do Partido Galeguista plasmáronse unha vez que decidiran apoiar á Fronte Popular. En febreiro de 1936, Florencio e os que seguiron no partido como tal, con motivo da campaña electoral, trouxeron a Bóveda ao Barco a dar un mitin. A Fronte Popular, pese a colleitar moi bos resultados na comarca, non obtivo ningún representante frontista en Ourense, ao contrario, saíran practicamente todos dereitistas. Tamén acudiría Bóveda a Valdeorras á manifestación de celebración do triunfo da Fronte Popular, que percorrería todo o val, o 5 de abril. Sería moi concorrida a que se celebrara o 1º de Maio dese ano, con forte presenza galeguista.

En xuño comezaría a campaña do Estatuto, na que os galeguistas e os comunistas tiveran un destacado papel. Nesta altura confluíría a Dereita Galeguista organizada de Valdeorras, sumándose a prol do Estatuto cunha folla voante que pedía o voto afirmativo. O chamamento viña asinado polo outrora compañeiro de Florencio no Partido Galeguista, Miro Villagómez, co pseudónimo Xan das Cousas.

O comezo da Guerra Civil

Tras uns primeiros momentos de incertidume: detención de varios alcaldes valdeorreses, enfrontamentos coa garda civil, represión física nas aldeas... Florencio fuxe ao monte, e logo refúxiase en diferentes casas familiares. Despois escóndese en Portugal, e logo de moitas peripecias, pasa a Francia para a continuación asentarse en Cataluña, en xaneiro de 1938. Incorporábase ao Exército Republicano, no Estado Maior, no Servicio de Información Periférico, co grao de tenente.

No terreo das responsabilidades políticas, Florencio forma parte da Executiva do Partido Galeguista, asumindo a Secretaría de Propaganda, en setembro de 1938⁶. Aínda que logo retomemos estes dous temas, diremos que neste tempo volveu a coller o seu mellor fusil, a pluma, para atacar á sublevación fascista. Colabora en *Nueva Galicia* con seis poemas, un deles, “Home pequeno-Fol de veneno”, no que se recrea na francofobia, é dos máis coñecidos da súa autoría. Os outros: “Amencer”, “Ía a misa de doce”, “Levan a Cristo por fora”, “A un vello falanxista”, “Foliada para o día da victoria”. A algúns deles mudaríalles o nome en publicacións posteriores⁷.

Dentro das actividades político-militares que o Servicio de Información Periférico lle encomendara a Florencio, estaba a responsabilidade de trasladar da zona “nacional” e de Portugal e Galicia a aqueles que estando en zona inimiga se quixesen incorporar ao Exército da República, segundo explicara o propio Florencio, refrendado polo daquela Comandante Esturao, que estaba na fronte do Ebro⁸. Florencio coñecía ben os itinerarios desde Portugal, pois escollera esta ruta para a súa fuxida.

Cos datos que temos, e sendo este un período pouco estudado polos historiadores galegos no que respecta á preparación da marcha ao exilio desde

6. Compartía tarefas directivas con: Suárez Picallo, que era Secretario Xeral; Valenzuela, de Organización; Valín, Administrativo; López Durá, Político. Entre as vocalías estaba Elixio Rodríguez. Entre estes, tres deles voverían logo a estar xuntos no exilio mexicano realizando labor política galeguista: López Durá, Valín e Elixio Rguez., que viaxarían xuntos no barco Ipanema, con destino a México.

7. “Amencer” por “¡Fora popes das sombras!”, e a “Foliada para o día da victoria” por “Guerrilleiro”, este último por razóns obvias.

8. En varias conversacións gravadas con Ramón Esturao, que aínda vive en Guadalajara (Jalisco), íntimo amigo de Florencio co que convivira desde 1938.



A familia Gurriarán ó completo na casa do Barco, celebrando o nadal de 1931. (Foto Blanco Pacual)

Francia e á breve estancia e vicisitudes dalgúns galegos no país veciño, entendemos que para os combatentes e o mando, en xaneiro de 1939, data da marcha de Florencio a Francia, pese aos desexos de triunfo, e a posible conexión coa II Guerra Mundial, pois Hitler ocupara Austria en Marzo de 1938, e algún xesto bélico á desesperada –ocupación temporal da parte sur do Ebro–, a derrota estaba consumada e na mente de todos⁹. Por esta razón, podemos considerar que a marcha de Florencio a Francia debeu cambiar de intención: preparar a evacuación cara ao exilio dos galegos que, tras a inminente derrota, irían pasando ao país veciño, pois as asociacións que traballaban nestes mesteres, a SERE e a JARE, estaban controladas por elementos do Goberno e, fronte a debilidade dos partidos

pequenos, como era o caso do Partido Galeguista, ao non ter demasiado espazo de intervención, terían que buscarse a vida.

Por esta razón, habendo datos que poden afortalar esta hipótese, como é a presenza de Mosteiro na fronte do Ebro no verán de 1938 –Mosteiro era estudante de medicina en Santiago ao principiar os anos trinta, e representante en España das Sociedades Hispano Confederadas, e fora a Cataluña con motivo de facer listas dos galegos que alí estaban combatendo, a dicir de Esturao–, entendemos que, ligando cabos, todo o anteriormente exposto ten relación. Hai cartas neste sentido de Florencio a Mosteiro, a Valenzuela, e a Tobío indicando o novo cometido, ou, ao menos, podemos deducilo claramente.

9. Significamos que Castelao, aínda que tiña dúbidas no triunfo, non perdía as esperanzas de que a guerra se prolongara. Non nos atrevemos a traducir o sentimento de Castelao. ¿Era verdadeiramente certo que aínda pensaba gañar a guerra? ¿Ou era un xeito de motivar aos galegos que loitaban na fronte para ver se coa concentración de tropas en Madrid aínda se podía facer algo, logo da caída de Cataluña? (en carta de Castelao a Florencio, desde La Habana, de 19 de febreiro de 1939, reproducida totalmente en GURRIARÁN –1999: 414 e ss.-). Na mesma carta falaba con secretismo dunha organización por el denominada S: *Fixemos orgaización da S. En toda Cuba (...) Agora eu penso que a orgaización da S. cobra un novo intrés e sexa cal sexa o resultado da guerra, a S ficará viva. O que ten de segredo é o que lle dá máis intrés e forza, de modo que o segredo será a ialma da orgaización.* ¡Non sabedes como gusta o segredo por estas terras! Velahí o trunfo. Non podemos afirmar a que organización se refire Castelao, puidera ser a Solidaridade Galega Antifeixista que se creara en Valencia, á que prestarían os galeguistas máxima atención (ver Galicia, Buenos Aires de 25 de setembro de 1938, que resume os acordos da dirección do Partido Galeguista), ou unha organización para preparar a evacuación dos galegos, coa colaboración das Sociedades Hispano Confederadas, coas que Castelao e Soto estaban en íntimo contacto e das que recababan apoio económico (segundo Elixio Rguez., que era Secretario da Solidaridade Galega Antifeixista, as Sociedades Hispano Confederadas pagaran a viaxe do Ipanema, fundamentalmente con galegos, a México –Matádeo mañá: 227-)

Unha vez en Francia, Florencio tiña mobilidade, pois dispuña dun pasaporte concedido polas autoridades republicanas. En Francia tamén estaban Valenzuela, galeguista que pertencía tamén ao Servicio de Información Periférico e Suceso, mais cada un en sitios diferentes. Florencio exercería labores de coordinación entre eles e as Sociedades Hispano Confederadas, desde París.

Unha vez consumada a derrota, collerían o Ipanema desde Burdeos con destino a México, en xuño de 1939, con un gran continxente de galegos en dirección cara o exilio. Como dicía Florencio: *Xoguel e perdín, calei e marchei...*

A chegada a México e os comezos da actividade política

Logo de moitos avatares, avaría incluída con parada na Martinica, chegarían ao porto de Veracruz. Tras poucos días nesa cidade e por mediación de Carlos Velo, que traballaba na SERE, trasladaríanse a México D.F., posibilitándolles tamén un posto de traballo. Na aterraxe desta “colonia” galega en México non se atoparían núcleos asociativos antifascistas vertebrados, como no caso de Arxentina, agás casos aillados, ao contrario, a colonia galega máis ben era franquista, e sen posibilidades de conexión solidaria, en principio.

No terreo político funcionarían de xeito unitario, fundamentalmente en plataformas empurradas polo Partido Comunista, da man do activismo de Soto. A primeira delas foi a Alianza Nazonal Galega, onde estaban xuntos a Comisión Galega do Partido Comunista, os socialistas non prietistas, a UGT galega, a CNT, Esquerda Republicana Galega, intelectuais independentes e as dúas pólas do Partido Galeguista. Foi unha constante a división dos galeguistas no exilio mexicano. Dunha banda estaban os chamados dereitistas, liderados por Roxelio Rguez. de Breña, alias “Requeté”, que non quería saber nada dos comunistas. E a outra permeable ao traballo cos comunistas, entre os que estaba Elixio Rodríguez. Florencio sempre trataría de non aliarse con ningunha delas, é máis sempre sería o mediador entre as liortas que tiñan. Tan só nun momento, ao principiar os anos 60, Florencio estivo á marxe, enfrontado con Soto polo papel xogado por este en relación á revista *Vieiros*.

A Alianza tería o seu órgano de expresión: *Galicia*, que comezaría a saír no ano 1943, mais cunha vida efémera, pois morrería no ano 1946. A carón desta

organización vertebrarían outras con sentido cultural, entre outras cousas, para tratar de enganchar aos galegos emigrantes para a causa republicana: *Lar* e o *Ateneo de Galicia en México*, esta última presidida polo vianés Amancio Bolaño Isla.

A primeira iniciativa en solitario que acometeran os galeguistas en México sería a revista *Saudade*, aínda que deran entrada a socialistas como Marcial Fdez., Porteiro Viñas e Búa Rivas. O grupo promotor estaba formado por: Velo, Ramiro Illa, Ramón Cabanillas fillo, Andrés Valín, Xermán Raño –aínda que non figuraba entre os responsables na contracapa– e Florencio, con Xosé Caridad Mateos en calidade de editor responsable –no subtítulo constaba: editado polo grupo Saudade e a Irmandade Galeguista, ao igual que figuraba na cabeceira do xornal *A Nosa Terra*–. Contarían coa colaboración do exilio mexicano e do resto de América. Entre as plumas destacadas que contribuíron neste proxecto estarían: Castelao, Blanco Amor, Rey Baltar, Luís Seoane, Rafael Dieste, Luís Tobío, Ramón Martínez López, Arturo Cuadrado, Suárez Picallo, Sebastián González G. Paz, Álvarez Gallego..., entre outros. Na segunda andaina, nos anos 50, tamén contarían con importantes plumas do exilio interior. Utilizarían o medio escrito como instrumento de loita como ben reflicte o editorial do primeiro número que saíra o 25 de xullo de 1942. Entendemos que foi o primeiro paso emancipativo e de acción política escrita do Partido Galeguista en México. Sairían catro números nun ano, morrendo aquí esta primeira andaina. Precisamente nesta publicación, Florencio iniciaría unha nova faceta poética: os poemas mestizos, que tanta sona tiveran.

Nesta etapa de activismo sociopolítico, e de edicións de publicacións militantes, podemos inscribir a aparición do *Cancioneiro Da loita Galega*. A dicir dos especialistas da literatura galega no exilio, como Alonso Montero: (...) *Aí está o volume con 158 páxinas e un mollo de poemas, case todos excelentes naquela situación e para aquela ocasión, e algúns, calquera que sexa a situación do lector, interesantes. Hai, por se fose pouco, un nome preclaro da nosa poesía e dúas ou tres voces certamente valiosas; tamén hai algunhas páxinas pseudónimas –aínda non descifradas– que non son desdeñables (...)*¹⁰

Polo azar puidemos descifrar algúns destes pseudónimos. Unha carta de Florencio ao responsable de coordinar a publicación coa imprensa que ía editar o libro, Xan García, e outra de Búa Rivas a Florencio descifran a maioría destes pseudónimos¹¹.

10. *Cancioneiro Da loita Galega*. Ed. facsimilar. Ed. do Castro, Sada-A Coruña, 1996. Prólogo de Xesús Alonso Montero. Páx. 9.

11. GURRIARÁN (1999: 178 e ss). Tamén prestaría axuda o epistolario de Paz Andrade, labor de Charo Portela.

*Xutanza
republicana
no Barco (ca.
1934). Floren-
cio é o pri-
meiro da
dereita a
carón do seu
curmán Gon-
zalo.*



Aparecería o 25 de Xullo de 1943 e ía subtitulado: *Publicación do Partido Galeguista, Tomo Primeiro, nº 1*. Desgraciadamente non habería máis números. Florencio cumpriría un papel importante na publicación deste libro de poemas, testemuño disto son os orixinais manuscritos por el gardados, coa súa letra na corrección de textos. Alonso Montero atribúelle a responsabilidade literaria. A publicación contén poemas, fundamentalmente rendéndolles unha homenaxe aos mortos galeguistas da pasada guerra. Un total de dezaseis poemas aportaría Florencio ao cacioneiro –unha canción entre eles–, dos que sete eran novos. Destaca a lembranza que fai de valdeorreses asasinados pola barbarie fascista: “Un guerrilleiro”, dedicado a Antón Arias “Clavel” e “Segundo García”. Tamén contén dous epicedios dedicados a Alexandre Bóveda, da súa autoría.

O galeguismo mexicano, en 1944, toma pulo na acción política ao negociarse o pacto Galeuzca, pouco antes de que o Estatuto se discutira, de novo, e se puxera a trámite nas Cortes celebradas en México. Tamén nesa altura, a constitución do Consello de Galiza déralles aos galeguistas certas posibilidades de intervención en

México, pois as posibilidades de entrar no campo político eran escasas ao haber moita competencia e moita desunión¹². Nestas tres posibilidades de intervención, Florencio tería un papel destacado: participou xunto a López Durá na redacción do pacto Galeuzca, formaría parte da Delegación do Consello de Galiza de México, e participaría nas reunións previas ás Cortes con Castelao, Alonso Ríos e Picallo, amén doutros galeguistas “mexicanos”. Practicamente aquí remata a actividade política en solitario dos galeguistas exiliados de México en 1945. Testemuñalmente, Roxelio Rguez. de Breña ostentaría a Presidencia do Partido desde 1945 ata os anos 80. Froito das actividades que o Partido Galeguista protagonizara neste tempo, de 1942 a 1945, é de supoñer que mediatizara o carácter unitario que nun principio despregaran xunto aos outros partidos do exilio. Deste xeito observamos tres anos de máximo esplendor, ao menos publicitario, para logo caer nun pozo do que non saírían ata practicamente a metade dos anos 50.

Ao rematar a II Guerra Mundial as posibilidades de intervención internacional na España franquista esvaíanse, a derrota do fascismo non tería ningunha

12. É significativa a carta de Alonso Ríos a Florencio, o 16 de xullo de 1951 (carta cedida por Marcelo de Santiago do Consello da Cultura Galega), na que nun intento revitalizador deste organismo, o Consello de Galiza, indica a conformación dunha nova estrutura coa creación de subcomisións, nova orientación conforme a situación *da terra*, e algúns acordos como: a creación dun fondo patriótico e estender a representación a Europa (Plácido R. Castro, en Londres, e César Alvajar en París) e designar un observador nas Nacións Unidas (Álvarez Gallego). Florencio sería o encargado de transmitir estas novas aos galeguistas mexicanos que foran enviadas polo secretario do Consello, Alonso Ríos. Nesta carta, este desculpábase polas múltiples actividades conmemorativas que impediran poñerse en contacto coas diferentes delegacións (sería esta: a conmemoración de datas, unha das tarefas nas que máis gastou o tempo o Consello). É fácil de entender a dificultade que entrañaba a dinamización dunha estrutura destas características, fundamentalmente polas distancias, e ao tempo por ser unha instancia permeable a que outras organizacións se puideran facer coa dirección, como máis adiante acontecería da man dos comunistas. Por outro lado, teima coa que sempre os galeguistas actuaron.

repercusión no réxime imposto polo “Caudillo”. A actividade política dos galeguistas esmorecería ao non verse motivados, caíndo por un tempo na hibernación ao non ter un horizonte claro, o seu labor quedaría reducido á celebración do Día de Galicia. Florencio dedicárase máis de cheo á poesía, e a unha nova actividade poética: a tradución e a paráfrase de poetas consagrados, ao galego. Por estes traballos sería galardoadado polo Centro Galego de Buenos Aires, xunto a Tobío e Plácido Rguez. Castro, en 1946. Logo entraría en contacto cos exiliados do interior, da man de Fdez. del Riego. Froito destes contactos Florencio e a súa obra comezarían a saír na prensa, nas revistas especializadas, e nos primeiros tratados literarios galegos.

Ao principiarse a década dos 50, Florencio marcha a vivir a Guadalajara sen perder contacto coa capital mexicalina. Os galeguistas encetan de novo o labor cultural con fondo sociopolítico, outra volta con carácter unitario.

Esta vez os galeguistas permitirían que *Saudade* fora o bandeirín de enganche, dando a entrada a comunistas como Soto e a socialistas galeguistas que xa colaboraran na etapa anterior: Porteiro Viñas e Marcial Fdez., este como director, xunto a galeguistas consagrados como Roxelio Rguez. de Bretaña, Velo, Tomé e o propio Florencio, que non se excluía de ningunha empresa deste tipo. Entendemos que este sería o xermolo de importantes accións socioculturais con vertente política que virían logo, como o *Padroado da Cultura Galega do México* e *Vieiros*.

O primeiro número desta segunda xeira de *Saudade* saíra o 5 de xullo de 1952. Colaborarían os delegados do Consello de Galiza en países americanos: Álvarez Gallego, de Cuba; Sebastián González, en Porto Rico; e López Durá, de México. Desta volta contarían cos galegos do interior, incorporarían a vellos amigos ourensáns de Florencio, como Otero Pedrayo e Cuevillas, novos valores poéticos como Pura Vázquez. Cunqueiro e Ben-Cho-Shey tamén colaborarían.

A segunda andaina de *Saudade*, como case todos os proxectos deste tipo no exilio, sería efémera; tan só duraría un ano e saíran tres números. En xullo nacían, e en xullo morrían. No último deles, Florencio asumiría tarefas directivas e o editorial estaba dedicado ao peche de Galaxia; tamén se facía un repaso á situación das liberdades en Galicia. Florencio enxuzaría así esta publicación: *Todos nós, de moi diversos matices políticos e sociais dentro do campo republicán; todos,*

*liberais, ou marxistas, tiñamos un denominador común: o amor a Galicia, ao galego, e arelabamos a autodeterminación para o povo galego. En canto o tono político de SAUDADE, feble segundo o amigo Soto, transcribireilles algúns anacos dos editoriais da revista, para que poidan vostedes facer un xuício dereito e, sen dúbida imparcial*¹³.

O adeus de *Saudade* estaría conectado no tempo coa constitución do *Padroado da Cultura Galega do México*. Un dos principais artífices desta asociación sería Roxelio Rguez. de Bretaña, que ocuparía a Secretaría. A primeira directiva estaba composta, na súa maior parte por militantes galeguistas, adubados con Soto nunha vocalía, o socialista Porteiro, Palaciá, e Dopico, o violinista, na Presidencia –estes últimos de militancia non galeguista–. De seguida, dos 44 membros iniciais pasaron a máis de 300. Entre outras actividades puxeron en marcha un programa radiofónico semanal. Ao ano de funcionamento editarían os contidos radiofónicos nunha publicación. Aínda pasaría un tempo para que o *Padroado* botara a andar o seu buque insignia: a revista *Vieiros*.

Florencio, a dicir dos máis próximos, xogou un papel moderador importante no Padroado. Problemas de personalismo, políticos... estaban á orde do día; o anticomunismo visceral de Rguez. de Bretaña e o activismo de iniciativas doctrinarias de Soto chocaban a diario, con repercusión nos demais compoñentes desta instancia. No enfrontamento que mantiveran a metade dos 50 saíra perdedora a militancia galeguista, pois Soto poría a Vázquez Humasqué na Presidencia, acompañado de Velo na directiva, afíns a el. Soto, co seu traballo político, aglutinaría no seu entorno a diferentes persoas doutros ámbitos políticos, que configurarían unha rede de adherentes fronteira externa que apoiaban as súas propostas. O escenario era lícito, as artes non as sabemos, mais podemos intuirlas. Os galeguistas, dada a nova situación en Galicia: consolidación da dictadura e poucas expectativas, consideraban necesaria a intervención dunha ampla plataforma cultural con calado político, sen que se notase demasiado. E os comunistas pretendían que o ton dos voceiros emanados desta plataforma fosen menos descafeinados no contido, por dicilo dalgún xeito, e ser un referente político conectado cos referentes internacionais do comunismo do momento. A verdade é que os galeguistas militantes, nos últimos dez anos, circunscribían as súas actividades a conmemorar o día 25 de xullo nun xantar, e pouco máis. Elixio Rodríguez era unha persoa que coñecía ben a

13. En carta de Florencio ao director da revista *Teima*, en 7 de setembro de 1977, logo da publicación dunha entrevista con Luís Soto na que tildaba a *Saudade* de conter feble tono político e cultural.

Soto e a Florencio, pois traballara con eles en todos os “negocios” sociopolíticos e culturais; esta memoria viva do exilio, aínda transterrado, como dicía o filósofo SÁNCHEZ VÁZQUEZ, enxuizaba así a estes dous membros destacados do exilio: *Florencio era un tipo moi especial no sentido de que todo o mundo o quería e non tiña roces con ninguén. Ás veces enfadábase un pouco cos comunistas, porque os comunistas eran moi aborazados, tiñamos un proxecto de algo e os comunistas sempre querían a auga ó seu rego. Entónces Florencio, eu recordo nalgunha xunta que tiñamos, que se enfadaba, e chegouse incluso a enfadar con Soto ó que admiraba moito. Por outro lado, Florencio era un home moi correcto, era destes que agrupaba á xente, máis que dividía, era un home bondadoso...Soto era perigoso, onde se metía non había quen competise con el. Merecía, porque era un home moi traballador, Soto era un tipo extraordinario, organizador, loitador nato, entónces aí, había que facer o que decía Soto, se non, non había sociedade, escarallábaa. Eso é, tiña moi boas cualidades Soto, pero tiña eso, lle gustaba controlar todo*¹⁴.

No ano 1959 saíra o mellor produto literario que se fixera no exterior, e posiblemente no interior: a revista *Vieiros*. Florencio asumiría tarefas directivas nos dous primeiros números, compartidas con Soto e Velo. No terceiro sería substituído polo tamén galeguista militante, Xosé Caridad Mateos, en 1965. Este recambio xurdiría por desavenencias entre eles, fundamentalmente pola liña editorial que lle imprimira Soto. A división fixérase efectiva e nese ano ía haber dúas celebracións do Día de Galiza. Unha convocada polo *Padroado* e outra pola Irmandade Galeguista. Florencio escribía a Roxelio: *Coido que debedes e podedes celebrar nesa o DÍA DAS LETRAS GALEGAS. Eu estaría de acordo con que, por ista vegada, tivérades un armisticio e celebrárades todos xuntos para conquistar o meirande brillo na celebración. Todo sería para ben de Galicia, das nosas Letras e para honrar a memoria da nosa primeira figura literaria. De tódolos xeitos, ben de acordo cos demais ben sós, é indispensable facer algo... Póde mans á tarefa. Ista é unha emposta única para dar sinais de vida. Contade connigo*¹⁵.

Florencio, por medio de Del Riego, converteríase nunha especie de embaixador das “consignas” de Galaxia, tratando por todos os medios de que se honrara a Rosalía, tal e como propuxeran “os do interior”. Pouco despois, Florencio insistía, esta vez a Horacio Casas:



Paseando co seu irmán Edmundo (Ca. 1936).

Díme o amigo Esturau que lle falaches por teléfono para invitarnos ó xantar que ides celebrar coa emposta do Día de Galiza. Dóuvolas gracias a ti máis aos irmáns de México e sinto non poder estar con vosoutros en data tan esgrevia. Sinto tamén que, por causas nas que non quero profundar, baxa dúas celebracións do noso Día... A realidade é que, coma sempre, nós, que levamos o nome de irmáns, seguimos desvencellados o mesmo que un feixe sen biorta. E todo por falla de comunicación regular. Insisto na miña teima de sempre. Escribide, comunicade con tempo as cousas; non vos limitedes a falar dos vosos problemas aproveitando as miñas, ou vosas viaxes; contestade cando eu vos escribo (...) Mentiría se dixera que non me preocupa o voso silencio. Ogallá que, de boxe en vante, perdades isa nugalla creoula que vos caracteriza e procedades como galegos espilidos e traballadores, que vos sodes. Tamén quixera que para o ano 64, se non estamos xa na Terra

14. En gravación feita a Elixio Rodríguez, na súa casa de México D. F. En 14 de febreiro de 1999.

15. En carta de Florencio, desde Guadalajara, de 17 de maio de 1963, a Roxelio Rguez. de Breñaña, en México D.F.

(jqueirao Deus!) ou debaixo dela (non o queira Deus!), se celebrara un verdadeiro DÍA DE GALIZA coa xuntanza de tódolos galegos, mesmo vellos residentes. E prégovos que non vexades nisto unha refuga á dupricidade de xantares diste ano (vosos motivos teredes), senón a expresión dun sincero desexo para o porvir¹⁶.

Significamos o respecto de Florencio pola postura que manteñen os galeguistas oficiais, independentemente de que manifestase a súa opinión en canto á división. Ao tempo, o interese de vencellar ao resto da colonia non exiliada. Tamén verte críticas ao baixo nivel de militancia, e aos dimes e diretes, e aos silenzos, que achaca á *nugalla creoula*¹⁷.

En 1964, de novo trataríase de revitalizar o Consello de Galiza, nese momento por interese dos comunistas arxentinos que controlaban a súa dirección desde Arxentina. Quixeron facer o mesmo en México, e así Velo, que era presidente nomeara, sen contar con el, a Florencio para a Directiva da Delegación mexicana. Este respondería que sen contar coa decisión da Irmandade Galeguista non aceptaría¹⁸. Soto de seguida sería nomeado Secretario do *Padroado*. Nese tempo Soto estaba artellando unha opción política nacionalista de corte marxista, logo de saír do Partido Comunista, utilizando, segundo el mesmo di, o ficheiro que fixeran para *Vieiros* de máis de 5.000 rexistros. Referente ao *Padroado* comentaría: *Arelabamos politizar, e polo tanto nacionalizar, o celme destas entidades, para que tódalas súas labours se proxectasen sobor da Terra represaliada cruelmente e que necesitaba tódalas axudas, en tódalas facetas económicas, culturais, etc. deste xeito surxíu o Padroado da Cultura Galega do México*¹⁹. Non esquezamos que *Vieiros* era o voceiro do *Padroado*.

A idea desta revista xurdira nunha cea, en 1957, na que estaban Soto, Velo, Elixio e Florencio. De seguida este asumiría o compromiso encomendado, ao ser nomeado codirector. Entraría en contacto cos de Galaxia por medio de Del Riego, axiña mandaría nove traballos asinados polas mellores plumas do interior. O éxito foi rotundo, tanto en presentación como en contido. Como xa dixemos aparecería no verán de 1959, o segundo número non saíría ata o ano 1962. Neste segundo número a colaboración de Florencio

é morna dado que o seu descontento é grande. Logo de mandarlle Soto moitos recados para que enviase colaboracións, Florencio contestaríalle: (...) *Quixera que precisaras unha data para a miña viaxe a isa. Comprenderás que, sendo codireitor, é xusto que, polo menos asista ao parto do noso VIEIROS que, inda que sexa máis fillo voso, é tamén afillado meu, polo menos. Non concibo o cárrago de director (co) sin saber qué traballos se van publicar, sin coñecer os liñamentos da editorial, sin ter máis que os datos que ti e máis Velo me dades. Certo é que somos bós amigos e que estamos identificados no que toca ao galeguismo e amor á terra, mais as cousas débemolas de facer seriamente e, dende logo che digo que sin ir a botar a miña ollada, non me considerarei máis que colaborador e non codireitor de VIEIROS, xa que me daría vergoña enfeitarme con adubíos alleos. Agardo pois, unha data fixa. Lémbrete que, cando publicamos o primeiro n° me tiveses mellor informado. Aínda conservo o proieto que me enviastes, agora só me dis xeneralidades*²⁰.

Foi directamente ao grao, o feito é que desde ese des-
encontro, Florencio apartaríase discretamente da responsabilidade editorial da revista. Velo, sabedor dos problemas que había con Florencio, dirixiríase a el nos seguintes termos, tratando de recuperalo e de que rectificara a súa decisión: *Inda que a destempo, tiven a ledicia de saber a túa construtiva attitude no gallo das xenreiras tradizoales ante os galegos dista cidade de Máxico. Cousa que me fixo conversas co irmán Horacio Casas, arranxando dunha vegada as diferencias artificiaes, froito de escuras intencións e de envexas personales, que ren serven a nosa causa. E ti fuche o home a quen se debe esta súpeta craridá. Ogallá co novo trato entre a Irmandá e o Padroado, no sexa somentes por un Día de Galicia, cando a Nosa Terra, precisa de unidade de esforzo, tódolos DÍAS de Galicia, que son 365 de angurias e aldraxes por ano, e ... ¡inda máis, cando sexa bisiesto!*²¹.

Tampouco nese ano de 1964 irían xuntos os galeguistas do exilio mexicano. Velo culparía a Roxelio Rguez. de Bretaña, entre outros: *Dunha beira a mala leite do requeté, que xa é tradizoal, doutra as aviesas intencións de Xxterre, e inda máis, a falla de ovos dos dirixentes da Irmandade, fixeron unha fenada do Día de Galiza*²². A división perma-

16. Carta de Florencio, desde Guadalajara, a Horacio Casas, en México D. F., de 24 de xullo de 1963.

17. En canto ao nivel de militancia, Casas queixábaselle a Florencio de que non estaban facendo nada, debido ás múltiples ocupacións do traballo, exceptuando a Valín (ver GURRIARÁN 1999: 252).

18. Ver GURRIARÁN 1999: 254 e ss.

19. En *Castelao, a U.P.G. e outras memorias*. Ed. Xerais, Vigo 1983: 139.

20. Carta de Florencio, desde Guadalajara, a Luís Soto, en México D.F., de 10 de maio de 1962.

21. Carta de Carlos Velo a Florencio, de 17 de xullo de 1964.

22. En carta de Velo a Florencio, de 8 de agosto de 1964.

Foto de feira, con Pipa; á dta. Ramón Cabanillas fillo, Florencio no medio. (Ca. 1942)



necía aberta e Florencio temporalmente separaríase do *Padroado* e, por suposto, de *Vieiros: de forma voluntaria*, tal e como aparecía no número tres da revista. Mantívose á marxe e non colaboraría neste, aínda que tiña traballos preparados²³. Unha vez amainados os problemas internos dos núcleos galeguistas, Florencio colaboraría de novo na revista, no seu número catro, na primavera de 1968. Nese tempo, en 1964, vería a luz o segundo libro de poemas: *Galicia Infinda*, editado por Galaxia en Vigo, no que se recolle a súa poesía mestiza desde que comezara esta serie ao principiar os anos 40. Na saída desta publicación influiría a boa relación que Florencio mantiña co grupo Galaxia.

No ano de 1968 faría a primeira das súas viaxes á terra, das tres que fixo. De aquí en diante a actividade política e cultural dos galeguistas mexicanos do exilio quedaría reducida ás consabidas celebracións do chamado Día de Galiza. A segunda visita de Florencio a Galicia sería no 1976, xa co Dictador morto. Nesta última entraría en contacto cos círculos galeguistas, froito deles sería o seu ofrecemento para calquera intervención, e o uso do seu nome para revitalizar o vello Partido Galeguista, logo do primeiro batacazo electoral que sufrira o nacionalismo en 1977, ao ir separados. Fai xestións en México para levar á práctica esta idea, mesmo confecciona un manifesto unitario para aglutinar aos galeguistas. Reúne á vella militancia e induce aos galegos de aquí a refundar o vello partido. A asemblea de Galicia constituíuse a finais de 1978, da man, entre outros, de Pousa Antelo, co que Florencio cruzara correspondencia. Diferentes causas, que por falta de espazo non podemos analizar aquí, imposibilitaron que a tentativa tivera éxito, entre outras a non incorporación de galeguistas históricos de Galicia ao proxecto. O Partido Galeguista remataría en 1983 a súa andaina, indo en coalición nas eleccións municipais coa UCD.

Con este honroso acto de tratar de reactivar a militancia e a presenza política do PG, desde México,

remataría a actividade galeguista do longo exilio mexicano.

Concluimos significando:

- Que as actividades políticas dos galeguistas en México víronse condicionadas polo prolífico marco de forzas que recalaran no país do golfo, que mermarían a capacidade de intervención do minoritario Partido Galeguista por:

1. Posuír menos elementos militantes que os outros partidos, que xa tiñan un campo de intervención sen solución de continuidade co labor que estaban levando na España republicana, cos seus líderes en México.
2. Estar os galeguistas moi disgregados na América Latina e, en moita menor medida, Europa.
3. Non teren unha apoiatura da colonia emigrante, politicamente desvertebrada, como non era o caso doutros países.

4. Ter fracasado algunhas propostas lanzadas desde o núcleo dirixente que estaba na Arxentina, politicamente falando: Consello de Galiza, Galeuzca... Aínda que se acadara temporalmente a presenza de Castelao no Goberno do Exilio.

- Que o escenario político levou aos galeguistas a estableceren instancias unitarias para ter presenza activa, fundamentalmente a carón dos comunistas e doutras persoas con sensibilidade nacionalista, con militancia noutras formacións políticas.

- De xeito principal, utilizarían as empresas editoriais como medio de acción política, entre outras.

- Pese as dificultades externas e externas acadarían importantes logros na articulación da opción galeguista e o seu espallamento por medio de: *Saudade, Padroado da Cultura Galega do México, Vieiros...*

23. No Arquivo Soto de Ourense, aparecen varios artigos de Florencio para ser publicados neste número, mais seguramente deu orde de excluílos.



**Florencio, que tiña unha
personalidade alegre,
aberta e aglutinadora,
non parou de ferver
propostas culturais
integradoras.**

RICARDO GURRIARÁN RODRÍGUEZ

O Barco de Valdeorras, 1953

Doutor en Historia Contemporánea e Licenciado en Educación Física polo INEF de Madrid. Estudoso da Historia de Valdeorras e da pedagogía, imparte habitualmente charlas sobre estes temas. Unha das temáticas que aborda é a historia da institución universitaria galega (a

USC), o franquismo, o exilio e a represión. Entre as súas publicacións podemos destacar: *Aportación de la Institución Libre de Enseñanza a la Educación Física del Siglo XIX*. Ed. Tórculo, Santiago, 1996; *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta Valdeorrés, republicano e galeguista*. Ed. Do Castro, Sada-A Coruña, 1999; *Da prerromanización ao wolfram: apuntamentos históricos da mine-*

ría en Valdeorras. Ed. Tórculo, Santiago, 2000; *Gonzalo Gurriarán Gurriarán (1904-1975)*. Ed. IEV, O Barco, “Premio Tertuliano Hervella, 2003”, 2005; *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940)*. Santiago, Ed. Servizo de Publicacións da USC, 2006; *Do Gaudeamus igitur ao Venceremos nós. As mobilizacións estudiantís do 68 en Compostela*. Santiago, Ed. Fundación 10 de Marzo, 2008.

Vieiros

cumpre cincuenta anos



A PEQUENA INTRAHISTORIA DUN PROXECTO EDITORIAL DO EXILIO GALEGO EN MÉXICO

En lembranza de Florencio Delgado Gurriarán (FDG)

Ricardo Gurriarán

Neste ano cúmprense cincuenta anos da empresa editorial do exilio galego máis lograda, Tanto polo seu contido como pola súa presentación. Vieiros, aínda que só botou catro números á rúa en case dez anos, foi unha revista que tivo un gran impacto no noso país. Nas súas orixes están os ourensáns Luís Soto, Carlos Velo, Elixio Rodríguez e Florencio Delgado Gurriarán. Probablemente, os catro galegos de México que máis fixeron polo labor cultural como ferramenta política. Atrás quedaban outras iniciativas desde o Padroado da Cultura Galega, o seu buque referencia, como as emisións de radio ou outras diferentes edicións, entre as que salientamos a *Presencia de Galicia en México* (1954). Estes catro exiliados, entre outros moitos, foron dos que seguiron coa chama acesa para manter a nosa identidade desde o Golfo.

Esta iniciativa, en principio, tratou de vincular ao exilio con Galicia, coa mediación do grupo de Galaxia, en conexión con Francisco del Riego, que era o embaixador en Galicia do proxecto. E co grupo Brais Pinto de Madrid, por medio de Luís Soto. Así, deste xeito, no primeiro número, podemos ver como as principais plumas galegas do interior van colaborar neste proxecto editorial.

Florencio, que tiña unha personalidade alegre, aberta e aglutinadora, desde a chegada que propiciara o presidente Cárdenas, non parou de ferver propostas culturais integradoras. A utilización do medio escrito como instrumento de loita foi unha constante no valdeorrés; e a preocupación por integrar ao esfarelado exilio político, minifundista e enfrontado. Primeiramente foi a revista *Saudade* (1942), *Verba Galega nas Américas*,



Nas orixes de Vieiros están os ourensáns Luís Soto, Carlos Velo, Elixio Rodríguez e Florencio Delgado Gurriarán. Estes dous últimos aparecen na foto con Ramón Cabanillas fillo.

que agrupou ao galeguismo militante en torno a este proxecto cultural, facéndoo extensivo ao exilio galego tras atlántico espallado por toda América e a plumas significadas como o polígrafo mexicano Alfonso Reyes e o poeta costarricense Rafael Cardona, traducidos ao galego por Florencio. Unha chamada Irmandade Galeguista foi a súa responsable editorial, da man de Carlos Velo, Caridad Mateos, Ramiro Isla, Xermán Raño, Andrés Valín, Ramón Cabanillas e Florencio, que deron entrada a outras opcións políticas con sensibilidade galeguista, como os socialistas Porteiro Viñas, Búa Rivas e Marcial Fernández. Cun ton “saudoso” de amplo espectro, tamén colaboraron: Castelao, Seoane, Blanco Amor, Tobío, Álvarez Gallego, entre outros galegos exiliados. Nesta iniciativa, Florencio comeza a súa proposta poética creoula de mestizaxe musical, novidosa e única entre o exilio galego: entre a rica musicalidade expresiva de Galicia e México -“Noiturno da noiva jarocho” e “Rumba”-.

Aínda que tan só foron catro os números de *Saudade* que saíron á rúa, logo tivo unha segunda andaina, chegados os anos cincuenta. Desta nova volta percibimos que os galeguistas mexicanos exiliados tratan de tender pontes co interior ao incorporaren plumas senlleiras como Otero Pedrayo, Cuevillas, Cunqueiro...

Mais non tardaron moito os galeguistas en plasmar unha segunda operación editorial de compromiso,

neste caso de moita relevancia como arma ideolóxica de combate. Foi o senlleiro *Cancioneiro da loita galega* (1943), onde se recollen os principais poemas francófbos e de denuncia da barbarie franquista, que fixo Florencio, nun total de deza-seis con diferentes pseudónimos (R. GURRIARÁN, 1999: 197); a maiores de incorporar a outras plumas galegas significadas como Ramón Cabanillas, fillo, e Rey Baltar, por citar aos máis salientables. Neste caso, a responsabilidade editorial fora do Partido Galeguista con Florencio de coordinador literario e corrector.

Poucos anos despois, Florencio foi galardoado nun certame literario organizado pola Federación das Sociedades Galegas de Buenos Aires (1946), en compañía de Plácido R. Castro e Luís Tobío. Iniciaba unha nova faceta literaria: a tradución ao galego de poetas consagrados. Para este premio presentou trece traducións de poetas franceses modernos.

No terreo estritamente político, FDG representou ao Partido Galeguista na negociación e redacción do pacto Galeuzca (1944) e estivo presente no acto de tramitar o Estatuto de Galicia nas Cortes Españolas de México, con Castelao á cabeza da delegación. Tamén formou parte da delegación do Consello de Galiza en México. A actividade política do galeguismo por non quedar atrás nos organismos de representación naquel tempo foi frenética, coa colaboración dos galegos mexicanos.

*A achega de FDG para este
primeiro número foron
nove poemas mestizos,
o último dedicado
a Ramón Cabanillas.*

XARABE TAPATIO

A Don Ramón Cabanillas,
mestre e petracio da lírica
galega de arastora, con
fonda veneración e agrimo.

Xalisco, Guadalajara: —Nenas de fermosa cara.
A “Pérola do Ocidente”: —Nenas de ollar verdecente,
(milleiros de Melibeas— con feitizos de sercas).

Terra de enxoiotas valgadas— de irtos ágaves inzadas,
(xurden, feros, dos terreos— para atoutelar aos ceos):
Agaves de seiva ardente —pai do “tequila”. Augardente
de moi esgrevia liñaxe, —que ao sangue lle dá carraxe.
Compre, pra o heherricare, —limón e sal lle botare,
e, gorenta que gorenta, —canta quen co’ele se quenta.

O “xarabe tapatio”, —ledo coma un rechouchio,
é unha danza rebuldeira, —parenta da muiñeira.
E, un bailéu, beilado, —e, cós pés repinicado.
As pernas das rapaciñas —lan rendas de camariñas;
logo, xionllo no taboado, —o compañeiro, arrufado,
ralba, co pé, a linda testa —pra lle pór o ramo á festa,
e, do van avencellados, —afístanse, namorados.

Tapatíos, tapatías, —reloucan ás retestas...
O sangue férvelle á xente, —coitado de quen a emente!
Súpeto, estoupa a pistola, —pois seica se “armou a bola”.
Desfécita pola liorta —esvaise, a festa, na porta;
só fica un home tendido, novo herói para un “corrido”,
e istas son bariles léndas, —de: “¡Ai, Xalisco, non te fendas!”

Nova Galicia (Guadalajara, México) 1959

FLORENCIO MANOEL DELGADO GURRIARAN

A derrota do fascismo na II Guerra Mundial non conseguiu os resultados agardados polos exiliados e aquilo que semellaba transitorio converteuse en definitivo. Cada quen organizou a súa vida e FDG casou e tratou de buscar un emprego estable, tendo que trasladarse a Guadalajara (1951). Pouco tempo antes comezara unha relación epistolar co galeguismo do interior, concretamente con Paco del Riego, quen lle vai a explicar ao poeta valdeorrés a inflexión da acción política do Partido Galeguista en Galicia: unha fronte cultural para defender a identidade e a lingua co abandono da política activa, centrada no labor de Galaxia (1950), que estaba comandada polos restos da militancia galeguista. Os poemas de FDG comezan a aparecer nas publicacións galegas da rede que

controlan os “galaxios” e nos manuais literarios que empezan a editarse na década dos cincuenta: Couceiro Freijomil, Varela Jácome, Carballo Calero e do propio del Riego. O punto de máxima colaboración vai ter lugar ao comezo dos sesenta, cando FDG publica o seu segundo libro de poemas “Galicia Infinda” (1963), da man da editorial vaguesa. Moi atrás quedara “Bebedeira” (1934).

Florencio vai situarse nunha posición de ponte entre esta nova opción, fortemente contestada polos “transterrados”, e a organización política do galeguismo no exilio. As desavinzas entre os galegos do exilio mexicano foron patentes. Pese a isto, seguiron xuntos na fronte cultural, de xeito unitario. Primeiramente revitalizan *Saudade* (1952),



O segundo número (1962) vai ver a incorporación de artistas gráficos novos como Conde Corbal e Xosé Luís de Dios. Na imaxe, un dos gravados de Conde Corbal.

coa incorporación á redacción do comunista Luís Soto e algúns socialistas como Marcial Fernández, que vai ser o seu primeiro director. Tamén contan con colaboradores do interior nesta nova andaina: Pura Vázquez, Ben-Cho-Shey, a maiores dos xa citados anteriormente. Significamos que no número sete (1953), dirixido por FDG, o editorial foi dedicado ao peche de Galaxia pola censura franquista. A revista estaba escrita totalmente en galego, mesmo a publicidade. O grupo editor desta revista foi o xermolo doutras empresas que virían logo, pese ás desavinzas. A Florencio, como coñecedor do campo lingüístico, sempre lle foron encomendados os labores de tradución, corrección e coordinación literaria.

Este grupo unitario vai emprender unha das accións máis importantes dos galegos no exilio: a constitución do Padroado da Cultura Galega no México (1953), do que van saír iniciativas moi significadas, algunhas delas xa comentadas. En menos dun ano contaron con máis de trescentos asociados. Mais os problemas de protagonismo persoal e as diferencias políticas e ideolóxicas foron un freo naquel tempo para levar a cabo calquera iniciativa. A circunstancia de que FDG vivise en Guadalajara tamén foi un atranco, pois el era un dos principais moderadores entre as diferentes faccións que querían manexar o mando do temón; segundo testemuñaron os seus amigos, el era o principal aglutinante do Padroado, que nacera con vocación integradora, e quen mellor evitaba as opcións exclusivistas. A xestión da empresa era moi difícil, pois a presenza do anticomunismo visceral de Roxelio Rodríguez de Breña, que era secretario do PG en México, chocaba frontalmente co excesivo afán dirixista de Soto, hábil experto en “sucionar” propostas cara os seus intereses. Cartas, chamadas telefónicas e desprazamentos á capital marcaron aqueles anos de fortes enfrontamentos no seo do Padroado. Aínda que triunfara a liña de Soto, con Vázquez Humasqué na presidencia e o tamén afín Carlos Velo na secretaría, o Padroado seguiu camiñando, non sen moitos problemas, pois o Partido Galeguista quedara marxinado dos cargos directivos. A correlación de forzas corría a favor do grupo de Soto e a súa táctica “entrística”. No fondo, había dúas posturas diferenciadas, a do PG, máis próxima aos galeguistas do interior, quen

tentaban de facer extensiva a proposta cultural do Padroado cara ao resto da emigración galega non política, co fin de atraelos, e contribuír de xeito coordinado ao papel que xogaba Galaxia no país, apartidariamente; e a de Soto e o seu grupo filocomunista, quen tiñan a intención de crear un partido galeguista marxista, como logo se vería, que tentaban de “empurrar” de calquera proxecto cara a posturas máis marcadas politicamente, de axitación, con carácter mobilizador.

En 1957 vaise poñer en marcha o grande proxecto de *Vieiros*. Florencio vai ser codirector, en compañía de Velo e Soto, nos dous primeiros números -1959 e 1962-; para, logo, no terceiro ser substituído por José Caridad Mateos (1965). As desavinzas materializáronse, mesmo chegaron ao extremo de celebrar o Día de Galicia por separado, circunstancia que se vira “agravada” porque o grupo de Soto non quixo conmemorar, en exclusiva, o Día das Letras Galegas (1963), por ser iniciativa do interior. Tamén os desencontros na liña editorial fixeron que o PG se apartase de *Vieiros*. A guerra ideolóxica no Padroado estaba servida, e a ruptura, pese aos esforzos unitarios e integradores de FDG, desde Guadalajara, foi unha realidade temporal. O grupo comunista de Soto, seguindo a táctica de copar instancias de intervención, tamén deu a batalla por revitalizar o Consello de Galiza, en 1964, con Velo de delegado en México, logo de que os comunistas galegos en Arxentina fixeran o mesmo. Nese mesmo ano vaise crear a Unión do Pobo Galego en Santiago. Para a súa implantación empregouse o ficheiro de *Vieiros*, con preto de 5.000 enderezos (SOTO, 1983: 266). Sobre Luís Soto e Florencio, Elixio Rodríguez, amigo de ambos, apuntaba:

“Florencio era un tipo moi especial no sentido de que todo o mundo o quería e non tiña roces con ninguén. Ás veces enfadábase un pouco cos comunistas, porque os comunistas eran moi aborazados, tiñamos un proxecto de algo e os comunistas sempre querían a auga ao seu rego. Entón, Florencio, eu recordo nalgunha xunta que tiñamos, que se enfadaba, e chegouse incluso a enfadar con Soto ao que admiraba moito. Por outro lado, Florencio era un home moi correcto, era destes que

agrupaba á xente, máis que dividía, era un home bondadoso, xeneroso, sempre atendía a razóns, non era sectario, tiña moitas virtudes, senón non sería amigo meu (...) Soto era perigoso, onde se metía non había quen competise con el. Merecía, porque era un home moi traballador, Soto era un tipo extraordinario, organizador, loitador nato. Entón aí, había que facer o que dicía Soto, senón non había sociedade, escarallábaa. Eso é, tiña moi boas cualidades Soto, pero tiña eso: gustáballe controlar todo”.¹

Pese a todas as retesías, o proxecto *Vieiros* seguiu para adiante, coa paréntese de ausencia do galeguismo militante no terceiro número. O empeño dos seus creadores de que fose unha revista estrela conseguírono, desde o principio, en contido e presentación. No primeiro número, o esforzo de FDG para atraer ao galeguismo do interior deu os seus froitos. Del Riego enviou nove artigos de plumas significadas desde Galicia. A toda cor, ilustrada con debuxos de Maside e Souto, entre outros, saíu o primeiro número con gran éxito da crítica, con sesenta e oito páxinas de artigos e poemas, sen publicidade, enteiramente escrita en galego e portugués. O mundo literario galego quedou abraiado do traballo feito polos galegos exiliados en México. A achega de FDG para este primeiro número foron nove poemas mestizos. O segundo número (1962) vai ver a incorporación de artistas gráficos novos como Conde Corbal e Xosé Luís de Dios, entre outros, e achegas litera-

rias do grupo Brais Pinto. O número de páxinas agrandou ata oitenta e catro, e FDG comunica con Soto e Velo para transmitirle a marxinación á que se veu sometido polo grupo, sendo, como era, codirector. No número tres xustifican o cambio de codirector por problemas de distancia, e “de forma voluntaria” (1965). Entre tanto, Velo e Soto tratan de mediar con Florencio para achegalo de novo á revista, mais non aparece ningún traballo del, aínda que tiña varios enviados. Sen que saibamos certamente o que pasou, FDG volve a colaborar no número catro (1968), e último, desta emblemática publicación que se presentaba cunha portada de Xaime Quessada. Un poema e unha tradución de Rimbaud foron a derradeira achega de Florencio.


O certo é que, liortas, á parte, esta bonita revista chegou a Galicia e foi aceptada de moi bo grado polos seus receptores. Supuxo un paso cualitativo de referencia para as empresas editoriais que logo se fixeron aquí. E deixou abraizados aos especialistas por forma e fondo, e polos colaboradores con que contou.

Eis foi *Vieiros*, confeccionada con agarimo por unha empresa editorial sen empresarios ao uso, levada por antifascistas de espírito republicano e galeguista desde o lonxano Golfo... logo foron esquecidas todas as diferencias, co paso dos anos. Florencio e Luís Soto carteáronse ata a morte deste.

Ricardo Gurriarán, Compostela, marzo de 2009.

FDG volve a colaborar no número catro (1968), e último, desta emblemática publicación que se presentaba cunha portada de Xaime Quessada.

¹ En gravación feita a Elixio Rodríguez en México D.F., en 14 de febreiro de 1999.





*Florencio Delgado Gurriarán
en Sargadelos no ano 1981.*

MIRO VILLAR

Cee, 1965

Profesor de lingua e literatura galegas, poeta, narrador, tradutor e crítico literario en diversas revistas e publicacións. Formou parte do Batallón Literario da Costa da Morte.

Autor dos libros de poemas *Ausencias pretéritas*, *42 décimas de febre*, *Abe-*

cedario da desolación, *Equinoccio de primavera* e *Gameleiros*. Textos poéticos da súa autoría foron traducidos ao castelán, portugués, italiano, francés, alemán, inglés, ruso, albanés e serbo-croata. Publicou como narrador *Augas de silencio* e *Verbas cruzadas con Amaranta*, e os contos *Carlota, a marmota*, *Carlota e a bota perdida* e *Carlota e a gaivota patiamarela*.

Participou como relator en numerosos congresos e xornadas literarias, con relatorios recollidos nas súas respectivas actas, e publicou varias edicións críticas ou comentadas, sobre López Abente, Blanco Torres, Emilio Álvarez Blázquez, Celso Emilio Ferreiro, Xervasio Paz Lestón, Alexandre Cribeiro ou Antón Zapata García, entre outros.

O macrotexto poético en galego de *Florencio Delgado Gurriarán*

Miro Villar

Introdución

A priori as respectivas obras poéticas de Manuel Lugo Freire (1863-1940) e de Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987) teñen poucos fíos en común, mais hai dúas circunstancias que os aproximan: dunha banda, o feito de se comprometeren nas súas biografías persoais coas diferentes manifestacións galeguistas do seu tempo, e doutra, a pegada de seren transterrados na súa obra (emigración económica, no primeiro, e exilio, no segundo).

Lugo Freire é o protagonista do Día das Letras e nestas datas son moitos os estudos sobre a súa obra literaria, que animamos a ler devagar. A obra de Delgado Gurriarán aínda espera polo recoñecemento, para nós necesario, da RAG e, daquela, o noso traballo pretende facer unha análise sobre o seu macrotexto poético en galego.

O teórico da literatura Cesare Segre ten sinalado que o macrotexto literario é un conxunto de textos con total ou parcial autonomía, que se reagrupan dentro dunha obra máis ampla. Desta maneira, calquera autor trataría de facer máis homoxéneos os seus textos en función desa totalidade, quer eliminando particularidades que puidesen provocar desequilibrios ou disonancias no devandito conxunto, quer operando unha unificación ou harmonización formal, ou quer potenciando as forzas de cohesión. A coherencia do texto global sería, pois, considerada dentro dunha progresión onde a fase posterior asimila a anterior. Noutras palabras, cada texto literario mantería en xeral a súa propia autonomía e cohesión internas, mais quedaría logo comprendido nunha autonomía e nunha cohesión moito máis ampla, a do macrotexto [1985:47-9].

Os parámetros desenvolvidos por Segre son, no noso entender, de aplicación á obra poética de Florencio Delgado Gurriarán, pois se caracteriza por ser de non moita extensión e repetitiva no formal e no temático, conformando un macrotexto poético propio, onde se verifica todo esa complexa armazón de relacións entre os poemas, os libros poéticos ou a toda a obra no seu conxunto. Así, desde o seu primeiro libro, intitulado *Bebedeira* [1934], incluso desde os seus poemas soltos anteriores que publicou nos primeiros anos trinta, ata *O soño do guieiro* [1986], volume que viu a luz pouco antes do falecemento do seu autor, Delgado Gurriarán vai corrixindo unha e outra vez os textos, nunha estratexia consciente coa que pretende ir depurando as particularidades lingüísticas que puidesen resultar disonantes no conxunto da súa obra poética. Do mesmo xeito, tamén



Familia Delgado Gurriarán no ano 1919. Florencio é o primeiro da esquerda na fila de arriba.

procura a harmonización formal, co uso reiterativo de esquemas compositivos de xinea tradicional. De feito, sen esaxerar, pódese dicir que a poesía do valdeorrés comparte moitos recursos formais desde o primeiro ata o derradeiro poema. E, polo demais, é obvio que sempre houbo unha vontade estilística á hora de potenciar as forzas de cohesión, pois moitos dos textos poéticos aparecen formando parte de volumes diferentes.

1. Os primeiros poemas

Antes de que apareza *Bebedeira* no ano 1934, Florencio Delgado Gurriarán xa asina moitos poemas da súa autoría nas revistas e publicacións periódicas da época, ben co seu nome, ben co pseudónimo de Korgomófilo. De toda esta produción os mellores

textos reaparecerán corrixidos e revisados nos seus libros, polo que apenas deixaremos constancia dun texto magnífico, intitulado «Ao reiseñor», que leva un subtítulo abondo esclarecedor das súas intencións poéticas e que di: (no xeito dos vellos vates). Deica hoxe non se coñece que fose publicado e o seu rescate foi debido a Ricardo Gurriarán [1999:24], que atopou o texto manuscrito entre os papeis achados na súa casa de Córrego de Valdeorras. Aparece datado o 20 de xaneiro de 1923 e polas súas características formais debe incluírse de cheo no neotrobadorismo, unha das correntes literarias que renovou a poesía galega durante o primeiro tercio do século XX e que consistía, no básico, na recreación das cantigas medievais, nomeadamente as de amigo. «Ao reiseñor» tamén imita as cantigas de amigo, tanto desde o punto de vista da enunciación lírica

(pois o suxeito é feminino), como tendo en conta o seu esquema formal (con presenza de paralelismos e refrán), ou polo seu contido e o seu tratamento léxico. De feito, esta composición de dístico con estribillo, denominada cosante, é moi utilizada na literatura medieval, e o esquema métrico (10-10-5) é idéntico ao de coñecidas cantigas como «Ai, flores, ai flores do verde pino» de D. Dinís, co que tamén comparte a rima alterna, ou como «Fui eu, madre, lavar meus cabelos» de Soares Coelho.

Do punto de vista temático, que non do estilístico, habería que salientar tamén un longo poema que se publicou en *El Heraldo de Galicia* co título «Opiniós sobre o galego». Nas súas once estrofas faise unha parodia sobre as persoas que desprezan o uso da lingua galega e que, sen embargo, lle recoñecen capacidade lírica («está bien para hacer bonitos versos»), pero lle negan universalidade porque non se empregaría nin en Madrid, nin na Curuña (sic), nin na Habana, nin en Bos Aires. Polo demais, Korgomófilo reproduce tamén expresións en castrapo deses representantes do autoodio lingüístico. Alén disto, o texto demostra o dominio da

versificación de Delgado Gurriarán facendo uso dunha variante da denominada estrofa De La Torre, composta de tres hendecasílabos e un heptasílabo final e que presenta unha rima con asonancia nos pares. A devandita variación foi bastante utilizada por Gustavo Adolfo Bécquer, por exemplo nunha das súas máis coñecidas Rimas «Olas gigantes que os rompéis bramando...». Ora ben, a construción simbólica do noso poeta é sobexo sinxela e pouco ten que ver cos delirios do romantismo.

Unha relación completa dos textos dispersos atópase en Ricardo Gurriarán [1999], onde o lector tamén se poderá atopar con comentarios eruditos sobre a xénese dos poemas e sobre a imbricación entre os versos e a biografía persoal do poeta.

2. A poesía de combate e de resistencia

En 1934, como xa se dixo, aparecerá o seu primeiro libro *Bebedeira*, mais deixaremos a súa análise para máis tarde porque o propio autor o compila dentro das páxinas do volume *Galicia infinda* (1963). No entanto, hai que falar da súa poesía de combate, aquela que se xerou durante o conflito da guerra civil española, e de resistencia, escrita na inmediata posguerra, co obxectivo de denunciar a barbarie dos franquistas.

Entre a primeira estaría a serie poética que veu a luz en Nueva Galicia, «Portavoz de los antifascistas gallegos», o boletín editado polo Quinto Corpo do Exército Republicano, conformado principalmente por combatentes de orixe galega. Serán seis os



Florencio paseando polas rúas da capital, recién chegado a Mexico no ano 1939.

poemas, aparecidos entre o 2 de xullo e o 7 de novembro de 1938 e todos eles asinados tan só co nome de «Florencio», para evitar posibles represalias á súa familia valdeorresa, en opinión do profesor Alonso Montero no prólogo á edición facsimilar da revista que fixo Edicións do Castro [1997]. O primeiro levaba o título de «Amencer» e é un breve romance, cos característicos octosílabos e a rima asonantada dos versos pares. Non é raro que escollo este tipo de estrofa, pois é sabido que era a máis popular, ata o punto de que moitos cancioneros do pobo a utilizaban. Nese senso, as recorrencias e repeticións son o recurso estilístico máis empregado. Do punto de vista do contido salienta a introdución das palabras «camarada» e «soviets», que indican a simpatía de Delgado Gurriarán polos «roxos» ou comunistas, por seren os máis afouts na loita antifranquista. A propia evolución

ideolóxica do autor e o transcorrer do tempo fan que o poema se reproduza anos máis tarde en *O soño do guieiro* (1986), nunha versión que corrixe algunhas grallas lingüísticas, nomeadamente hipergaleguismos da época, mais que tamén o fai co sentido último do texto ao substituír o remate: «leva aos soviets aos ceios!» por «leva a VITORIA aos ceios!». En Ricardo Gurriarán [1999:138] recóllese a xustificación persoal deste xiro.

Os outro cinco poemas, con apenas variantes, rescatounos o propio autor para o libro colectivo *Cancioneiro da loita galega* e máis tarde pasaron a *O soño do guieiro*. Os seus epígrafes son os seguintes: «A misa de doce», «Levan a Cristo por fóra», «A un vello falanxista», «Home pequeno-fol de veneno» e «Foliada para o día da Victoria». Todos eles son romances polimétricos, que amosan máis unha vez a súa destreza versificadora, e con moita carga simbólica, mais sen outra particularidade estética. Poesía de combate, ao fin.

3. De *Bebedeira* (1934) a *Galicia infinda* (1963)

Alén da súa poesía de loita, Florencio Delgado Gurriarán compilará a súa obra de preguerra, nomeadamente *Bebedeira* (1934), e aqueloutra de posguerra, que non fose susceptible para o réxime franquista. Desta conxunción nace o volume intitulado *Galicia infinda* (1963). Na nosa opinión é, con diferenza, a súa obra máis interesante, non só polo feito de xuntar a súa poesía de preguerra e de posguerra, senón porque nos seus versos achamos todas as tendencias formais e estéticas empregadas polo autor valdeorrés.

*Coa súa dona
Celia de viaxe
de noivos
en Veracruz no
verán de 1944.*



Este libro ve lume a finais de 1963 e fai o nº 12 de "Salnés", a colección de poesía galega da Editorial Galaxia que daquela era responsabilidade de Celso Emilio Ferreiro, Emilio Álvarez Blázquez e Salvador Lorenzana, coñecido pseudónimo de Francisco Fernández del Riego. E, neste senso, cómpre salientar o labor dos editores, pois non se debe esquecer que nese momento Delgado Gurriarán era aínda un escritor exiliado en México por mor do seu compromiso antifranquista e viña de cofundar Vieiros, unha das revistas que mellor representou a contestación galeguista e progresista contra o réxime.

Galicia infinda presenta 43 poemas de moi diversa factura. Os tres primeiros ("Galicia infinda", "Nomes" e "Resposta a Rosalía") aparecen soltos, mentres que os outros corenta se agrupan baixo cinco epígrafes globalizadores: "Cantarenas", "Valdeorras", "Castiñeiros", "Varia" e "Poemas mexicanos". Nove destes últimos foron publicados

previamente por Marcial Fernández para acompañar o seu artigo "A Poesía de Florencio Manuel Delgado Gurriarán" no primeiro número de Vieiros (1959). Posteriormente, o propio escritor recuperará vinte poemas deste libro na compilación *Cantarenas*. Poemas 1934-1980, que foi publicada no ano 1981 en Edicións do Castro, por iniciativa do Instituto de Estudos Valdeorreses, do que o autor foi membro de mérito.

Galicia infinda ábrese co poema que dá título ao conxunto, un canto épico da emigración no que alude a Buenos Aires, New York, China, Hong-Kong, o Amazonas, o Sena ou as Antillas para sinalar que Galicia só limita coa saudade e que 'O Gulf Stream é o noso río meirande', porque todo o mundo é terra galega. De feito, o poema "Nomes" continúa na mesma liña, pois presenta dúas partes: a primeira con sonoros topónimos americanos ('nomes da tarasca terra') e a segunda con microtoponimia da comarca valdeorresa. O prefacio poético

complétase coa "Resposta a Rosalía", escrito para conmemorar o centenario da publicación dos Cantares Gallegos e, polo tanto, datable en 1963, no mesmo ano que Delgado Gurriarán ve editado o seu poemario.

Once son os poemas que integran a serie "Cantarenas" deste libro, con contidos que abalan entre o canto xeórxico e a poetización do traballo labrego e das tradicións, na liña marcada polo neopopularismo de preguerra. Sen embargo, tamén hai textos referidos a sucesos máis concretos que falan dunha moza coñecida ou dun enterro, homenaxe a un grupo de gaiteiros da súa terra e evocan os viños godello ou mencia, pois Delgado Gurriarán é o noso poeta báquico e dionisiaco por excelencia. Polo demais, un forte saudosismo paira sobre os poemas, desde os "Laios de vello" que amosan nostalxia dos bailes tradicionais fronte aos afroamericanos ata a invocación coa que remata este apartado, "Prego final á Santa Marta, abegosa dos ouvidos", onde se solicita a súa mediación para poder regresar a Galicia.

Os catro poemas da serie "Valdeorras" reiteran algúns dos temas sinalados, inclusive no ben elaborado "Saúdo a Otero Pedrayo", que coñeceu dúas versións anteriores. No texto é de salientar a habelencia no uso dos hendecasílabos brancos, con algunhas esporádicas asonancias, e un léxico dialectal valdeorrés de enorme riqueza, relacionado cos labores da terra e coa vexetación silvestre que lle é propia, que inclúe unha magnífica e colorista descrición paixasista.

A novidade temática que aparece nos catro textos incluídos baixo o

Elixio Rodríguez, Florencio Delgado Gurriarán e Ramón Cabanillas fillo en México no ano 1948.



epígrafe xeral de “Castiñeiros” é o feito de seren versos dedicados na súa totalidade a glosar esta árbore, nalgún caso con trazos animistas como ocorre no primeiro: “O souto morto”, no que a peste se identifica coa Santa Compañía.

Máis pluralidade, como é obvio, presentan os sete poemas da serie “Varia”. Así, fálase novamente das tradicións, do viño ou da emigración, que agora xa non é épica senón dramática, xa que os versos reflicten a súa penuria (no texto “A galega en París”). Este grupo complétase con dous interesantes textos: “Pintura de feira” e “Alvariño”. O primeiro parte dunha cita de Valle-Inclán para facer un longo cadro sobre un cantar de cego que representa a historia ‘O crime da Penela’, e o segundo aproveita o evidente xogo entre a denominación dun magnífico viño e o derradeiro apelido de Aquilino Iglesia Alvariño para homenaxear o autor de Nenas, que é cualificado de poeta saudoso e velaíño, e tamén a Rosalía (A Ruliña do Sar), Noriega Varela (das chorimas sorridentes), Pondal (de nobre canto), Curros Enríquez (frecheiro de triadas), Daniel Castelao (Moisés, guieiro noso / que no acadou a Terra prometida), Amado Carballo (sinfonista de paisaxes), Manuel Antonio (riscador de meridianos) e Luís Pimentel (de lúas e de espellos).

Sen embargo, o maior interese do volume está nos catorce “Poemas mexicanos” que lle poñen remate e que se caracterizan por seren textos paisaxistas nos que, como sinala Carballo Calero, se mesturan a técnica popularizada por Amado Carballo e unha dirección similar da poesía nacional mexicana. Polo demais, os sons e a música americana, a contemplación gozosa do colorido das novas rexións converxen cunha saudade ‘da verde Terra arelada’ que se acentúa. É nestes textos onde anotamos maiores referencias clásicas, desde os ‘milleiros de Melibeas’ de “Xarabe tapatío” ata a identificación da voz poética cun novo Odiseo e da súa compañeira cunha Penélope crioula no poema final, intitulado “O viaxeiro”. De por parte, neste grupo achamos os poemas de maior sensualidade, como “Rumba” que describe o erotismo do baile dunha ‘preta’, ou as alusións a Xúpiter, o Sputnik ou a cadela Laika para xustificar o *carpe diem* do poema “Manzanillo (colima)”.

Formalmente, no libro predomina a rima asonantada de octosílabos ou heptasílabos, en triadas, cuartetos

tiranas e cuartetos, sextinas, sextetos ou romances (algún romancillo), pero tamén hai exemplos de pentasílabos, hexasílabos ou decasílabos, así como textos que alternan heptasílabos e hendecasílabos, aínda que con apreciables erros métricos. Mención á parte merece a existencia de catro sonetos hendecasílabos, os romances de arte maior “A galega en París” e “Pintura de feira”, os alexandrinos monorrimos de “Os gaiteiros de Montgomery” ou os hendecasílabos brancos de “Saúdo a Otero Pedrayo” e de “Alvariño”, neste último caso con algún heptasílabo a romper a regularidade e cun pareado que se repite a modo de estribillo para abrir e pechar o poema. Ademais, en “Xarabe tapatío” os pareados octosilábicos únense cun trazo para formaren versos hexadecasílabos. A única excepción dentro da querencia polo metro é “Rumba”, un texto polimétrico e branco.

A pegada neopopularista tamén é evidente no emprego de recursos repetitivos, estribillos e refráns, paralelismos e estruturas bímembres, aliteracións, anáforas ou figuras etimolóxicas. O imaxinario poético



Florencio e Inocencio Ferrer, seu veciño, tamén exiliado en México, no ano 1952.

bebe do hilozoísmo ou imaxinismo de Amado Carballo, aínda que con moita intuición estética e con maior acento xeórxico.

A lingua convértese nun dos riscos máis salientables na poesía de Delgado Gurriarán, pois ás características propias da época une a notable presenza de formas dialectais e, sobre todo, unha fervenza de americanismos. De feito, Carballo Calero afirma que algúns destes poemas son case bilingües por estaren escritos nunha especie de crioulo galego-mexicano, dada a considerable aparición de voces nahuatl. Tamén chama a atención, por ser aínda inusual na altura, o uso de estranxeirismos como *slalom* ou o enxeñoso e divertido xogo poético do poema intitulado “A galega en París”, no que se introducen numerosos galicismos, coa particularidade de estaren escritos tal e como serían ditos por calquera emigrante galego. Algo semellante acontece en “Paricutin” no que se introducen bastantes palabras do inglés americano na maneira que as pronuncian os mexicanos, de

modo que se intensifica o realismo do seu contido.

Malia ser o seu mellor libro, o certo é que esta obra poética de Delgado Gurriarán apenas tivo eco, nin naquela altura nin co transcorrer dos anos. De feito, a crítica tan só o cita como un dos continuadores da escola de Amado Carballo, nomeadamente polo seu libro *Bebedeira*, aparecido en 1934. Unicamente Carballo Calero se detén a enxuzar a súa obra, dedicándolle tres amplos parágrafos a *Galicia infinda*. Neles destaca que non posúe a unidade e a coherencia daqueloutro título de preguerra, ao conviviren direccións heteroxéneas que van do animismo ata a novidosa achega dos seus poemas mexicanos, pasando por poemas que recrean vellos motivos neorrománticos, axustados na forma á maneira de Ramón Cabanillas. Hai outros xuízos, que o lector pode ler en Ricardo Gurriarán [1999], mais ou ben son reiterativos na valoración estética ou ben apenas se deteñen nos versos e tan só subliñan datos biográficos básicos.

4. De *Cantarenas. Poemas 1934-1980* (1981) a *O soño do guieiro* (1986).

Cantarenas. Poemas 1934-1980, publicouse no ano 1981 en Edicións do Castro, por iniciativa do Instituto de Estudos Valdeorreses, do que o autor foi membro de mérito. Sen embargo, non ten maior interese que o feito de recuperar vinte poemas xa aparecidos no seu libro anterior. Desta volta, as composicións reeditadas aparecen con outra distribución, a maioría inseridas nunha serie intitulada “Valdeorresas (Cantarenas do val)”, agás tres composicións referidas ao viño que se inclúen noutro grupo denominado “Dionisias (Cantarenas do viño)”.

Tampouco é maior o interese que nos ofrece o libro intitulado *O soño do guieiro*, publicado por Edicións do Castro en 1986. Para nós, o ciclo poético de Florencio Delgado Gurriarán estaba dando mostras de esgotamento, hai reiteracións de ideas, repetición de esquemas poéticos xa ensaiados con anterioridade e unha evidente falta de frescura. Non podemos esquecer que desde 1976 xa eran outros os aires que se respiraban no discurso literario galego, onde poéticas como a súa eran olladas cun certo desprezo por seren anacrónicas. Boa testemuña do que afirmamos é o silencio case absoluto co que é recibida a súa obra anterior. Hai moito de inxustiza, mesmo histórica, nesta escasa recepción do seu estro, mais esa e non outra foi a crúa realidade.

Malia todo o dito con anterioridade, dos poemas incluídos en *O soño do guieiro* pódense salientar algunhas composicións. Velaí o

romance «Galiza ergueita», que fora publicado con pequenas variantes na revista bonaerense *Opinión gallega* e que está dedicado a Curros Enríquez no cincuentenario do seu pasamento, onde a presenza da figura bíblica de Xob constitúe un elemento clarificador a respecto da vontade de estilo de Delgado Gurriarán, porque amosa a súa capacidade de emprender o diálogo intertextual.

Outro texto importante no volume é o que dá título ao volume «O soño do guieiro», un poema que naceu con motivo do vintecinco aniversario do pasamento de Castelao e que se publicou no número extra que nesta data editou a revista *Galicia*, do Centro Gallego de Bos Aires. Os versos parten dunha paráfrase intertextual do capítulo XXXII do libro *Sempre en Galiza*, para salientar o incumprimento das arelas do dirixente galeguista. Do punto de vista estilístico é notable a utilización de repeticións e paralelismos e o dominio do léxico, así como os xogos intertextuais coa obra narrativa de Castelao *Os dous de sempre* ou con coñecidas imaxes de Pondal, a través de creacións míticas do noso bardo como Gundar.

Finalmente, no libro tamén se incluíron moitos dos textos poéticos que viran a luz baixo pseudónimo no *Cancioneiro da loita galega* (1943), novamente revisados no aspecto lingüístico. Deste feixe de poemas de combate o soneto «Alexandre Bóveda» é sen dúbida o que posúe un maior talento literario, malia o rendemento da ironía en «As cabalgadas do Farrucón Farruquiño», centrado na crítica mordaz á persoa de Franco.

Desta xinea antifranquista é tamén «Ranae solem», un poema que se



Florencio coa súa prole en 1954.

publica con notabilísimos cambios sobre a versión anterior, aparecida na revista bonaerense *Galicia*. Ricardo Gurriarán (1999: 339-342) explica con moito acerto e en detalle as razóns persoais e ideolóxicas desta reconversión.

2. A modo de conclusión

A obra poética de Florencio Delgado Gurriarán conforma, como xa se viu, un macrotexto poético propio, entretecendo unha sólida arañeira de relacións entre os poemas, entre os libros poéticos ou de toda a obra no seu conxunto. Malia estarmos a falar dunha obra de pouca extensión e abondo reiterativa, o certo é que o poeta valdeorrés elabora de maneira consciente un proxecto dunha poesía que poderíamos denominar exteriorista, dado que se trata dunha poesía de ampla temática, na que se inclúen todos os feitos históricos vividos, ben como protagonista ben como espectador de privilexio. Todo isto poetizado coa linguaxe cotiá, para que sexa comprensible para

toda clase de lectores, aos que quere facer copartícipes da loita liberadora do pobo, mais sen renunciar en ningún momento a desenvolver brillantes momentos poéticos nos que demostra o seu dominio das técnicas versificadoras e unha capacidade léxica abraiante, nomeadamente se temos de conta que boa parte da súa vida transcorre no exilio.

*¡Galicia é infinda!
Nosa Galicia é máis que toda a terra.
Non é xa o cativo currunchiño
que din escolas vellas.
Cómprenos desbotar antigos erros
fillos de mente estreita:
¡Galicia é infinda!*

*Bela estrada de ensoño,
con macadam de estrelas,
a Vía Latea é camiño
que leva a Compostela,
hoxe e outrora faro,
a cibdade ecuménica
que alumeón, na Europa,
trebas da Edade Meia.*

*Polo mundo espallados
van os netos dos celtas.
Dende a austral Buenos Aires
á parroquia labrega:
do New-York boligante
ás indianas ribeiras;
da pelica de touro
ata a China de lenda...
Dende o berce sabido
á final cova incerta:
os boscos do Amazonas,
caspadeiras brañegas,
do Courel as searas,
casi da veira do Sena,
de Hong-Kong as baiucas*

*as viñas valdeorresas,
coqueirás das Antillas
augas bacalloeiras...
Agros, mares e montes,
vilas, cibdades, cities, towns, aldeias,
os recantos do Mundo...
¡Todo é terra galega!
¡Galicia é infinda!
Noso meirande río non é o Miño,
galán a namorar moza ribeira,
nin o Sil, gabancioso do seu ouro
e do seu belo enfeite de cepeiras.
O Golf stream é o noso río meirande:
río que rega as xirxilantes veigas
e os carreiros de espuma
que ás sereias gorentan;
o dos risos de choiva,
garimoso de névoas,
que anda a apalparlle os peitos ás montañas
para folgarse coelas
e, afoutado, cobrilas,
pra ser pai de regueiros e fontelas.
¡Galicia é infinda!*

*Nosa Galicia é máis que toda a Terra
Galicia só limita coa Saudade,
elástica fronteira
que serve para o tempo e para o espacio
-onde un galego está, atópase ela-
mais que ninguén atravesala pode
inda que leve nos papés: poeta.*

GALICIA INFINDA, Ed. Galaxia, Vigo, 1963.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- ALONSO MONTERO, X., "As musas belixerantes do exilio", Prólogo a *Cançãoeiro da loita galega*, Edición facsímile, Sada, Do Castro, 1996.
- _____, *Os poetas galegos e Franco*. Estudio e antoloxía, Madrid, Akal, 1997.
- CARBALLO CALERO, R., *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1981, 3ª.

- FERNÁNDEZ, M., "A Poesía de Florencio Manuel Delgado Gurriarán", *Vieiros 1*, México, 1959.
- GAYOSO DÍAZ, "Limiar" en Delgado Gurriarán, F. M., *Cantarenas. Poemas 1934-1980*, Sada, Edicións do Castro, 1981.
- GURRIARÁN, R., *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*, Sada, Do Castro, 1999.

- MACEIRA FERNÁNDEZ, X. M., *A literatura galega no exilio. Consciencia e continuidade cultural*, Vigo, Edicións do Cumio, col. Crítério. Estudos de Literatura, 1995.
- MÉNDEZ FERRÍN, X. L., *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Xerais, 1984.
- SEGRE, C., *Principios de análisis del texto literario*, Barcelona, Crítica, 1985.



Raigame